



ESCOLA DE DOUTORAMENTO
INTERNACIONAL DA USC

Manuel
Rodríguez Rodríguez

Tese de doutoramento

O desenvolvemento dos
territorios de montaña das
serras de Queixa, San Mamede
e Montes do Invernadeiro
(1975-2015): enfoques
institucionais, políticas públicas
e percepcións comunitarias

Santiago de Compostela, 2024



ESCOLA DE DOUTORAMENTO
INTERNACIONAL DA USC

TESE DE DOUTORAMENTO

**O DESENVOLVIMENTO DOS TERRITORIOS DE
MONTAÑA DAS SERRAS DE QUEIXA, SAN MAMEDE
E MONTES DO INVERNADEIRO (1975-2015):
ENFOQUES INSTITUCIONAIS, POLÍTICAS PÚBLICAS E
PERCEPCIÓNS COMUNITARIAS**

Manuel Rodríguez Rodríguez

Director: Valerià Paül Carril

PROGRAMA DE DOUTORAMENTO EN HISTORIA, XEOGRAFÍA E HISTORIA DA ARTE

SANTIAGO DE COMPOSTELA

2024



AGRADECEMENTOS

Desexo expresar o meu máis profundo agradecemento a todas as persoas que dedicaron parte do seu tempo e dedicación a acompañarme durante esta tese de doutoramento.

En primeiro lugar, o meu máis amplo agradecemento a Valerià Paül Carril, director da presente tese, pola súa confianza e apoio para guiar o desenvolvemento da investigación. As súas orientacións e coñecementos foron fundamentais tanto durante todo o proceso como para a súa correcta finalización. Aprendemos moito xuntos desde o ano 2012, polo que as miñas máis sinceras grazas polo trato durante todo este tempo e o meu máximo respecto profesional. Foi un verdadeiro pracer pensar esta tese nas nosas saídas á montaña.

Aos Doutores Roberto Vila Lage e José Ignacio Vila Vázquez, colaboradores puntuais deste traballo, que me axudaron moito na parte técnica específica de elaboración de mapas mediante os correspondentes sistemas de información xeográfica, reflectida nos diferentes artigos que forman parte desta tese.

En especial quero agradecer por todo a miña familia. Aos meus pais, Manolo e Luisa, por darme todo nesta vida e ensinarme a adaptarme aos camiños da vida. Grazas por abrireme as portas do mundo e, en especial, por iniciarme a viaxar. Eles son os piares da miña vida, os que me mostraron que loitar é a mellor maneira de sentirse vivo e de ter a forza necesaria para continuar, os que nunca me fallaron, os que me acompañaron sempre e os que saben que completar este traballo significa estar en contacto co que realmente me gusta. Este traballo é un reflexo da miña vida con eles, polo que os considero tamén artífices del. Espero que entendan que en todo o que fago hai unha devolución polo moito que me ensinaron. Á miña avoa Luisa, que, aínda sen estar xa aquí comigo, podo sentir a súa presenza neste momento por aqueles veráns de aprendizaxe. A Erika, a quen coñecín buscando o meu destino, comezando unha tese e mil cousas máis non ano 2014, con quen comparto a miña vida. A África, quen sen pensalo converteuse nun agasallo de máxima felicidade persoal. Grazas por eses momentos xuntos e por esa ledicia abraiante.

Agradezo tamén as miñas amizades, polos moitos momentos que compartimos. Con especial agarimo a Manuel Nicolau, gran mestre, por ensinarme a ver a natureza a través das súas paisaxes e por gozar de todas esas viaxes auténticas en compañía. En fin, grazas a todas as persoas coas que tiveron algunha experiencia vital porque todas elas forman parte de min, entre as que se atopa a xente da contorna das Serras de Queixa, San Mamede e Montes do Invernadeiro, territorios onde Manzaneda ocupa un lugar especial.

Grazas ao deporte por ensinarme a loitar, a gañar e a perder. E, por suposto, unha mención especial á montaña, motivación fundamental desta tese. Grazas por dignificarme como persoa e representar para min unha escola de vida, de admiración e aprendizaxe.

A todos o meu maior recoñecemento e gratitude.

TÁBOA DE CONTIDOS

AGRADECEMENTOS	3
TÁBOA DE CONTIDOS.....	5
TÁBOA DE FIGURAS E TÁBOAS	7
RESUMO	9
RESUMEN.....	11
ABSTRACT	13
1. INTRODUCCIÓN	15
1.1. Xénese e xustificación da tese de doutoramento	15
1.2. Antecedentes de estudo.....	22
1.3. Obxectivos e hipóteses.....	29
1.4. Estrutura da tese de doutoramento por artigos.....	30
2. MARCO TEÓRICO	35
2.1. Fundamentos ontolóxicos: construtivismo social e invención da montaña	35
2.2. As concepcións institucionais e as políticas públicas das montañas	38
2.2.1. Precisións iniciais e orixes	38
2.2.2. A protección das montañas	40
2.2.3. O <i>aménagement du territoire</i> aplicado ás montañas de Francia	46
2.2.4. Últimos desenvolvementos: das zonas de agricultura da montaña ao paradigma da sustentabilidade	49
3. CONSIDERACIÓNS METODOLÓXICAS	55
3.1. Procedemento metodolóxico xeral.....	55
3.2. As entrevistas semiestruturadas	56
3.2.1. Introducción	56
3.2.2. A guía da entrevista.....	56
3.2.3. As persoas entrevistadas.....	60
3.2.4. O tratamento da información obtida.....	62
3.3. Outras técnicas de investigación.....	63
3.3.1. Traballo de campo e observación.....	63
3.3.2. Análise de textos e datos estatísticos.....	64

4. RESULTADOS.....	65
4.1. ART1	65
4.1.1. Referencia completa	65
4.1.2. Contribución do autor	65
4.1.3. Reprodución do artigo	66
4.1bis. ART1bis.....	78
4.1bis.1. Referencia completa.....	78
4.1bis.2. Reprodución do artigo.....	78
4.2. ART2	90
4.2.1. Referencia completa	90
4.2.2. Contribución do autor	90
4.2.3. Reprodución do artigo	91
4.3. ART3	100
4.3.1. Referencia completa	100
4.3.2. Contribución do autor	100
4.3.3. Certificado de aceptación	100
4.3.4. Reprodución da versión do artigo aceptada.....	101
5. DISCUSIÓN XERAL	137
5.1. Enfoques institucionais.....	137
5.2. Políticas públicas	138
5.3. Percepcións comunitarias	141
6. CONCLUSIÓNS XERAIS	143
6.1. Retoma dos obxectivos e das hipóteses.....	143
6.2. Limitacións do estudo	144
6.3. Perspectivas de futuro	146
6BIS. OVERALL CONCLUSIONS.....	149
6.1bis. Getting back to the Objectives and Hypotheses	149
6.2bis. Limitations of the Study	150
6.3bis. Future Prospects.....	152
REFERENCIAS.....	155

TÁBOA DE FIGURAS E TÁBOAS

Figura 1. Imaxe actual da Ribeira Pequena do Invernadeiro.....	16
Figura 2. A estación de esquí de Manzaneda.	17
Figura 3. Saída á serra de San Mamede nevada.	18
Figura 4. Fragmento do mapa de Tomás López (1784) correspondente á área de estudo.	23
Figura 5. Fragmento da folla «Monterey» do mapa de Domingo Fontán (1845) correspondente á área de estudo.	24
Figura 6. A delimitación canónica.....	27
Figura 7. A «Terra de Trives» oficializada pola Xunta de Galicia.....	28
Figura 8. Dúas intervencións territoriais seminais centradas na montaña.....	39
Figura 9. A Rede Natura 2000 en Galicia.	44
Figura 10. O modelo das catro xeracións de estacións de esquí.....	49
Figura 11. Os territorios da planificación da montaña catalá.....	51
Figura 12. As tres grandes estruturas panalpinas instituídas para a cooperación territorial transfronteiriza.....	53
Figura 13. Dous modelos de aspectos chave do desenvolvemento sustentábel da montaña....	54
Figura 14. Distribución dos perfís dos entrevistados.	61
Figura 15. Os clústeres de códigos.	62
Figura 16. O debuxo resultante da misión excursionista ao Invernadeiro de 1927.....	142
Figura 17. Dous momentos nos que se debuxou o parque natural para a área de estudo.....	145
Figure 17bis. Two moments in time when the natural park was drawn for the study area. ...	151

Táboa 1. Compendio de publicacións que configuran a tese de doutoramento..... 32

Táboa 2. Guía da entrevista..... 58

RESUMO

Investíganse a ordenación, a planificación e o desenvolvemento territoriais practicados nas Serras de Queixa, San Mamede e Montes do Invernadeiro, que constitúen conxuntamente un macizo montañoso ben discerníbel situado no sueste de Galicia, no período que descorre desde os anos 1970 até a actualidade. A maior parte deste ámbito atópase englobado na Zona de Especial Conservación (ZEC) do Macizo Central e, cunha superficie moito menor, na do Bidueiral de Montederramo. O enfoque escollido privilexia darlle voz aos actores locais mediante unha técnica de análise cualitativa asentada, aínda que non practicada antes na zona: as entrevistas semiestruturadas. Así, a perspectiva dos líderes da comunidade local resulta esencial, o que representa o principal aspecto innovador da investigación desenvolvida nas coordenadas teórico-metodolóxicas do construtivismo social en Xeografía. Deste xeito, asúmese o territorio como unha construción social, política e cultural.

Céntrase a análise en tres temáticas abordadas mediante os respectivos artigos autónomos, aínda que interrelacionados, na medida en que a tese de doutoramento opta polo procedemento do compendio de publicacións: a estación de esquí de Manzaneda, a conservación dos espazos naturais a través da chamada Rede Natura 2000 e as políticas públicas deseñadas para atallar o despoboamento perentorio do ámbito obxecto de estudo. Estas tres formas de ordenación, planificación e desenvolvemento territoriais constitúen ante todo esforzos xerados para reconducir a situación atrasada da área de montaña en termos socioeconómicos. Con todo, a tese constata globalmente a percepción local de inacción por parte das administracións públicas. De forma complementaria —e contraditoria—, esta percepción local defende que as accións gobernamentais puxeron a énfase en ferramentas inaxeitadas expostas desde unha perspectiva esóxena e alienada, que privilexiaron fórmulas non demandadas pola cidadanía, tales como o turismo.

O traballo realizado aséntase nuns puntos de partida comúns aos tres artigos mencionados. En primeiro lugar, a revisión dos antecedentes de estudo existentes sobre a zona, fundamentalmente relativos ao seu medio físico-natural e ambiental. En segundo lugar, un marco teórico compartido que expón tanto uns fundamentos ontolóxicos da investigación como un percorrido teórico sobre a bibliografía específica acerca da ordenación, a planificación e o desenvolvemento territoriais das áreas de montaña occidentais. En terceiro lugar, ofrécese as coordenadas metodolóxicas das 30 entrevistas semiestruturadas realizadas e explíctase como se levou a cabo o posterior tratamento dos materiais obtidos nelas.

Con respecto ao estudo da estación de esquí de Manzaneda, esta posiciónase en relación cos traballos desenvolvidos sobre a implantación do turismo de neve nos Alpes franceses mediante catro xeracións sucesivas, cada unha asociada ao seu particular modelo urbanístico. O caso galego, con máis de 50 anos de historia, xustificouse para incentivar o desenvolvemento da área de montaña na que se insire, mais a percepción local contradí este propósito. Doutra banda, detéctase un consenso acerca de que o futuro da estación de esquí semella moi controvertido nun escenario de cambio climático, por moitos investimentos públicos que se continúen a achegar.

No que se refire á investigación sobre a Rede Natura 2000 —a rede paneuropea de espazos protexidos instigada polas institucións comunitarias— implantada na zona, demóstrase que os actores locais non se senten partícipes da súa xestión e, de feito, mesmo descoñecen a súa propia

existencia. Achéganse neste senso un catálogo de críticas vertidas a ela no territorio, que se contrasta coa bibliografía específica ao redor do enfoque «de arriba abaixo» (*top-down*) mediante o que se tendeu a implantar a Rede Natura 2000 en todos os estados membros da Unión Europea (UE).

O terceiro traballo parte da revisión dos plans e documentos asimilábeis de ordenación formulados para a zona desde finais dos anos 1970, dirixidos en gran medida a evitar o seu despoboamento. Exponse en particular por que, se existe tal plétora de políticas deseñadas, produciuse igualmente unha perentoria diminución demográfica. Alén das consideracións xa efectuadas acerca da percepción de desacerto das políticas proturísticas e proteccionistas, neste terceiro artigo tamén se apunta a que a acción dos grupos de acción local (GAL), posteriormente grupos de desenvolvemento rural (GDR), creados ao abeiro da iniciativa LEADER da UE, tampouco se percibe localmente como efectiva en termos de desenvolvemento territorial. Parte deste fracaso pode estar debido a que os GAL/GDR consideraron as montañas como a súa zona periférica de actuación e centráronse en áreas perimetrais a elas tales como a Ribeira Sacra ou o Val de Monterrei.

A tese de doutoramento péchase mediante uns apartados comúns de discusión científica e conclusións. A investigación realizada globalmente contribúe a achegar un modelo autocentrado de ordenación, planificación e desenvolvemento territoriais para a zona derivado da escoita atenta practicada durante as entrevistas. Esta alternativa pasa por converter o sector primario en protagonista, redeseñar as actividades turísticas e reconfigurar o modelo herdado de xestión dos espazos naturais protexidos. Esta reconversión debería afectar a eventual transformación da ZEC en Parque Natural, ampliando o xa declarado nos Montes do Invernadeiro en 1997 ao conxunto do macizo.

RESUMEN

Se investigan la ordenación, la planificación y el desarrollo territoriales practicados en las Sierras de Queixa, San Mamede y Montes do Invernadeiro, que constituyen conjuntamente un macizo montañoso bien discernible situado en el sureste de Galicia, en el período que discurre desde los años 1970 hasta la actualidad. La mayor parte de este ámbito se encuentra englobado en la Zona de Especial Conservación (ZEC) del Macizo Central y, con una superficie mucho menor, en la del Bidueiral de Montederramo. El enfoque escogido privilegia darle voz a los actores locales mediante una técnica de análisis cualitativo asentada, aunque no practicada antes en la zona: las entrevistas semiestructuradas. Así, la perspectiva de los líderes de la comunidad local resulta esencial, lo que representa el principal aspecto innovador de la investigación desarrollada en las coordenadas teórico-metodológicas del constructivismo social en Geografía. De este modo, se asume el territorio como una construcción social, política y cultural.

Se centra el análisis en tres temáticas abordadas mediante los respectivos artículos autónomos, aunque interrelacionados, en la medida en que la tesis doctoral opta por el procedimiento del compendio de publicaciones: la estación de esquí de Manzaneda, la conservación de los espacios naturales a través de la llamada Red Natura 2000 y las políticas públicas diseñadas para atajar la despoblación acuciante del ámbito objeto de estudio. Estas tres formas de ordenación, planificación y desarrollo territoriales constituyen ante todo esfuerzos generados para reconducir la situación rezagada del área de montaña en términos socioeconómicos. No obstante, la tesis constata globalmente la percepción local de inacción por parte de las administraciones públicas. De forma complementaria —y contradictoria—, esta percepción local defiende que las acciones gubernamentales han puesto el énfasis en herramientas inadecuadas planteadas desde una perspectiva exógena y alienada, que han privilegiado fórmulas no demandadas por la ciudadanía, tales como el turismo.

El trabajo realizado se asienta en unos puntos de partida comunes a los tres artículos mencionados. En primer lugar, la revisión de los antecedentes de estudio existentes sobre la zona, fundamentalmente relativos a su medio físico-natural y ambiental. En segundo lugar, un marco teórico compartido que plantea tanto unos fundamentos ontológicos de la investigación como un recorrido teórico sobre la bibliografía específica acerca de la ordenación, la planificación y el desarrollo territoriales de las áreas de montaña occidentales. En tercer lugar, se ofrecen las coordenadas metodológicas de las 30 entrevistas semiestructuradas realizadas y se explicita cómo se ha llevado a cabo el posterior tratamiento de los materiales obtenidos en las mismas.

Con respecto al estudio de la estación de esquí de Manzaneda, esta se posiciona en relación con los trabajos desarrollados sobre la implantación del turismo de nieve en los Alpes franceses mediante cuatro generaciones sucesivas, cada una asociada a su particular modelo urbanístico. El caso gallego, con más de 50 años de historia, se ha justificado para incentivar el desarrollo del área de montaña en la que se inserta, pero la percepción local contradice este propósito. Por otro lado, se detecta un consenso acerca de que el futuro de la estación de esquí parece muy controvertido en un escenario de cambio climático, por muchas inversiones públicas que se continúan aportando.

En lo que se refiere a la investigación sobre la Red Natura 2000 —la red paneuropea de espacios protegidos instigada por las instituciones comunitarias— implantada en la zona, se demuestra

que los actores locales no se sienten partícipes de su gestión y, de hecho, incluso desconocen su propia existencia. Se aportan en este sentido un catálogo de críticas vertidas a la misma en el territorio, que se contrasta con la bibliografía específica acerca del enfoque «de arriba abajo» (*top-down*) mediante el que se ha tendido a implantar la Red Natura 2000 en todos los estados miembros de la Unión Europea (UE).

El tercer trabajo parte de la revisión de los planes y documentos asimilables de ordenación formulados para la zona desde finales de los años 1970, dirigidos en gran medida a evitar su despoblación. Se plantea en particular por qué, si existe tal plétora de políticas diseñadas, se ha producido igualmente una acuciante disminución demográfica. Más allá de las consideraciones ya efectuadas acerca de la percepción de desierto de las políticas proturísticas y proteccionistas, en este tercer artículo también se apunta a que la acción de los grupos de acción local (GAL), posteriormente grupos de desarrollo rural (GDR), creados al amparo de la iniciativa LEADER de la UE, tampoco se percibe localmente como efectiva en términos de desarrollo territorial. Parte de este fracaso puede estar debido a que los GAL/GDR han considerado las montañas como su zona periférica de actuación y se han centrado en áreas perimetrales a las mismas tales como Ribeira Sacra o Val de Monterrei.

La tesis doctoral se cierra mediante unos apartados comunes de discusión científica y conclusiones. La investigación realizada globalmente contribuye a aportar un modelo autocentrado de ordenación, planificación y desarrollo territoriales para la zona derivado de la escucha atenta practicada durante las entrevistas. Esta alternativa pasa por convertir el sector primario en protagonista, rediseñar las actividades turísticas y reconfigurar el modelo heredado de gestión de los espacios naturales protegidos. Esta reconversión debería afectar a la eventual transformación de la ZEC en Parque Natural, ampliando el ya declarado en Montes do Invernadeiro en 1997 al conjunto del macizo.

ABSTRACT

The study investigates the spatial planning, management and development practised in the Queixa, San Mamede and Montes do Invernadeiro mountain ranges, which together constitute a well discernible mountain massif located in the southeast of Galicia, in the period from the 1970s to the present day. Most of this area is included in the Special Area of Conservation (SAC) of the Massif Central and, to a much lesser extent, in that of the Montederramo's birch forest. The approach chosen favours giving a voice to local actors by means of a well-rooted qualitative analysis technique, but previously unpractised in the area: semi-structured interviews. Thus, the perspective of the local community leaders is essential, which represents the main innovative aspect of the research developed within the theoretical-methodological coordinates of social constructivism in Geography. In this way, the territory is assumed as a social, political and cultural construction.

The analysis focuses on three themes addressed in the respective independent but interrelated articles, insofar as the doctoral thesis opts for the procedure of a compendium of publications: the Manzaneda ski resort, the conservation of natural areas through the so-called Natura 2000 Network and the public policies designed to tackle the pressing depopulation of the area under study. These three forms of spatial planning, management and development constitute, above all, efforts to redirect the lagging situation of the mountain area in socio-economic terms. However, the thesis notes the overall local perception of inaction on the part of governments and other public bodies. In a complementary — and contradictory — way, this local perception argues that governmental actions have placed the emphasis on inadequate tools, which have been approached from an exogenous and alienated perspective, and which have favoured recipes not demanded by the citizens, such as tourism.

The work carried out is based on a series of starting points common to the three articles mentioned. Firstly, a review of the existing background studies on the area, fundamentally relating to its physical-natural and environmental context. Secondly, a shared theoretical framework which sets out both the ontological foundations of the research and a theoretical overview of the specific literature on spatial planning, management and development in Western mountain areas. Thirdly, it offers the methodological coordinates of the 30 semi-structured interviews carried out and explains how the materials obtained from these interviews were subsequently processed.

With regard to the study of the Manzaneda ski resort, it is positioned in relation to the work carried out on the implementation of snow tourism in the French Alps through four successive generations, each one associated with its own particular urban planning model. The Galician case, with more than 50 years of history, has been justified in order to encourage the development of the mountain area in which it is located, but the local perception contradicts this purpose. On the other hand, there is a consensus that the future of the ski resort seems very controversial in a scenario of climate change, regardless of how much public investment there continues to be.

With regard to research on the Natura 2000 Network — the pan-European network of protected areas instigated by the European Union (EU) institutions — implemented in the area, it is shown that local actors do not feel involved in its management and, in fact, are even unaware of its very existence. In this sense, a catalogue of criticisms of this approach in the area is provided,

which is contrasted with the specific literature on the ‘top-down’ approach through which the Natura 2000 Network has tended to be implemented in all the member states of the EU.

The third paper is based on a review of spatial planning and other similar documents formulated for the area since the end of the 1970s, largely aimed at preventing its depopulation. In particular, it asks why, if there is such a plethora of policies designed, there has still been a pressing demographic decline. Beyond the considerations already made about the perceived failure of pro-tourist and protectionist policies, this third article also points out that the action of local action groups (LAGs), later rural development groups (RDGs), created under the European Union’s LEADER initiative, is not perceived locally as effective in terms of spatial development either. Part of this failure may be due to the fact that the LAGs/RDGs have considered the mountains as their peripheral area of action and have focused on external areas such as Ribeira Sacra or Val de Monterrei.

The doctoral thesis closes with some common sections of scientific discussion and conclusions. The research carried out as a whole contributes to providing a self-centred model of spatial planning, management and development for the area, derived from the careful listening carried out during the interviews. This alternative involves making the primary sector the main player, redesigning tourism activities and reconfiguring the inherited model of management of protected natural areas. This reconversion should affect the possible transformation of the SAC into a Natural Park, extending the one already designated in Montes do Invernadeiro in 1997 to the whole of the massif.

1. INTRODUCCIÓN

1.1. XÉNESE E XUSTIFICACIÓN DA TESE DE DOUTORAMENTO

As Serras de Queixa, San Mamede e Montes do Invernadeiro están situadas no sueste de Galicia. Coñecidas na actualidade de forma maioritaria como «Macizo Central» —ás veces co engadido *ourensán*—, responden ao paradigma da montaña dos países occidentais: un espazo despoboado e atrasado no que desde o sector público se deseñan intervencións de ordenación, xestión e desenvolvemento territoriais para superar o diferencial cos ámbitos considerados dinámicos (Sacareau, 2003; Debarbieux e Rudaz, 2010; Bordessoule, 2019). Esta tese de doutoramento destínase ao seu estudo nunhas coordenadas que vou sistematizar neste subapartado inicial. No entanto, é o momento acaído para indicar que estou convencido que non se pode nin debe desligar este esforzo investigador sostido durante moitos anos da intensa vivencia destas terras case desde que teño memoria. Por iso, nos vindeiros parágrafos expresarei o que as serras significan en min, para deste xeito ir debullando xa os propósitos científicos que foron abrollando ao longo do tempo. Esta forma de proceder enmárcase, tal e como defenderei nestas páxinas, nomeadamente no subapartado 2.1, no convencemento que a percepción subxectiva resulta esencial para a abordaxe das montañas. Este subapartado 1.1 é, dito sexa de paso, o único desta tese no que me expreso en primeira persoa.

O meu achegamento a estas serras comeza desde moi neno, cando visitaba cada dúas semanas a vila familiar de Monforte de Lemos, onde se criaran meus pais e residían as miñas avoas respectivas. Nos camiños de volta en coche a Ourense, cidade na que nacín e vivín a infancia e a adolescencia até que con 18 anos marchei a estudar á universidade en Santiago de Compostela, podía divisar tras dos cristais o horizonte nítido dun conxunto montañoso descoñecido, mais que sobresaía do resto. Agora, e por pura coincidencia, vivo a media ladeira da que hoxe sei que é a Serra de Meda, o muro que se ergue de súpeto, cunha potencia de 500 m, por riba da depresión de Maceda —un ámbito pertencente aos vales, as zonas baixas e as depresións tectónicas nas que se sitúa Ourense—, e por baixo do Alto do Rodicio (951 m), a portela por excelencia do «Macizo Central» vindo desde o oeste. Igualmente, desde a pequena aldea materna de Vilamaior (Monforte de Lemos), identificaba ben unha extensa liña montañosa por riba do Val de Lemos que tamén descoñecía e que agora sei que son as Serras de Queixa, San Mamede e Montes do Invernadeiro. Aquela perspectiva cara ao sur do que hoxe interpreto como a cara norte do meu territorio de estudo foi se cadra a miña primeira ollada destas montañas. Lembro ese desexo de infancia de chegar ao seu cume ou, cando menos, de aproximarme algún día a ese lugar. O que non podía nin intuír daquela era que nunha etapa da miña vida as estudaría, nun primeiro momento atraído pola súa beleza natural e paisaxística e, finalmente, cunha achega académica en forma de tese de doutoramento.

Neste punto, teño que salientar tamén aquela visita de fin de curso en 1996 que fixen co meu colexio ao Invernadeiro e que aínda lembro, pois representou para min un momento especial de conexión con estas montañas. Nos anos 1990 a intensa actividade educativa relacionada coa defensa e conservación da natureza desenvolvida naquel territorio (Paül, 2009) era unha novidade en Galicia. Impresionoume logo a implantación da marca «Parque Natural» para ese ámbito, en 1997, devida unha sorte de fantasía conservacionista —e promocional—, de xeito que comezou a estar latente en min a cuestión que acabou xurdindo tamén nestas páxinas: por que non estendelo ao conxunto montañoso no que se insire? Percorrer aqueles camiños

forestais, sufrir durante o día as altas temperaturas estivais, bañarse no encoro das Portas ou gozar das frescas noites son algunhas das lembranzas que permanecen en min daqueles días. Despois viñeron moitas visitas máis, non só ao Invernadeiro (figura 1), senón a outros recunchos destas paisaxes, en moitas ocasións xa como guía de montaña e turístico, mais tamén con familiares e amigos. Atreveríame a dicir que coñezo lugares deste inmenso territorio duns 700 km² que moi pouca xente visitou.

Figura 1. Imaxe actual da Ribeira Pequena do Invernadeiro.

O Invernadeiro é unha das miñas primeiras vivencias do corazón das serras, hai máis dun cuarto de século, da que gardo unha lembranza particularmente intensa. Esta imaxe correspóndese cunha das veces que volvíñ a el, xa traballando como guía de montaña e turístico.



Fotografía propia (6/4/2016).

Asemade, desde un lustro antes ca 1996, producíronse as saídas familiares á neve, cos meus pais, onde moitos fins de semana invernaís visitabamos a estación de montaña de Manzaneda. A ela siño a ir ás veces, cando os actuais invernos presentan innivación (figura 2). Tal e como se verá algo máis adiante, traballei arreo academicamente sobre esta estación no marco da presente tese de doutoramento cunha aproximación inédita desde a perspectiva científica social. En todo caso, debo subliñar que en Manzaneda aprendín a esquiar e débolle á miña familia eses momentos de ledicia que me abriron a porta para descubrir posteriormente moitos dominios esquiábeis da Península Ibérica e, polo tanto, a súa xeografía das montañas con moita profundidade.

Tamén a finais da etapa da educación primaria levei da biblioteca do Colexio Público Albino Núñez de Ourense, un libro sobre o K2 do que lamentabelmente non lembro o título. Considero que a súa lectura foi o inicio ou a responsábel de todo. Este libro estivo irregularmente na miña casa durante meses; mesmo aínda sinto un afastado sentimento de culpa por apropiación indebida, aínda que finalmente o devolveuse. Marcoume para sempre. Nunca saberei por que escollín ese libro, ao cal lle estou tremendamente agradecido, xa que me permitiu coñecer lugares inimaxinábeis, chegar a límites inacadábais e establecer as bases fundamentais da miña existencia. Desde daquela, calquera montaña provócame unha atracción sublime e inexplicábel, á marxe da súa altura, orientación, forma ou composición.

Así, desde o corazón da Serra de Queixa e con ela no corazón, puiden soñar e logo coñecer algúns dos lugares de montaña máis fermosos do planeta. Con esta tese de doutoramento, trato de devolverlle ás Serras de Queixa, San Mamede e Montes do Invernadeiro parte do que elas

me achegaron, en base ao que aprendín até o de agora en diferentes lugares do mundo e das lecturas que fun facendo, a partir daquel libro iniciático sobre o K2. Guíame sempre o interese polas relacións entre as persoas e a natureza —neste caso, a montaña—, unha combinación ou mestura conflitiva que estou persuadido que constitúe o celme da Xeografía, disciplina á que me fun aproximando nos últimos anos e na que se insire esta tese de doutoramento.

Figura 2. A estación de esquí de Manzaneda.

De cativo, acudín moitas veces a Manzaneda, onde aprendín a esquiar. Agora vou menos, se cadra porque fun a outras estacións de esquí e desmitifiquei este lugar inicial. No entanto, sigo a escapar ás veces unhas horas, cando hai neve. Non pode sorprender que este complexo turístico constituía un dos lugares centrais da presente tese de doutoramento.



Fotografía propia (16/4/2012).

Á marxe do explicado até aquí, as Serras de Queixa, San Mamede e Montes do Invernadeiro chamaron a miña atención desde hai moito tempo por diferentes razóns. En primeiro lugar, independentemente das visitas iniciais que como neno ou adolescente me levaron a descubrilas, as súas paisaxes de media montaña inspiráronme a curiosidade e, en último lugar, motiváronme para profundar nelas, xa na década dos 2000. Especialmente atraentes foron as nevaradas invernais que aproximan este territorio á alta montaña (figuras 2 e 3), onde destacan as pegadas do glaciario en diferentes vales e abas, e que saciaron de entrada a necesidade fundamental que todo montañeiro posúe de conectar visualmente coa imaxe inserida na cabeza do que é a montaña alpina. Visitando as serras, seduciúme sempre esa inmensa sensación de soidade, de afastamento e desconexión co mundo ourensán mais típico de vales e ribeiras, e de aldeas —e agora casas e núcleos (peri)urbanos dispersos— por todas bandas. Porque o silencio é un atributo esencial destas serras, o que confirma a pertinencia do marabilloso título de Martínez de Pisón e Álvaro (2002): o sentimento da montaña é a soidade.

Tamén me impresionaron ao longo dos anos os recunchos salvaxes que se poden atopar en diferentes puntos da súa xeografía, así como a crueza dos abondosos asentamentos abandonados (figura 3). Para min, estes últimos atesouran moito: a expresión máxima dos procesos de despoboamento e éxodo rurais, o pasado que esmoreceu, a proba evidente de que a paisaxe das serras está intensamente humanizada, a memoria que perdura na xente da contorna e o calafío que se xera no corpo, sobre todo se se visitan os lugares en inverno, pensando na vida dura de antano. Grazas a esta tese, deinos censado, dirixíndome a todos eles, onde fixen fotografías de forma sistemática (figura 3). Tentei, desta forma, modestamente contribuír á súa dignificación e á súa fixación nun texto, malia que os muros que os sustentaran estean a caer.

Figura 3. Saída á serra de San Mamede nevada.

A finais de xaneiro de 2018, con Valerià Pail fixemos unha excursión memorábel na que falamos arreo desta tese de doutoramento, mentres gozabamos da imaxe da capela do cumo da serra cuberta de neve, así como tamén o estaba o refuxio que tanto representa na actividade montañeira no territorio. Unha hora despois, logo dunha baixada algo dura pola neve acumulada nalgúns treitos de forte pendente, chegamos ao Teixedo, aldea abandonada na que se impón o silencio.



Fotografías propias (27/1/2018).

A idea de desenvolver unha tese de doutoramento sobre estas montañas xorde durante a realización do Mestrado en Dirección e Planificación do Turismo de Interior e de Saúde na Universidade de Vigo, en Ourense, no ano 2012. Lembro perfectamente a miña proposta ao que acabou sendo o director desta tese de doutoramento para que dirixise daquela o meu traballo de fin de mestrado, que, porén, rexeitou por motivos de saturación e de carga de traballo. A materia que cursei con el, relacionada co turismo da/na natureza, resultou de gran relevancia e foi unha experiencia importante para continuar polo camiño da formación e da investigación tanto no ámbito académico como profesional. Intereseime polos seus traballos que puideron atopar por Internet; e algún dos seus artigos —nomeadamente o xa mencionado, referido ao Invernadeiro, no que fala dos proxectos de ampliación do Parque Natural a todo o conxunto das Serras de Queixa e San Mamede (Paül, 2009)— resultou decisivo para orientar unha potencial investigación en forma de tese á escala que aquí adopto.

Posteriormente, xa durante unha etapa en Madrid en 2014 para completar un segundo Mestrado en Espazos Naturais Protexidos, incorporei unha visión conservacionista que pasou a formar parte da miña identidade constitutiva. Na actualidade, esta lévame a amosarme favorábel con argumentos non só a ampliar a protección do Parque Natural existente desde finais dos anos 1990 (Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, 1997) a todas as serras, senón á necesidade de mellorar arreo a súa xestión e ordenación en tanto que espazo natural protexido pertencente á Rede Natura 2000. Esta última é a categoría actual aplicábel que afecta un territorio máis amplo, oficialmente, 46.983 ha e 1.984 ha correspondentes con dous espazos distintos contiguos —Zonas de Especiais Conservación Macizo Central e Bidueiral de Montederramo, respectivamente—. Para maior sarillo, a Xunta decidiunos tramitar como pertencentes a rexións bioxeográficas diferentes e, polo tanto, foron aprobados en orixe como Lugares de Interese Comunitario con dous anos de diferenza (Comisión de las Comunidades Europeas, 2004, 2006). Este interese pola conservación tamén se manifesta con forza nesta tese de doutoramento, pois resulta un dos seus focos de estudo fundamentais, tal e como se verá máis adiante.

Debo destacar tamén que traballar como guía turístico e de montaña por estas serras —estou titulado como tal, respectivamente, en 2010 e 2014— resulta outro factor relevante á hora de emprender o camiño da tese. Desde 2010 compaxino diferentes actividades profesionais de xestión privada, inicialmente, e pública, despois, co guiado personalizado no campo do turismo de natureza e de montaña tanto na Ribeira Sacra como na montaña ourensá, sobre todo, aínda que tamén traballo noutros lugares, organizando viaxes de autor a través da marca persoal *Ambulare*. Queixa, San Mamede e O Invernadeiro forman desde o inicio un destino de referencia para o desenvolvemento desta actividade, polo que as considero con especial estima nas saídas que ao longo de todos estes anos propuxen, nomeadamente en outono e primavera.

O traballo de guía polas serras adiante enriqueceume dunha forma infinita e permitíume afondar nos lugares máis emblemáticos, mais tamén nos menos coñecidos, tratando con persoas que me achegaron visións moi plurais sobre a área de estudo. Turistas, visitantes e viaxeiros foráneos, por un lado, e habitantes ou coñecedores profundos destas montañas, por outro, posibilitáronme incorporar múltiples arestas e elementos de coñecemento material e inmaterial sobre un territorio marcadamente esquecido. Nestes anos puideron descubrir o inmenso arquivo que agochan Queixa, San Mamede e O Invernadeiro: animais míticos e iconográficos, coma o lobo, o oso ou as grandes rapaces; plantas coma os acivros ou os bidueiros, mais tamén as uces (breixos), que marcan a paisaxe do macizo, co momento especial da floración —levo anos propondo trasladar o concepto de *Superbloom* dos Estados Unidos aquí—; a cultura única de montaña materializada no pastoreo e nas actividades tradicionais da serra, sempre relacionadas coa estacionalidade marcada da agricultura de montaña ou coas celebracións relixiosas ou

pagás; e, por citar unha cuarta instancia, o pasado de enfrontamento ideolóxico que marcou a historia recente tanto española como galega no que estes territorios serviron de refuxio de fuxidos. A través de todas estas abordaxes tamén me fun convencendo intimamente de que a tese debía, de forma necesaria, partir da xente que vive, experimenta e/ou coñece o territorio. Desde o comezo do desenvolvemento desta tese de doutoramento no mes de outubro de 2017, logo de falalo co meu director, optei pola modalidade por artigos de acordo co regulamento daquela vixente da Universidade de Santiago de Compostela ao efecto, que cambiou na súa práctica totalidade en dúas ocasións durante todo este tempo (2020 e 2024). Os detalles relativos ao que isto implica ofrecéronse no subapartado 1.4, mais polo de agora desexo explicitar as tres grandes temáticas investigadoras adoptadas, correspondentes con cadanseus artigos distintos, tal e como se sistematizará máis adiante, nese subapartado indicado. Antes, no entanto, quero subliñar que a abordaxe investigadora derivada de todo o que acabo de expor nas páxinas anteriores prima darlle voz ás persoas. Trátase, pois, dunha investigación cualitativa, tal e como terei ocasión de desenvolver no apartado 3 desta tese. Deste xeito, adopto unha perspectiva que privilexia as percepcións locais, en lugar de optar por sobreimpor a miña lectura en tanto que doutorando. En concreto, a forma de traballar a través de entrevistas semiestruturadas en profundidade derivábase dalgunhas das primeiras lecturas de traballos do meu director, tanto sobre o rural galego en xeral, nomeadamente Paül (2013), como sobre as montañas próximas ás miñas: o Gerês/Xurés, en particular Trillo e Paül (2016, 2017) e Paül e Trillo (2019), e Trevinca, sobre todo Paül, Trillo e Haslam McKenzie (2019) e Paül e Trillo (2022). Algúns destes textos púidenos ler con anterioridade á súa publicación definitiva. Cunha aproximación metodolóxica semellante, tento afrontar nas seguintes páxinas o estudo doutro territorio de montaña particular.

Comecei a investigación abordando o estudo da estación de esquí de Manzaneda, a única existente en Galicia. Considerada durante décadas a salvación dunha rexión de montaña en situación crítica e implantada mediante unha intervención urbanística contundente alá onde non había ningún asentamento previo, pensei que a podía estudar comparándoa e contrastándoa coas outras estacións de esquí a través do modelo máis difundido de clasificación evolutiva delas xerado nos Alpes franceses. O contraste entre Manzaneda e os Alpes nace das lecturas en estritos termos académicos (véxase o subpunto 2.2.3.1), mais tampouco se pode desligar das miñas experiencias como esquiador alpino. Neste punto, resulta relevante subliñar que a estación de Manzaneda, a pesar de contar con máis de medio século de historia e de constituír o maior intento de desenvolvemento territorial da montaña galega, nunca fora obxecto de investigación académica até esta tese de doutoramento. O seu estudo interesoume desde un primeiro momento. A medida que profundei no traballo investigador sobre a estación descubrín que se xerou un silencio significativo ao seu redor, nomeadamente ao redor do inxente uso de recursos públicos para o seu sostemento a medio prazo en tanto que elemento dinamizador ou de desenvolvemento territorial que se repite que é, ou debe ser. Hai que recoñecer que non foi doado conseguir informantes chave.

Continuei o meu percurso investigador cos perímetros de espazos naturais protexidos, nomeadamente os xa mencionados da Rede Natura 2000, no seo do paradigma da conservación dos hábitats e das especies que desde mediados do século pasado provocou un aumento exponencial na creación de áreas naturais protexidas a nivel internacional (Depraz, 2008; Adams, 2020). Como xa expliquei, neste caso o segundo mestrado que cursei me decantou para esta temática, mais tamén resoan aquí as vivencias persoais ao redor da marca «Parque Natural», aínda que esta estea moi circunscrita a menos do 10% do conxunto das montañas estudadas. Alén disto, desde a miña experiencia persoal, constato que a xente da zona descoñece a súa simple existencia: este foi o punto de partida desta liña investigadora concreta. A través

dela, procuro interpretar a distancia enorme que existe entre as publicacións gobernamentais ou oficiais e a lexislación, dunha banda, e a xente, da outra. Ademais, lévase falando desde que teño memoria ao respecto da ampliación do Invernadeiro para cubrir todas as montañas, o que conduce a unha pregunta que paira tamén nestas páxinas: por que iso non aconteceu e, simplemente, quedou como un espazo máis da Rede Natura 2000?

En terceiro lugar, resulta evidente que a percepción social e institucional do territorio obxecto de estudo pasa indefectiblemente polo despoboamento, cunha evolución demográfica moi recesiva que calquera estudo estatístico detecta. Tamén me referín xa á impresión que sempre me produciu atopar aldeas abandonadas en diferentes vales do macizo. Esta sensación marcóme á hora de valorar a necesidade de tratar o despoboamento nas Serras de Queixa, San Mamede e Montes do Invernadeiro e levóme, en última instancia, a activar este tema na tese de doutoramento. De feito, no primeiro dos plans que coñecemos *ad hoc* para o territorio, datado en 1981, xa se fai esa previsión, literalmente fálase dunha pronta «desaparición practicamente irreversible de algunos asentamentos» (CEOTMA, 1981: 45). A cuestión de investigación obvia que xorde é: por que, se iso está tan claro desde hai catro décadas e elaboráronse varios plans para atallalo, a baixada de residentes seguiu de forma indefectíbel?

Neste punto, penso que se pode xustificar xa explicitamente o título da presente tese de doutoramento: estúdanse nelas os enfoques institucionais (turístico, conservacionista, etc.) e as políticas públicas concretas (plans de ordenación, investimentos, etc.) relativos ao desenvolvemento da zona a través da percepción comunitaria. A cronoloxía sitúase de partida na década de 1970, porque é cando se inaugurou a estación de esquí e cando se realizaron os estudos conducentes ao plan de ordenación seminal, xa mencionado, de CEOTMA (1981). Asemade, o propio título da tese e as explicacións achegadas até aquí permiten apuntar a pregunta xeral que guía estas páxinas: por que, se existiron sucesivos enfoques institucionais e diferentes políticas públicas para o desenvolvemento do territorio de estudo no último medio século, a percepción comunitaria xeral é de fracaso?

A miña formación inicial como economista, especializado co paso do tempo en desenvolvemento territorial principalmente a través da xestión do turismo e dos espazos naturais protexidos (temas que se corresponden cos dous mestrados que cursei), levóme a enfocar esta tese a través destas tres temáticas específicas indicadas. A idea de aplicar á montaña ourensá a formación adquirida nos eidos da Economía, o Turismo e a Ecoloxía da Conservación, case sempre fóra do meu Ourense natal, achegando coñecemento sobre un territorio co que me identifico, é a principal motivación que me mantén academicamente activo desde hai sete anos.

Neste sentido destaco a inexistencia de investigacións previas cun enfoque coma este sobre a zona montañosa analizada. Como xa dixen, quixen falar de estacións de esquí porque ninguén escribira en Galicia nada ao respecto. Asemade, procurei destacar que os traballos escritos sobre espazos naturais protexidos en Galicia tenden a obviar a perspectiva da xente que vive neles ou nas súas inmediacións, malia que nesta óptica xa hai traballos levados a cabo por outros estudantes de doutoramento —algúns xa doutores— dirixidos polo meu director, tales como Agrelo e Paül (2018) para a illa de Cortegada, Cidrás e Paül (2022) para as Fragas do Eume ou Vila Lage (2024) para o Guadarrama. En último lugar, perseguín expor a realidade poboacional dunha zona montañosa cunha marcada diminución demográfica desde a perspectiva da xente do territorio, isto é, evitando os habituais traballos que se limitan a centrar no procesado de datos estatísticos cuantitativos. Recentemente, Font (2023), con *Las Españas despobladas* —verdadeira «contra xeográfica» ao xa famoso *La España vacía* de del Molino (2016)—, atreveuse a transitar nesta dirección, aínda que non considera a zona de estudo deste traballo. A súa lectura foime especialmente acaída nun estadio avanzado da elaboración desta tese

porque achega, de forma secundaria no ensaio mais central neste texto, unha tipoloxía propia de estacións de esquí (véxase o subpunto 2.2.3.1).

Antes de rematar esta xa longa de máis xénese e xustificación da presente tese de doutoramento, desexo mencionar que, como en todo traballo investigador, atopei no meu camiño puntos e momentos críticos ou de dificultade. O primeiro deles é inherente ao labor propio de investigación e está relacionado coa resiliencia persoal ante a falla de resultados a curto prazo. O traballo de pescudar é de longo percorrido, no meu caso desinteresado desde a perspectiva crematística, e baséase só na satisfacción persoal e, tamén, nun certo orgullo por dar acadado o máximo nivel académico posíbel dentro do sistema educativo instituído.


Por outro lado, a pandemia provocada polo virus COVID-19 suspendeu moito o desenvolvemento dos traballos da tese. Sobre todo víronse afectados os traballos de campo en forma de entrevistas, así como as consultas de arquivo, con limitacións no acceso a documentos nas administracións que chegaron até entrado 2022. Asemade, nunha tese por artigos como esta, as relacións coas diferentes revistas científicas en termos de correspondencia, revisión e aceptación de artigos resultaron críticas. En particular, isto afectou o primeiro dos artigos, mandado a unha revista de referencia na materia (*Journal of Alpine Research/Revue de géographie alpine*), xusto cando comezou a pandemia e eu me atopaba no terceiro curso do doutoramento. O proceso sufrido foi realmente descorazonador, con falla de resposta por parte dos editores/as e dilacións de meses e mesmo anos en rondas sucesivas con avaliadores/as a cegas distintos/as, que se contradicían entre eles/as. Este longo período de tres anos, ao meu parecer, demostrou unha falla clara de ética e deontoloxía de primeiro nivel no eido científico. Como o artigo estaba en proceso e os cambios demandados en teoría eran menores, iso impedía avanzar. Honestamente, pensei en abandonar o doutoramento en todo ese tempo, mais en 2023 demos un golpe de temón, retirando o traballo desa revista e enviándoo a outra, que procedeu de forma normal, xa en paralelo ao inicio do proceso do segundo.

A todo o devandito teño que engadir un feito marabilloso mais moi retardante nesta tese: a paternidade da miña filla África, a finais de 2019, que limitou os tempos de avance en diferentes sentidos que non é preciso detallar. Amais, desde 2017 a 2024, fixen múltiples traslados de domicilio por motivos tanto laborais como familiares. Traballei en Braga (Portugal) —nun posto que me esixía moverme de forma habitual por Galicia e o Norte de Portugal, en particular pola raia húmida—, Madrid —con constantes desprazamentos laborais a distintos parques nacionais por España adiante e tamén ás cidades norteafricanas de Ceuta e Melilla— e, finalmente, agora estou en Manzaneda (Ourense). Este último destino laboral resulta posibelmente o mellor lugar para pór fin a esta aventura investigadora coa que penso que se pecha un ciclo importante da miña vida.

1.2. ANTECEDENTES DE ESTUDO

Nas achegas xeográficas e cartográficas premodernas o territorio abordado nesta tese de doutoramento non semella asumirse como un conxunto orográfico coherente, senón como distintas serras desvinculadas. En efecto, no coñecido mapa de Galicia de Tomas López de 1784, represéntase cara ao oeste do ámbito a «Sierra de San Mamed» de forma preeminente, mediante relevos realzados, e sitúanse, ademais, os «Montes del Hivernadero» ao seu sueste e, na franxa máis oriental, a «Tierra de Queija», en todo caso «terra» —corónimo moi habitual en Galicia (Otero Varela, 2023a)—, e non «serra» (figura 4). Salientar deste xeito San Mamede pode deberse á potencia visual que alcanza na paisaxe desde poñente, mais tamén a que este mapa de finais do século XVIII baséase nas súas cartografías diocesanas previas (Méndez Martínez, 2005) e na de Ourense —de 1763— concedíáselle un valor de límite do bispado (Lois González e Paül, 2016).

Figura 4. Fragmento do mapa de Tomás López (1784) correspondente á área de estudo.



Fonte: <https://www.ign.es/web/catalogo-cartoteca/resources/html/028426.html> (acceso o 24/9/2024).

Igualmente, resulta ilustrativo que nun texto de principios do século XIX se sosteña o seguinte:

La region del rio Limia forma las admirables y espaciosas llanuras de este nombre al pie de la elevadísima sierra de San Mamed [...]. No he averiguado la altura de las diferentes cordilleras respecto al nivel del mar, porque en mis viajes no hubo lugar para tales observaciones; pero en general puedo decir que las sierras de Galicia no son de una elevacion extraordinaria, no llegando ninguna á la nieve perpétua. Solo los Picos de Ancares y la Peña Trevinca, ambas sobre los confines orientales de Galicia, conservan alguna nieve hasta mediados del estío; á estas siguen en altura la cumbre de San Mamed y la gran sierra del Invernadero, cuyas cimas tampoco son transitables sino en el rigor del verano, despues siguen la sierra de Queija [...]. (Schulz, 1835: 7).

Así pois, a «elevadísima» serra de San Mamede séguese a situar nunha posición preeminente e indícase que tanto ela como O Invernadeiro son intransitábeis en inverno, quer por esaxeración, quer pola friaxe do final da Pequena Idade do Xeo. Queixa xa aparece como serra. No recoñecido mapa de Fontán de 1845 as altitudes xa están corrixidas e aparece a «Cabeza de Manzaneda», así denominada nun orónimo que desde entón consolidarase, tradicionalmente A Cabeza Grande (de Maceda de Trives, topónimo xa castelanizado como Manzaneda en época moi temperá segundo Costas, 2016: 50). A súa altura figura en varas castelás ($2.126 = 1.775$ m) case igual á real (1.781 m), e representada como máxima cota dunha «Serra de Queija» cartografada como tal e cunha disposición e magnitude máis veraces ás de Tomás López (figuras 4 e 5). Á súa vez, Fontán mide San Mamede correctamente máis baixo, con 1.934 varas

castelás (1.615 m, 1.616 m reais), e dispoña de forma subsidiaria á primeira. Tampouco faltan en Fontán os “Montes do Ymbernadero”, tamén marcados como desprendidos de Queixa.

Figura 5. Fragmento da folla «Monterey» do mapa de Domingo Fontán (1845) correspondente á área de estudo.



Fonte: <http://galiciana.bibliotecadegalicia.xunta.es/es/consulta/registro.cmd?id=6757> (acceso o 25/9/2024).

Co desenvolvemento da Xeografía moderna a principios do século XX reconfigúrase esta visión herdada. Dunha banda, confíreselle a este ámbito un valor estruturante para o conxunto do relevo galego, dispoñéndoo como nó orográfico articulador dun territorio amplo (Lois González e Paül, 2016). Doutra banda, e seguramente consecuencia do anterior, as serras ás que nos estamos referindo agrúpanse baixo unha mesma unidade de relevo, denominada *macizo*, noción que con alta probabilidade se toma da Xeografía rexional francesa. Dito sexa de paso, este *macizo* case sempre se sitúa no interior doutro *macizo* máis amplo que abrangue case toda Galicia. Dous textos claves desta época falan nos seguintes termos:

[F]orma accidente geográfico muy interesante, por constituir la *clave* de toda la orografía del reducto gallego, el macizo de San Mamed, del que son alineaciones una serie de ásperas montañas, proyectadas en sentidos divergentes, altas, de bravía estructura y de contrastes vigorosos y bizarros, las cuales envían aguas en todas direcciones. [...]

Para el geógrafo resulta un espectáculo severo y magnífico la contemplación de cimas y precipicios en estas sierras de San Mamed, de Queixa y montes del Invernadero y de los panoramas admirables que en sus senos se guardan. Sobremanera quebrado y desigual es el terreno en esta parte.

La orientación del macizo es la del SE. al NO.; no es extenso, pero sí fragoso. [...]

Desde las cumbres de esta culminación [cume de San Mamede] se otea un grandioso panorama que comprende montañas ásperas, valles extensos y feraces y el vecino reino. El río Arnoya recoge aguas de lo más encumbrado de la sierra por su cara occidental, despeñándose por precipicios que producen vértigo, mostrando en sus honduras parajes escabrosísimos.

Derivan del macizo: la Sierra de Queixa con su pico Seixo, que remata en la empinada cumbre del *Cabezo grande de Manzaneda* y a la cual van unidas las intrincadas montañas del Invernadeiro, con sus valles de gran belleza, como el Acebral del Figueiro, de vegetación espléndida y bosque bravío, [...] en donde jamás los rayos del Astro Rey penetraron y los cuales ofrecen abundante caza de jabalíes y corzos. (García Rey, 1928: 15-16; cursivas orixinais).

De la Cabeza de Manzaneda, o Cabeza Grande, como se la suele llamar en el país, altura principal de la sierra de Queixa (1.778 metros), se pueden derivar, no sólo todas las líneas de montañas de la provincia, sino todas las del macizo galaico [...]. Como visión de conjunto, acudiremos para ello al famoso e insustituible mapa de Galicia, de Fontán.

La sierra de Queixa se halla [...] en el corazón de la provincia. El arrumbamiento de su eje es el de NE. a SO., y le podemos calcular, *grosso modo*, una longitud de unos 18 kilómetros al eje del macizo principal. [...] La vertiente S. de la sierra de Queixa, en su eje principal, que da hacia Verín y Viana, forma los montes del Invernadeiro.

La sierra de San Mamed se une con la de Queixa en el extremo SO. del eje de ésta y en dirección sensiblemente normal a ella [...]. Tiene unos 15 kilómetros su eje, y culmina en San Mamed con 1.617 metros.

Este macizo de las sierras de Queixa y San Mamed [...] tiene [...] la importancia d[e] nudo central [...] en Galicia. (Risco, 1936: 34-36).

O macizo aparece no primeiro texto denominado como de San Mamede, no segundo sobre todo como de Queixa e San Mamede. En Risco (1936: 381, 574) aparece literalmente «macizo central», referíndose á provincia, en minúsculas. Localizamos en Fraguas (1953: 59) a primeira mención literal ao «Macizo de Manzaneda», conformado por Queixa, San Mamede e os Montes do Invernadeiro —os orónimos figuran no orixinal sen deturpar, o que é acorde co que facer de Fraguas (Paül, 2019a)—. E non lemos literalmente «Macizo Central» en maiúsculas até Rodríguez Gracia (1985). De feito, este traballo de Rodríguez Gracia (1985) constitúe unha das primeiras sistematizacións localizadas do coñecemento xerado sobre a zona até daquela. Nos aspectos xeolóxicos, menciónase o carácter pioneiro de Hernández Pacheco, cun traballo moi temperán de Xeomorfoloxía glaciaria da serra de mediados do século XX (Hernández Pacheco, 1949), e engade que «en el año 1978 [...] se comienzan nuevos trabajos de campo que prosiguen en la actualidad (Pérez Alberti)» (Rodríguez Gracia, 1985: 10). Precisamente, a primeira publicación localizada deste autor sobre esta montaña é Pérez Alberti (1979).

Volvendo situarnos máis atrás destas últimas citas, cómpre referirse a Otero Pedrayo, o principal xeógrafo galego (Lois González e Paül, 2016; Lois González e Trillo, 2017; Paül, 2019a, 2019b; Otero Varela, 2023a). Na súa copiosa bibliografía, describe estas terras, de cuxas referencias imos escoller dúas citas:

El grupo centro-oeste de los macizos orensanos se ordena en el óvalo de sierra culminado al NO. con la Cabeza de Meda, [...], al NE., por la cabeza de Manzaneda alzada al sur de Trives, al SE. y S. por la sierra de Queixa y la cúpula del San Mamede, dominadora aquélla de los horizontes del alto Támeiga [sic],

y el San Mamede, de los extensos y nebulosos de la La Limia. [...] La nieve envuelve durante largos de meses la sierras que[,] en verano, especialmente la Cabeza de Meda y la alta planicie central de la sierra de Queixa, se cubren de rebaños golosos de la fresca hierba de las *brañas* de altura. En la vertiente SE. de Queixa enraízan los bosques seculares del Invernadeiro, animados por la sonoridad de los torrentes. (Otero Pedrayo, 1965: 22; cursivas orixinais).

Nos trasladamos al mundo muy diverso del núcleo montañoso, compacto y extenso de las «Medas». Se va extendiendo entre geógrafos y público la denominación exacta y expresiva: «Meda» [sic]. Es, en gallego, la pasajera arquitectura vegetal de los almiarés o amontonamientos de haces de centeno o de trigo, o también de paja cereal y de heno fragante, de variadas figuras cónicas, que después de la siega, y a veces todo el año, decoran el contorno de los pueblos [...] de Galicia. [...] Hay en Galicia muchas montañas con tal nombre afectuoso. Su diminutivo, entre cariñoso, familiar, y ligeramente despectivo[,] «medorra»[,] se encuentra también abundantemente. Pues no hay nombre más justo para el grupo de montañas y sierras —incluyendo en ellas altos e iniciales valles, y gándaras frías y onduladas— [...] individualizadas en los conocidos perfiles de la Sierra de San Mamede y montes del Invernadeiro, Sierra de Queixa, Cabeza Grande de Manzaneda y Cabeza de la Meda. La altura anda por los 2.000 m [sic]. [...] En torno a Las Medas y dispuestas en irregular elipse se encuentran de N. E. a N. y NO. las villas, todas centro de su característica comarca, de O Bolo, Viana, Monterrey [...]. (Otero Pedrayo, 1978: 38-39).


A abordaxe de Otero implica, pois, considerar a área de estudo como unha unidade coherente, cando menos desde a perspectiva paisaxística que o caracteriza. Aínda que a súa denominación proposta non tivese fortuna, a forma que se lle confire (óvalo ou elipse), seguramente moi relacionada co mapa de Fontán que tanto lle teimou (figura 5), queda asentada. Alén da súa grandilocuencia na atribución das alturas —mero descoñecemento, en todo caso difícil en alguén que utilizaba o mapa de Fontán sempre, ou talvez vontade de realzalas?—, salienta a relevancia que lle confire á gandaría, fundamental para entender o territorio. No entanto, este papel tamén pode ser debido á forza que a Xeografía rexional clásica lle concedía ás actividades primarias no relato xeográfico e, asemade, á forma de concibir a paisaxe de Otero (Lois González e Trillo, 2017; Paül, 2019a, 2019b; Otero Varela, 2023b).

O estudo do gando é unha parte destacada da mellor análise e diagnose territoriais publicada até a data, a cargo de CEOTMA (1981), síntese dun conxunto de estudos que se realizan na procura da ordenación territorial de Galicia nos anos 1970 (Lois González e Paül, 2016). Non interesa neste subapartado a dimensión propositiva deste libro, senón sobre todo entender a achega que representa no coñecemento da área de estudo, que é nomeada —aínda, se cadra sexa unha das últimas veces antes do éxito definitivo do orónimo «Macizo Central»— «San Mamede e Serra de Queixa»: medio físico, medio socioeconómico, medio urbanístico e diagnóstico nun sentido estrito. Asemade, este traballo achega unha delimitación moi precisa do territorio que se reproduce na figura 6 e que, no fundamental, segue a liña de cota dos 1.000 m.

A única monografía da área de estudo como tal é Reza (2008). Agás pequenas diferenzas, a súa delimitación resulta coincidente con CEOTMA (1981) (figura 6). O texto de Reza (2008) é un ensaio que se move a medio camiño entre a vivencia persoal pola zona —na que cómpre destacar as súas conversas cos gandeiros das serras— e os contidos dunha monografía rexional clásica (Otero Varela, 2023a, 2023b). Así, os apartados refírense, sucesivamente, á xeoloxía e á xeomorfoloxía, á flora, á fauna, á protección da Rede Natura 2000, á presenza humana no territorio nun sentido histórico e á distribución da poboación actual.

Figura 6. A delimitación canónica.

A área de estudo represéntase nestas dúas achegas de forma practicamente idéntica, tomando a cota da curva de nivel dos 1.000 m como referencia. Mentres que CEOTMA (1981: s. n.) inclúe nela o treito do val dos ríos Navea, Camba (e tributarios) e Conselo que queda dentro da área arredondada, Reza (2008: 24) exclúe os fondos deses vales que quedan por debaixo da hipsometría indicada.




Fontes: CEOTMA (1981: s. n.) e Reza (2008: 24).

Tal e como se adiantaba máis arriba, a investigación de Pérez Alberti desde finais dos anos 1970 resulta chave para este territorio. Aínda que bastante centrada na Xeomorfoloxía —nomeadamente, coa súa tese de doutoramento (Pérez Alberti, 1990), logo ampliada noutras publicacións, tales como Pérez Alberti, Rodríguez Guitián e Valcárcel (1993)—, a súa produción implica un salto adiante no coñecemento xeográfico destas serras. Incorpora tamén unha abordaxe integral do territorio ou da paisaxe da zona, por exemplo, en Pérez Alberti (1999, 2023), ou, en colaboración, en De Torres, Lois González e Pérez Alberti (1993). Cómpre salientar que a delimitación territorial que emprega Pérez Alberti (2023) na última publicación que lle coñecemos sobre a zona é a da comarca paisaxística da Terra de Trives que el mesmo delimitou para a Xunta e que esta oficializou na década de 2010 en documentos sucesivos, tales como Xunta de Galicia (2016) (figura 7). Nótese o cambio de corónimo e, asemade, a equiparación entre comarcas e paisaxes (Otero Varela, 2023a; Paül, 2024).

Figura 7. A «Terra de Trives» oficializada pola Xunta de Galicia.

As políticas de paisaxe da Xunta de Galicia baséanse desde inicios dos anos 2010 na delimitación das «comarcas paisaxísticas» de Augusto Pérez Alberti. No seu último texto sobre Queixa, emprega para o seu estudo a «comarca paisaxística» da Terra de Trives, aínda que no texto fala de «serra de Queixa e contorna». En relación coa delimitación canónica (figura 6), salienta a exclusión da Serra de San Mamede e a maior extensión cara ao norte.



Fonte: Pérez Alberti (2023: 41).

Finalmente, non se pode esquecer a particularidade do Invernadeiro. Quedou manifesta páxinas atrás nas citas reproducidas de García Rey (1928: 16) e Otero Pedrayo (1965: 22). No entanto, o esencial neste punto é indicar que deu lugar a unha produción bibliográfica de seu; por exemplo, en vexetación, un libro enteiro a cargo de Castroviejo (1977), que xa foi superado máis de catro décadas despois por un traballo monográfico sobre esa temática nese mesmo

espazo a cargo de Rodríguez Guitián, Amigo e Pulgar (2020). Este texto debate acerca do emblemático acivral do Figueiro/corga de Augacenza, que constitúe, sen dúbida, un dos bosques que recibiron maior atención investigadora das serras, ao mesmo nivel có bidueiral de Gabín/Montederramo, no aveseado da serra de San Mamede, obxecto de traballos tales como Costa, Higuera e Morla (1990). Asemade, sobre O Invernadeiro tamén, xa se mencionou máis arriba Paül (2009) sobre o turismo, mais do mesmo autor tamén cómpre citar Paül (2011), un estudo no que se formulan as causas a medio e longo prazo da súa institucionalización como Parque Natural —entre elas, a mitificación dos seus bosques—, así como os interrogantes abertos coa súa actual xestión. Neste traballo menciónase arreo Amado (2007), un informe inédito encargado polo propio Parque Natural sobre a historia do espazo, aos efectos da catalogación do seu patrimonio cultural.

En definitiva, para esta tese de doutoramento, revisáronse todos estes traballos, de xeito que constitúen os antecedentes necesarios do estudo. Resultou moi útil toda esta información para dar fundamentado unha investigación que, baseándose no desenvolvemento territorial tal e como xa foi anunciado máis arriba, non consta que fose traballada nunca neste territorio. Deste xeito, a partir do coñecemento dos antecedentes de estudo, pódese soste que non existe ningún tipo de investigación ou estudo sobre as Serras de Queixa, San Mamede e Montes do Invernadeiro que sexa igual á aproximación novidosa que aquí se persegue, a través dun enfoque cualitativo e sistemático que procura a recollida de opinións na zona e sobre a zona en relación co desenvolvemento territorial.

1.3. OBXECTIVOS E HIPÓTESES

A partir do explicado nos subapartados anteriores, o obxectivo xeral da presente tese de doutoramento consiste en dilucidar a percepción local acerca dos distintos modelos de ordenación, planificación e desenvolvemento territoriais que se foron concibindo e/ou levaron a cabo nas Serras de Queixa, San Mamede e Montes do Invernadeiro desde a década de 1970 até a actualidade, no marco dunha comprensión das montañas no seo do construtivismo social, isto é, asumíndoas como unha realidade social, política e culturalmente construída. Derivado deste obxectivo principal, fórmulanse tres obxectivos específicos, que se relacionan directamente cos termos empregados de forma intencionada no título da tese de doutoramento:

1. Determinar os enfoques institucionais deseñados para a acción no territorio de estudo, identificando aqueles que teñan maior presenza nos imaxinarios sociais sobre as montañas estudadas.
2. Elucidar cales destes enfoques institucionais se converteron na práctica en políticas públicas implantadas no territorio, avaliando de que forma se operativizaron sobre o terreo en termos de desenvolvemento territorial.
3. Xulgar como esas políticas públicas son percibidas pola comunidade local afectada, de xeito que se lle conceda sentido á opinión das persoas relevantes (actores ou axentes) que viven no territorio de montaña.

En correspondencia lóxica con estes obxectivos e coa xustificación inicial da tese, as tres hipóteses establecidas para a investigación son as seguintes:

1. Rexístranse varios enfoques institucionais sobre desenvolvemento territorial para a zona que se corresponden con modelos identificados a nivel mundial.
2. A translación destes enfoques en políticas públicas efectivas foi moi deficiente, cunha percepción de insuficiencia xeneralizada e de desconexión coa realidade local.

3. A percepción comunitaria sobre o territorio de estudo é moi negativa (despoboamento, pobreza, imposición de modelos desde o exterior, etc.), de xeito que se considera amplamente desatendido.

1.4. ESTRUCTURA DA TESE DE DOUTORAMENTO POR ARTIGOS

De acordo coa disposición transitoria terceira da disposición recente da Universidade de Santiago de Compostela (2024: 48.996), no momento de peche deste texto, unha tese por compendio de artigos debe seguir o Regulamento anteriormente vixente, reproducido a seguir:

[art. 37.2] d) A estrutura da tese deberá ter coherencia por si mesma, con independencia dun desenvolvemento maior a través dos traballos publicados.

Esta estrutura contará como mínimo con:

- i. Unha introdución en que se realice unha presentación do marco teórico en que se inscribe o tema da tese e que especificamente contará cunha xustificación razoada da unidade e coherencia temática e metodolóxica dela.
- ii. Hipóteses e obxectivos xerais e específicos que se pretenden alcanzar, indicando en que publicación ou publicacións se abordan.
- iii. Unha breve descrición das ferramentas metodolóxicas empregadas.
- iv. Unha discusión xeral que dote de coherencia e unidade os diferentes traballos incluídos na tese.
- v. As conclusións da tese.
- vi. As fontes referenciadas.
- vii. As contribucións do compendio estarán recollidas a continuación, ou ben formando parte do propio corpo da tese ou ben como anexo, baixo a epígrafe «Traballos publicados ou aceptados». Soamente se poderá incluír o post-print dos artigos, que pode ser a versión enviada pola autora ou autor antes da publicación, a versión publicada pola editora ou editor ou calquera outra que determine a política de copyright e autoarquivo da revista/editorial. (Universidade de Santiago de Compostela, 2020: 36.184).

Na presente tese de doutoramento, tómanse as seguintes decisións en relación con como operativizar este artigo da Resolución aplicábel, de xeito que constitúen en última instancia a xustificación da estrutura deste texto:

- A introdución (apartado 1) non contén o marco teórico, que adopta o carácter dun apartado de seu logo da introdución. O marco teórico, aquí numerado como apartado 2, ofrece as coordenadas teóricas nas que se encadra a tese, de xeito ontolóxico (a construción social das montañas e, polo tanto, a súa percepción comunitaria) e de forma máis aplicada á tese en si, isto é, en relación cos enfoques institucionais e coas políticas públicas. Sexa como for, a introdución achega unha xustificación da unidade e coherencia temática e metodolóxica da tese.
- A introdución inclúe as hipóteses e os obxectivos (subapartado 1.3). Porén, a relación entre estas hipóteses e obxectivos, dunha banda, e as publicacións concretas, da outra, faise neste subapartado 1.4, dedicado á estrutura da tese.
- O apartado metodolóxico adopta a numeración de apartado 3. As coordenadas metodolóxicas dese apartado son comúns aos tres artigos.
- O apartado de discusión que establece o Regulamento numérase como 5 e ten por propósito fundamental subliñar as achegas dos artigos en relación co marco teórico xeral.
- O apartado de referencias finais recolle só as referencias desta tese, non necesariamente todas as provenientes dos artigos.

- O apartado de conclusións inclúe unha valoración final das achegas da tese, retomando os obxectivos e as hipóteses xerais formuladas e establecendo novas liñas de investigación futuras, así como as limitacións da investigación realizada. Numérase como 6.
- Finalmente, en relación co estipulado no punto vii) do art. 37.2, as tres publicacións desta tese de doutoramento non figuran ao final dela, senón que se recollen nun apartado, o de resultados, de forma consecutiva segundo a súa cronoloxía. Numérase como 4. Esta disposición é a que agora propón a Universidade de Santiago de Compostela (2024: 48.975), na nova redacción dada ao Regulamento, en concreto no artigo 37.3.g). A primeira das publicacións ten edición en español e en inglés e por iso achéganse ambas as dúas (*vid. infra*). A primeira e a segunda das publicacións son de acceso aberto, polo cal non se dan problemas de dereitos de autor (*vid. infra*). A terceira está aceptada mais non publicada aínda, polo que se achega a última versión enviada, e mais a oportuna aceptación, de acordo co punto h) do art. 37.3 do novo Regulamento (Universidade de Santiago de Compostela, 2024: 48.976).

Amáis, esta tese de doutoramento tamén persegue acadar o carácter de tese con mención de doutoramento internacional, co cal, novamente segundo a disposición transitoria terceira do Regulamento da Universidade de Santiago de Compostela (2024: 48.996), resulta vixente neste caso o Regulamento anterior, o cal estipula:

[art. 38.b] Que parte da tese, polo menos o resumo e as conclusións, se redacte e sexa presentada nunha das linguas habituais para a comunicación científica no seu campo de coñecemento, distinta a calquera das linguas oficiais ou cooficiais en España. (Universidade de Santiago de Compostela, 2020: 36.185).




Por esta razón, o apartado 6 da presente tese de doutoramento achégase aquí en linguas galega e inglesa. Tamén o resumo, que, amáis, incorpora o español. Alén destes formalismos, cómpre subliñar a importancia que tivo na formación doutoral destes anos cumprir con outro requisito preciso para a obtención da mención internacional. Trátase da estadía de tres meses na Universidade do Porto en 2018, cuxo obxecto foi realizar unha abordaxe holística dos espazos naturais protexidos e da infraestrutura verde da eurorexión Galicia-Norte de Portugal.

En relación cos artigos concretos desenvolvidos para esta tese de doutoramento, en termos xerais dous adoptan un propósito específico, no que fai aos enfoques institucionais e ás respectivas políticas públicas derivadas que se consideran máis determinantes no territorio de estudo. Un terceiro posúe un carácter máis xeral ao abordar o conxunto de enfoques institucionais e políticas públicas ao redor da despoboación, percibida como o atributo territorial principal do ámbito de estudo segundo a percepción comunitaria. A táboa 1 recolle os tres artigos concretos, coas súas características fundamentais. Os códigos ART1, ART2 e ART3, que se empregarán no sucesivo, aparecen reflectidos nesta táboa 1. No relativo ás métricas esixidas para os artigos, estas figuran no art. 37, polo que novamente o Regulamento aplicábel é o de 2020 (Universidade de Santiago de Compostela, 2024: 48.996), o cal estipula:

[art. 37.1] Estas publicacións deben estar recollidas en revistas de impacto reconecido no ámbito científico correspondente, en particular, aquelas incluídas no Journal Citation Reports, JCR, ou Scopus. Nas áreas en que non sexa aplicable este criterio, poderá substituírse polas bases de datos relacionadas pola CNAAI para estas áreas. Polo menos unha das publicacións deberá estar no primeiro ou segundo cuartil da súa categoría. (Universidade de Santiago de Compostela, 2020: 36.183).

As últimas dúas fileiras da táboa 1 dan conta do cumprimento deste artigo do Regulamento.

Táboa 1. Compendio de publicacións que configuran a tese de doutoramento.

Título	Manzaneda en el modelo generacional de estaciones alpinas francesas: una interpretación de la única estación de esquí de Galicia (España) = Manzaneda in the Generational Model of French Alpine Resorts: An Interpretation of the Only Ski Resort in Galicia (Spain)	“The Local Population Is Not Aware” of Nature Conservation: Implementing and Managing the Natura 2000 Network in a Mountainous Area of Galicia, Spain	“No han hecho nada” ante la “desaparición irreversible de asentamientos”: la percepción local de las políticas territoriales contra la despoblación en las sierras de Queixa y San Mamede (Galicia)
Subapartado na tese	4.1 e 4.1bis	4.2	4.3
Código asignado	ART1	ART2	ART3
Revista			
Ano	2023	2024	2024
Estado da publicación	Publicado	Publicado	Aceptado (publicación prevista para decembro de 2024)
Métricas JCR (2023)	Q4 (48/54) na categoría <i>Regional & Urban Planning</i> [ESCI edition] JIF=0,8	Q4 (171/195) na categoría <i>Ecology</i> [SCIE edition] JIF=0,7	Q3 (93/172) na categoría <i>Geography</i> [SSCI edition] JIF=1,2
Métricas SCOPUS (2023)	Q3 (134/265) na categoría <i>Urban Studies</i> SJR=0,251	Q3 (156/208) na categoría <i>Nature and Landscape Conservation</i> SJR=0,204	Q2 (116/265) na categoría <i>Urban Studies</i> SJR=0,313

Fontes: elaboración propia empregando as bases de datos de <https://www.scimagojr.com/> e <https://jcr.clarivate.com/jcr/> (acceso o 26/9/2024).

Finalmente, tal e como se adiantou máis arriba, para pechar este apartado introdutorio realízanse as correspondencias oportunas entre as hipóteses e obxectivos xerais e específicos, dunha banda, e as publicacións concretas, da outra. A correspondencia co obxectivo xeral formulado non debe ser xustificada, pois, por definición, os obxectivos específicos desenvolven o obxectivo xeral.

O ART1 analiza a que se considera coma principal intervención pública no territorio de estudo desde os anos 1970 a partir dos testemuños locais: a estación de esquí de Manzaneda. Dáselles voz tanto na valoración desa intervención no tempo como tamén na súa perspectiva de futuro. Para determinar os enfoques institucionais que operan (OE1), tómanse en consideración os

modelos xeracionais de estacións de esquí alpinas francesas, coas adaptacións deses modelos desenvolvidas nos últimos anos en España. Asíse que houbo políticas territoriais efectivas (OE2) e respóndese á vontade de vulgar como se percibe a influencia desas políticas públicas (OE3). Por outra banda, a correspondencia entre marcos mundiais de actuación pública e o caso de Manzaneda é directamente hipotetizada, de acordo coa H1. As H2 e H3 tamén son testadas con este caso concreto.

O ART2 afronta a realidade do principal perímetro protexido nas serras estudadas, que afecta unha porcentaxe moi relevante do total superficial do macizo, isto é, a Rede Natura 2000. Novamente, trátase de determinar a recepción local dun enfoque global, o conservacionista-proteccionista, de xeito que se contrastan, dunha banda, a ampla bibliografía xerada ao redor deste paradigma e da súa concreción na Rede Natura 2000 e, da outra, os resultados derivados do estudo do caso en concreto (OE1). A aplicación sobre o terreo é evidente xa de entrada (OE2) e xérase unha oportunidade para que as testemuñas locais expliquen o que perciben en relación coa implantación desta Rede Natura 2000 na área de estudo, o que responde de cheo ao OE3. No que fai ás hipóteses, de novo as tres resultan acaídas neste artigo. En particular, e tal e como se verá, a poboación local sente que foi excluída do proceso de conformación do perímetro de protección (H3).

Finalmente, o ART3 é o máis coherente coa formulación xeral da tese, nomeadamente polo seu alcance temático abrangente. En efecto, o ART3 inclúe todas as políticas territoriais posibles dispoñibles en teoría para unha área de montaña, co cal responde de cheo aos OE1 e OE2 e ás H1 e H2, dilucidando de que xeito estas foron despregadas no territorio. De feito, o marco teórico desta tese achegado no capítulo 2 é, no fundamental, unha ampliación do deste ART3, con dúas lupas específicas: en primeiro lugar, no que fai ao desenvolvemento do turismo de neve; e, en segundo, en relación coas políticas ambientais —proteccionistas-conservacionistas— despregadas coa Rede Natura 2000 (subpuntos 2.2.3.1 e 2.2.2.1, respectivamente). Estas lupas xustifícanse pola significación que acadan na nosa área de estudo e as correspondencias directas cos ART1 e ART2, respectivamente. En todo caso, o ART3 baséase nunha análise dos materiais cualitativos obtidos, o que se corresponde plenamente co OE3 e coa H3. A despoboación, vector do ART3, é unha realidade que marca tanto a poboación local que se pode considerar a principal percepción comunitaria traballada nesta tese de doutoramento.

2. MARCO TEÓRICO

2.1. FUNDAMENTOS ONTOLÓXICOS: CONSTRUTIVISMO SOCIAL E INVENCIÓN DA MONTAÑA

Nun paralelismo detectado e explicado por Paül (2016: 204-205), tanto Otero Pedrayo (1955: 53) para Galicia como Debarbieux e Rudaz (2010: 17) para a principal cidade do Quebec, Montreal, salientan que unha mesma orografía é percibida como unha montaña por unhas comunidades veciñas a ela, mentres que outras achegadas non a consideran tal. Deste xeito, desde xa hai moitas décadas está asentado en Xeografía que as montañas son relativas: socialmente denomínanse así promontorios pequenos e, en contrapartida, outros relevos que constitúen elevacións considerábeis non se chaman como tales. Esta constatación é relevante porque nos sitúa na pista de que non podemos dar por asentadas acriticamente as *montañas* cando estas aparecen nun discurso oral ou escrito, sexa do tipo que sexa. No entanto, Otero Pedrayo (1955) non ía alén desta primeira idea —si, como veremos deseguido, Debarbieux e Rudaz (2010)—. Neste senso, debemos posicionarnos nas coordenadas do construtivismo social para achegar o noso argumento ontolóxico principal nesta tese. Dúas definicións de autores de referencia válenos para ofrecer unha primeira achega xeral a el:

[E]l constructivismo prescinde, niega valor, al problema de la existencia objetiva de un mundo separado de la interacción humana [no noso caso, das montañas como orografía cunha determinada topografía] y se limita a analizar y comprender estrictamente este mundo construido/reconstruido, con los postulados del interaccionismo simbólico. (Ruiz Olabuénaga, 1999: 103).

Social construction [is t]he way in which people give themselves, a place [no noso caso, unha área asumida como de montaña], an object or an idea an identity by attributing in with particular social, cultural, aesthetic and ideological characteristics. A social construct exists only in as much as people imagine it to exist. (Woods, 2005: 11).

Situados neste marco, Debarbieux e Rudaz (2010) estudan de que xeito a consideración das montañas evolucionou por diferentes estadios nun proceso de «creación» da montaña formado por sucesivos «imaxinarios» nos últimos dous séculos e medio, o que Sacareau (2003: 3-5) non dubidou en denominar «invención da montaña». A idea de *invención* nace obviamente co famoso libro de historia *The Invention of Tradition* (Hobsbawm e Ranger, 1983), que en Xeografía, como en tantas outras disciplinas das Ciencias Sociais e Humanas, foi moi influínte, como testemuñan, por citar unha mostra de tres representativos nesta disciplina: *The Invention of Regions* (Keating, 1997), *L'invenzione della Terra* (Farinelli, 2007) ou *L'invention des continents* (Grataloup, 2009). Frolova (2006) verbalizou a idea de «invención da montaña» aplicada directamente ao caso do Cáucaso.

Sexa como for, non hai que entender as montañas literalmente como un *invento* —no sentido que non existan fóra de nós—, senón que hai que lembrar neste punto a cita xa achegada de Ruiz Olabuénaga (1999: 103). Tampouco *invento* significa sempre que se «invente» a existencia dunha montaña que non existe, aínda que precisamente Paül (2016) así o detecta nun caso situado entre Galicia e Portugal. Neste punto, Debarbieux e Rudaz (2010) sinalan que ten moita relevancia o xeógrafo Philippe Buache, pois, no século XVIII, teorizou que as montañas se estruturan en cordilleiras e serras definidas como liñas formadas nas zonas altas das bacías

hidrográficas. Científicamente, a partir de Buache tendeu-se a inferir a posición e a configuración das montañas como «negativo» dos percorridos fluviais. Deste xeito, desde daquela se empezaron a deseñar nos mapas cordilleiras deducidas por oposición ás redes hidrográficas, sendo en moitas ocasións as montañas inexistentes. Neste sentido, Farinelli (2013: 190) é coñecido polo seu xiro copernicano na relación entre cartografía e «realidade»: «el mundo es la copia del mapa, no al revés, y no a partir de la crisis de la modernidad sino desde los orígenes de la cultura occidental».

Segundo Demeritt (2002), o construtivismo social puido chegar a caer nun relativismo excesivo ao esquecer, e mesmo negar, a base física da percepción. A cita de Ruiz Olabuénaga (1999: 103) así o evidenciaría. O esencial neste punto é superar os falsos dualismos tales como representación/realidade, ou ben suxeito/obxecto e natureza/cultura, e subliñar que o construtivismo social permite abordar unhas dimensións normalmente omitidas (subxectivas, representacionais, etc.), cuxa asociación coa realidade física pode resultar relevante, mais a énfase ponse nesoutras dimensións.

De acordo con este marco ontolóxico, Debarbieux (2004) achega un traballo sintético sobre como as «montañas occidentais» —así denominadas polo autor— foron categorizadas xeograficamente. En particular, establece as seguintes catro grandes «concepcións» (Debarbieux, 2004: 404):

1. As visións naturalistas, particularmente sobre o relevo (sobre todo cunha perspectiva xeomorfolóxica).
2. A concesión de identidade ás montañas, nomeadamente polo nacionalismo, mais non só.
3. A conversión das montañas en obxectos políticos, por exemplo, para o deseño de políticas de reforestación e o establecemento das áreas protexidas.
4. A consideración das montañas como áreas que merecen unhas políticas particulares por si mesmas, por exemplo, de desenvolvemento de agricultura «de montaña», ou para o desenvolvemento integral ao seren asumidos como ámbitos pobres, marxinais, de baixa accesibilidade, etc.

Este traballo seminal de Debarbieux (2004) ampliouse en Debarbieux e Rudaz (2010). O seu libro pretende superar as categorías occidentais e realizar unha aproximación á visión sobre as montañas de escala planetaria, o que leva a determinar unha serie de «xeracións» que reducimos deseguido a oito, empregando Paül e Trillo (2022) nesta tarefa:

1. A montaña como obxecto de coñecemento, sobre todo naturalista. Aquí aparece o xeógrafo Buache, citado máis arriba.
2. A montaña na territorialidade dos estados-nación modernos, por exemplo, na súa fixación de límites territoriais, isto é, no seo da controvertida noción de «fronteira natural» [sic] estudada de forma detallada por Sahlin (1990) e Fall (2010).
3. A creación da noción de «montañés» como persoa particular estereotipada que vive nas áreas de montaña, o que dá a xerar toda unha antropoloxía ao seu redor e, sobre todo, consolida unha visión específica da identidade das comunidades de montaña.
4. As políticas de conservación da natureza na montaña e os seus discursos institucionais asociados.
5. As montañas como ámbitos territoriais nos que cómpre promover o desenvolvemento por asumilos como atrasados.
6. As montañas nos discursos coloniais e postcoloniais.
7. O discurso das montañas tropicais.

8. A aparición dun discurso mundial/internacional sobre as montañas e, en concreto, europeo, coa énfase recente nas montañas como elementos de unión entre países.

Na perspectiva occidental, semella evidente que o momento crítico na construción social das montañas se produce no século XVIII nos Alpes, cando, dunha concepción diabólica delas baseada na cosmovisión cristiá herdada (Dora, 2016), pasouse a unha imaxe moi positiva. Isto concrétese no caso do Mont Blanc coa aparición do topónimo contemporáneo substituindo o seu precedente: *Montagne Maudite* (Nogué, 2005). Este cambio pode ser explicado en parte pola Ilustración, de forma coherente coa primeira das concepcións de Debarbieux (2004) e a primeira das xeracións de Debarbieux e Rudaz (2010). En efecto, a ciencia pásase a considerar central para a humanidade e hai unha necesidade de conceptualizar, obxectivizar e definir a realidade. Deste xeito, prodúcese unha necesidade de cartografar e coñecer as propiedades —altura incluída— das montañas do mundo, empezando polos Alpes. No entanto, en paralelo a este interese racional polas montañas, desenvólvese unha reconfiguración emocional e sensíbel que ten máis importancia nestas páxinas: as montañas descríbense como lugares magníficos e fermosos nunha aceleración bibliográfica (e literaria) que se produce ao seu redor con rapidez. De acordo con Martínez de Pisón e Álvaro (2002: 39), *La Nouvelle Héloïse* de Rousseau, publicada por primeira vez en 1761, sitúase no cume de toda esta produción literaria. Case en paralelo, o ascenso ao Mont Blanc de 1787 por Saussure, precedido un ano antes por Balmat e Paccard, é fundamental para a conformación desta visión das montañas (Martínez de Pisón e Álvaro, 2002; Bouron e Georges, 2019), de xeito que os Alpes deveñen o modelo e o prototipo das montañas ao redor do mundo (Debarbieux e Rudaz, 2010). Esta primeira xeira vai acompañada dunha intensa produción de imaxes artísticas que se distribúe ao redor do mundo e que, xunto cos textos escritos, conforman un poderoso imaxinario social sobre as montañas de carácter global: litografías, fotografías, *souvenirs*, etc. (Martínez de Pisón e Álvaro, 2002; Debarbieux e Rudaz, 2010; Dora, 2016).

No ámbito galego en particular, cómpre facer mención das escasas referencias que adoptan a perspectiva que aquí estamos a revisar. Alén da xa mencionada achega de Paül e Trillo (2022) sobre a «invención» actual de Trevinca en base a tres grandes visións —o excursionismo/montañismo conectado co ecoloxismo militante, o turismo apropiado polo Concello da Veiga e a lectura do Parque Natural do Lago de Sanabria institucionalizado como tal na banda oriental do macizo—, hai que citar a investigación acerca da mesma área por parte de Paül, Trillo e Haslam McKenzie (2019) desde unha perspectiva estritamente turística. Tamén se pode citar Paül (2021) para esta montaña teito de Galicia, en relación coa «invención» anterior á actual, acontecido ao redor da figura de Gonzalo Gurriarán, particularmente activo nos anos 1940. A escala xeral galega, salienta Paül (2019b), quen amosa que a montaña non está presente nos imaxinarios paisaxísticos galegos, isto é, que hai montañas «físicas» obviamente no relevo galego, mais que non forman parte da percepción social, política e cultural xeral sobre o país: «As altas montañas, paisaxe nacional “agardábel”, están ausentes» (Paül, 2019b: 97). Pola súa banda, Lois González e Paül (2016) distinguen tres ondas na construción discursiva das montañas galegas no seu conxunto:

1. Xa desde a Idade Moderna, a consideración de Galicia como un conxunto montañoso inextricábel, inarticulado e caótico, asociando Galicia a montañas afastadas e remotas.
2. Na segunda metade do século XX, a procura dunha orde xeográfica para as montañas de Galicia, coa fixación dunha «alta montaña» na súa franxa oriental.

3. A aparición dunha política de montaña, aínda que moi limitada, nas últimas décadas, sobre todo en relación co desenvolvemento socioeconómico e a conservación da natureza.

Por todo o antedito, resulta esencial abordar sempre as percepcións sociais para comprender de que xeito se produce a construción social da montaña. O mecanismo metodolóxico concreto adoptado nesta tese descríbese no apartado 3, mais estas coordenadas ontolóxicas iniciais resultan esenciais para entender a abordaxe practicada.

2.2. AS CONCEPCIÓNS INSTITUCIONAIS E AS POLÍTICAS PÚBLICAS DAS MONTAÑAS

2.2.1. Precisións iniciais e orixes

Para este subapartado, partimos de Pujadas e Font (1998) coas seguintes dúas citas curtas extraídas do seu coñecido manual:

[L]a ordenación del territorio [...] afecta a todas las actuaciones públicas con incidencia territorial. [...] [C]ualquier escala geográfica que implique la intervención pública es ya una escala propia de la ordenación del territorio. (Pujadas e Font, 1998: 11, 21).

Sen que corresponda aquí entrar no controvertido asunto da definición da *ordenación do territorio*, si que resulta relevante agora establecer que realizar un balanço de todas as actuacións e intervencións públicas cunha incidencia nos territorios de montaña dista de ser doado dada a súa potencial amplitude. No entanto, ímonos cinguir a aquelas abordaxes institucionais e políticas públicas que tiveron como obxecto específico as montañas e que se deseñaron a tal efecto *ad hoc*. Sinalouse de forma repetida e, de feito, así aparece no documento seminal da ordenación territorial como tal —a chamada *Carta de Torremolinos* da [CEMAT] (1983: 3)— e na bibliografía de referencia nesta materia (Hildenbrand, 1996: 32-33; Pérez Andrés, 1998: 30; Paül, 2022: 4), que presenta unha dobre orixe:


- Por unha banda, a evolución do urbanismo físico por norma vinculante, *Planning* en inglés, cara a unha escala alén do urbano —en cuxos límites se desenvolvera tradicionalmente con anterioridade en Occidente, desde cando menos o plano hipodámico grego orixinal—. Esta evolución é debida á progresiva expansión da cidade industrial, que fixo imprescindible planificar a nivel rexional. En inglés, este salto adóitase recoller na dobre adxectivación do *Planning: Urban and Regional Planning* ou, dito doutro xeito, *Town and Country Planning*.
- Por outra banda, nunha lóxica redistributiva de recursos, actividades e investimentos e, polo xeral, mediante procedementos indicativos, a necesidade de desenvolver aqueles ámbitos considerados en situación de crise ou, cando menos, atrasados, na liña do *aménagement du territoire* creado e asentado na Francia dos *Trente Glorieuses* posteriores á segunda guerra mundial.

Pois ben, atopamos concepcións institucionais e políticas públicas aplicadas á montaña tanto nunha como na outra vía. Talvez a iniciativa máis antiga sexa na primeira modalidade, cando, no flamante *Regional Planning* dos Estados Unidos nos anos 1920 —ben cedo entraría en crise, dada a habitual inclinación das administracións federais estadounidenses a non asumiren un rol central, cando menos declaradamente, na planificación territorial—, se planificou un camiño de montaña pola liña de cumios dos Apalaches ao servizo desa rexión (Benabent, 2006: 44-46) (figura 8). Case sen solución de continuidade, en 1932 decidiuse intervir nos estados máis

pobres situados neste amplo ámbito interior do leste dos Estados Unidos, tales como Tennessee ou Alabama, no seo do *New Deal* do presidente Roosevelt, en base a un intensivo desenvolvemento hidroeléctrico (Hall, 2014; Hall e Tewdwr-Jones, 2020). Hall (2014: 183-188) explica que, aínda que se planificaron novos asentamentos dotados de servizos para a mellora da vida dos seus habitantes —e deste xeito evitar o seu éxodo cara a áreas urbanas no seo da crise post-*crack* do 29—, de todas estas políticas quedan pouco máis cós encoros e as industrias asociadas (nomeadamente nucleares e químicas) implantadas naquela altura. En relación coa vía *aménagiste*, máis abaixo referirémonos con certo detalle a ela. No entanto, o seu progresivo afianzamento desde o libro de título lapidario *Paris et le désert français* (Gravier, 1947), a través do traballo da DATAR (*Délégation interministérielle à l'aménagement du territoire et à l'attractivité régionale*) creada en 1963, implicou o xurdimento dunha serie de perímetros de intervención territorial por excelencia. De acordo co mapa de síntese de Lacour e Delamarre (2003: 35) de todas as políticas despregadas polo *aménagisme* francés, unha delas foi a montaña (figura 8).

Figura 8. Dúas intervencións territoriais seminais centradas na montaña.

Por unha banda, no seo do primeiro Regional Planning estadounidense, o deseño orixinal do sendeiro dos Apalaches. Pola outra, nun mapa de balanço do *aménagement du territoire* francés despregado nas tres décadas posteriores á segunda guerra mundial (Trente Glorieuses), o perímetro das áreas de montaña establecidas en Francia aparece claramente distinguido como un dos territorios de intervención por excelencia.



Fontes: Benabent (2006: 45) e Lacour e Delamarre (2003: 35).

Estas concepcións e políticas seminais acerca das montañas, con xa máis dun século de existencia, sempre pasan polo investimento en infraestruturas, industrias e novos asentamentos. Trátase dunha lóxica de explotación dos recursos por parte do Estado e/ou das empresas privadas orixinada mesmo antes. Frecuentemente a concepción, ou a impotencia, dos primeiros

estadios do Estado-nación liberal fixo que deixase e mesmo favorecese ás empresas desenvolveren as súas actividades nas montañas, asumindo que estas ían posibilitar a súa explotación (e, polo tanto, o seu desenvolvemento *avant la lettre*) e, por descontado, o seu control territorial. Xa desde o século XIX a República francesa implantou e/ou favoreceu unha política proclive á aforestación nas montañas, en conflito coa poboación local, así como de explotación hidroeléctrica e mineira, actuacións todas elas ligadas ao establecemento de infraestruturas. Debarbieux e Rudaz (2010) revísanas e analizan tamén casos semellantes de Australia, Austria ou Suíza. Price e Kohler (2013) cren que, aínda que as infraestruturas se dean en xustificar para a mellora das condicións de vida locais, e en efecto adoiten contribuír a iso, constitúen tamén mecanismos extractivistas de penetración e explotación das montañas, e de feito non son poucos os casos de construción privada delas.

De acordo con Debarbieux e Rudaz (2010: 143-148), os Apalaches constitúen de novo un paradigma, co intenso desenvolvemento infraestrutural auspiciado pola administración federal a través da *Appalachian Regional Commission* implantada durante a presidencia de Kennedy, aínda que non previu a perda de efectivos demográficos dos territorios administrados por ela. No caso catalán, pioneiro en España, Majoral (1990) sitúa tamén no século XIX o inicio da explotación mineira sistemática, o desenvolvemento ferroviario e as primeiras políticas forestais e, a comezos do século XX, a implantación da produción hidroeléctrica; todas estas actividades precisaron da autorización do nacente Estado-nación liberal español, que por si propio non daba feito e, polo tanto, tivo que confiar en que as empresas privadas xerasen estes avances. A actitude dos Estados-nación liberais en toda esta xeira inicial resúmese excelentemente na seguinte cita:

Un formidable déclassement économique s'opère et ouvre les vannes d'un intense exode. Les pouvoirs publics, ne se préoccupent guère alors de cette crise des systèmes montagnards. Au contraire, ils profitent plutôt de ce contexte pour accentuer la pression de l'administration et limiter les droits des communautés montagnardes. Déjà s'opère une forme d'exploitation exogène d'un domaine montagnard perçu comme une marge. (Bordessoule, 2019: 410-411).

É dicir, a concepción inicial do Estado-nación liberal e as políticas públicas seminais —del mesmo ou das empresas que este autoriza, incentiva, ampara, etc.— en relación coas montañas é esóxena. E el provoca que haxa éxodo rural. Bordessoule (2019: 411) fala neste sentido de «o Estado en guerra coas comunidades de montaña». Deseguido, veremos que isto non é un feito illado, senón que forma parte da práctica habitual das administracións (e das súas concepcións ou imaxinarios) en relación coas montañas que están baixo a súa soberanía.

2.2.2. A protección das montañas

A orixe dos espazos naturais protexidos¹ é unha cuestión controvertida. De acordo con Eagles, McCool e Haynes (2003: 5), figuras como os coutos de caza medievais europeos ou os bosques sagrados vencellados a pobos orixinarios constitúen os seus antecedentes. Porén, o estudo de Paül e Trillo (2019) para o caso do Gerês/Xurés demostra que, malia que poidan existir estes antecedentes remotos, pouco ou nada teñen que ver co establecemento contemporáneo dos espazos naturais protexidos propiamente ditos. De feito, a asociación destes coa acción do Estado liberal domina a bibliografía especializada (Adams, 2020). Asemade, mentres que a maior parte desta bibliografía sitúa a orixe precisa dos espazos naturais protexidos no

¹ Aquí optaremos por falar, como se fai en España, en termos de *espazos (naturais) protexidos*, mais a nivel internacional, tamén nos países onde o español é dominante en América, téndese a falar de *áreas (naturais) protexidas*.

«paradigma de Yellowstone» (Depraz, 2008; Adams, 2020), outras referencias prefiren situala en Yosemite, como é o caso de Debarbieux e Rudaz (2010: 109) e, cun maior grao de detalle no que fai á concepción ideolóxica que os sustenta, Debarbieux (2019: 29-38).

Malia que Adams (2020) sosteña que o «paradigma de Yellowstone» —e o mesmo podería ser afirmado en relación con Yosemite— é moito máis plural do que se tende a asumir, a verdade é que a concepción que se transmite na bibliografía resulta homoxénea e por iso, precisamente, é denominado «paradigma». De entrada, os espazos naturais protexidos nacen para referirse a unha área de montaña, o cal non é para nada menor, de xeito que se traslada o modelo que as montañas están chamadas á protección ao redor do mundo. Mais o esencial desta construción sociopolítica é a asunción de que os espazos naturais protexidos contan cunha natureza primixenia, prístina e salvaxe, en chave de *wilderness* anglosaxón, o que comporta procurar a súa protección por parte do Estado e, polo tanto, revestindo carácter de política pública, ante as corrupcións que se asume que introduce o ser humano (Debarbieux, 2004; Depraz, 2008; Bordessoule, 2019; Zanolin e Paül, 2022). A isto hai que lle engadir as motivacións románticas en xeral, e nacionalistas e patrióticas en particular, presentes neste primeiro caso, o que explica a denominación *parque nacional*, e que se concretan no caso de Yellowstone en 1872 na procura dunha concesión de valor e patrimonio á nacente nación dos Estados Unidos (Gómez Mendoza, 1998; Depraz, 2008). Deste xeito, non se poden desvincellar os espazos naturais protexidos das potentes connotacións simbólicas e identitarias que carrexan e, sobre todo, de que se deben sempre a unha decisión política e administrativa. Todo isto sitúaos indefectiblemente baixo unhas determinadas coordenadas. Tamén as motivacións turísticas resultan evidentes nestas declaracións iniciais (Depraz, 2008), a pesar de que, nun acto presentista, se adoite pór o fincapé na presenza da idea de *wilderness*.

Desde Yellowstone/Yosemite, as proteccións multiplicáronse ao redor do mundo. Tal e como explican Eagles, McCool e Haynes (2003), os primeiros en seguilos foron outros países anglosaxóns, tales como Canadá, Australia ou Nova Zelandia, nos que a súa identidade *nacional* tampouco estaba asentada e, polo tanto, os flamantes *parques nacionais* acadaron un valor chave neste sentido. Moi pronto, tamén se unirían outros países europeos como Suíza ou Francia, (re)activando o forte simbolismo asociado aos Alpes desde o século XVIII ao que aludiamos máis arriba (Gómez Mendoza, 1998; Depraz, 2008; Debarbieux e Rudaz, 2010). Tal e como indica acertadamente Gómez Mendoza (1998), a translación do modelo a un país como España —co seu primeiro parque nacional declarado 46 anos despois ca Yellowstone, en concreto para Covadonga en 1918— resulta difícil ante todo pola propiedade da terra: se nos Estados Unidos o Estado expropiaba os pobos orixinarios e quedaba coas súas terras, facéndoas «públicas», este procedemento resulta moi difícil onde hai poboación local consolidada, como é o caso da montaña asturiana; no entanto, en Covadonga atópanse as motivacións nacionalistas e proturísticas tamén de Yellowstone. De acordo con Price e Kohler (2013: 347), o 16,5% das zonas montañosas do mundo están protexidas. Cómpre subliñar que moi cedo tamén se produciu a explosión de denominacións de protección, de xeito que o inicial *parque nacional* foi superado axiña por *parques naturais*, *reservas integrais*, as tres categorías consideradas no subpunto 2.2.2.1 (*vid. infra*) e unha plétora de tipos de difícil sistematización e que non sempre significan o mesmo dun país a un outro (Depraz, 2008).

Autores como Ojeda (1999, 2006), Paül (2017) ou Büscher e Fletcher (2020) sosteñen que a protección de espazos considerados «naturais» sofre unha revolución a finais dos anos 1960 co primeiro ecoloxismo, ou, máis concretamente, desde os anos 1970, coa aparición do paradigma ambiental. Neste punto, os espazos naturais protexidos pasan a satisfacer as necesidades do capitalismo avanzado (neoliberal) e os máis dos países decláranos por obriga e/ou moda, no marco do progresivo desenvolvemento da axenda ambiental. Un caso concreto é Portugal, que

declara o seu primeiro parque nacional, Peneda-Gerês, precisamente neste contexto cronolóxico (Paül e Trillo, 2019). As transformacións asociadas a este momento aberto hai medio século resúmense á perfección na seguinte cita escrita desde a perspectiva dunha Xeografía crítica:

La transformación de la *naturaleza* —categoría omnipresente, trascendental, poética, sublime e íntima— en el *medio ambiente* —categoría concretizada en unos lugares, institucionalizable, técnica, domesticable y vendible. Las expresiones oficiales y empaquetadas de tal transformación son los *parques*.

A tal *medio ambiente* se le otorga un fuerte *protagonismo* en el *discurso* político correcto, pero un *periférico papel real* en el modelo de desarrollo económico, en cuyo núcleo fundamental de crecimiento y expansión no tiene cabida porque supondría un freno demasiado potente. En función de ello, lo ambiental se coloca en los márgenes de tal modelo: [p]or delante, como *espacios naturales protegidos* emplazados en comarcas periféricas para las que se orquestan eufemísticos *desarrollos sostenibles* y, por detrás, como *gran y metafórica escoba* que barre la contaminación necesaria e inexorablemente ocasionada por el propio crecimiento.

Tales saltos mortales argumentales, como paradojas ideológicas, se traducen en una cínica y progresiva introducción del «*tópico matiz o barniz ambiental*» en cualquier tipo de planificación. (Ojeda, 2006: 194; cursivas orixinais).

As acertadas consideracións de Ojeda (2006) inscríbense na aparición e consolidación dun tipo de espazo natural protexido derivado do orixinal, que non ten por obxecto tanto a protección senón a conservación, isto é, baseado máis nas éticas ecocéntricas ca nas biocéntricas (Depraz, 2008; Zanolin e Paül, 2022). Mentres que o preservacionismo evita calquera uso da natureza e fundaméntase nunha concepción absolutamente divorciada das persoas en relación coa natureza, o conservacionismo admite niveis limitados de uso da natureza e asume que a natureza está modificada polo ser humano. O mellor exemplo desta evolución do modelo de parque son os *parcs naturels régionaux* establecidos en Francia a partir de 1967, cuxo propósito básico, alén do evidente da xestión da natureza, é o desenvolvemento rural, por exemplo, a través da promoción do sector primario ou do turismo, sempre ao abeiro do respecto polo medio (Merlin, 2002; Depraz, 2008). No entanto, axiña quedou claro na aplicación do modelo no caso español —por parte dalgunhas comunidades autónomas, non todas— que este intento de compatibilidade entre o ambiental e o socioeconómico dista de ser doado, con casos abondosos de falla de xestión (Troitiño, 1995; Paül, 2017; Cidrás e Paül, 2022).

En todo caso, repítese *ad nauseam* que a poboación local debe ser implicada na xestión dos espazos protexidos de montaña (Depraz, 2008; Price e Kohler, 2013), o que con frecuencia non é máis unha aspiración ca unha realidade (Büscher e Fletcher, 2020). Alén disto, acostuma a resultar que a percepción local das proteccións é negativa porque se considera por parte das comunidades directamente afectadas que non son máis ca fonte de restricións e prohibicións (Troitiño, 1995; Depraz, 2008; Paül, 2017).

De feito, desde o libro de Dowie (2011), as proteccións son vistas como ferramentas que comportan a aparición de «refuxiados da conservación», isto é, de poboacións que se vén obrigadas a desprazárense ao designarse perímetros deste tipo. Aínda que Dowie (2011) centre a súa obra nos efectos dos espazos naturais protexidos nos pobos orixinais —inicia as súas consideracións, en efecto, polos efectos da declaración de Yosemite nas comunidades indias—, o concepto estendeuse a toda poboación local forzada a marchar a causa das medidas proteccionistas, sobre todo a medida que o novo paradigma da renaturalización (*rewilding*) se está a estender desde que apareceu como tal nos anos 1990 (Büscher e Fletcher, 2020; Hoefle, 2020; Cidrás e Paül, 2022; Zanolin e Paül, 2022). Tampouco son estraños os casos de

despoblación da poboación autóctona primeiro e logo urbanización selectiva ligada a un turismo orientado á poboación proveniente de espazos urbanos, o que constitúe un tipo de xentrificación verde (Hoefle, 2020) e conecta co concepto de *naturbanización* proposto por Prados (2009). Así, o proteccionismo é visto por parte da bibliografía sobre a materia como un indutor da despoblación, xa sexa de forma deliberada ou pasivamente, máis que como unha ferramenta para evitala. Sexa como for, Adams (2020) subliña que, malia todas as críticas, o único seguro sobre os espazos protexidos é que seguen en expansión e, de feito, como tamén subliñan Büscher e Fletcher (2020), son moi habituais as posturas académicas e de militancia ecoloxista, con graos variábeis de influencia nas concepcións políticas e na adopción de políticas reais, que procuran superar limiares precisos de superficie protexida. É o caso do coñecido «30by30 target» (30% da superficie de cada país protexido para 2030) tan de moda na década de 2020.

2.2.2.1. O desenvolvemento dos espazos naturais protexidos a escala comunitaria: a Rede Natura 2000 nas áreas de montaña da Unión Europea


Desde precisamente os anos 1970, as daquela Comunidades Europeas, hoxe Unión Europea, levaron a cabo un potente desenvolvemento de políticas ambientais. No seu seo, Olcina e Blázquez (2019: 477) sinalan a relevancia que acadou a Rede Natura 2000, «uno de los logros más destacados para la conservación de especies y espacios de valor ecológico del territorio europeo». A Rede Natura 2000 configúrase como tal ao comezo dos anos 1990, coa chamada «Directiva Hábitats» (Consejo de las Comunidades Europeas, 1992), que, no fundamental, establece dúas figuras: os *lugares de interese comunitario* (LIC) e as *zonas de especial conservación* (ZEC); os primeiros teñen carácter preventivo e proclámanse unha vez que cada Estado-membro remitiu a proposta á Comisión e esta apróbaa e os segundos son unha transformación dos primeiros, cando media un plan de conservación. Amais, a «Directiva Hábitats» subsume as *zonas de especial protección para as aves* (ZEPA) declaradas ao abeiro da chamada «Directiva Aves» (Council of the European Communities, 1979),² anterior e produto directo da primeira consciencia ambiental a escala continental en relación coa necesidade de ter en conta os lugares de escala das aves migratorias. Malia que, con este contexto legal, poida semellar que se establece unha rede europea de espazos naturais protexidos, Rauschmayer, Hove e Koetz (2009) demostraron que a súa implantación variou moito entre Estados-membros. No caso concreto de España, amais, a súa aplicación variou entre comunidades autónomas. Así, tal e como amosou Paül (2017) no caso galego, ante a práctica ausencia de espazos naturais protexidos previos á Rede Natura 2000, esta converteuse *de facto* na estrutura básica de protección da natureza en Galicia, e de feito aínda o é a día de hoxe, afectando sobre todo áreas de montaña (figura 9).

En positivo, Sundseth e Creed (2008) definen a Rede Natura 2000 como a maior rede de áreas protexidas do mundo e, pola súa banda, Rosa e Silva (2005), como a máis innovadora e ambiciosa iniciativa de conservación da natureza nunca levada a cabo a nivel planetario. McCauley (2008) e Apostolopoulou e Pantis (2009) consideran que a Rede Natura 2000 foi deseñada tanto para a protección da biodiversidade como para o desenvolvemento de actividades antrópicas que faciliten a conservación, de xeito que se podería ler máis como conservacionista ca coma estritamente proteccionista, nos termos citados uns parágrafos máis arriba de Depraz (2008). Ferranti et al. (2014) distinguiron tres paradigmas de xestión sucesivos na súa implantación:

² España non formaba parte das daquela Comunidades Europeas en 1979, polo que, nas versións oficiais desta directiva en orixe, non consta ningunha das súas linguas oficiais.

Figura 9. A Rede Natura 2000 en Galicia.

A Rede Natura 2000 en Galicia foi consolidada coa aprobación do «Plan Director» de 2014, un instrumento non previsto lexislativamente, mais que permitiu pasar todos os LIC a ZEC. Tal e como se pode comprobar na imaxe e Paül (2017) explica, as ZEC galegas apóianse nas montañas, nomeadamente as «cinco grandes» de máis de 20.000 ha cada unha: Ancares-Courel (102.438 ha), Macizo Central (46.829 ha), Baixa Limia (34.248 ha), Trevinca (24.860 ha) e Xistral (22.480 ha); só elas suman o 65% do total. De acordo con Paül (2017), a súa escolla explícase por seren áreas con menores presións, onde a poboación en termos xerais non presenta resistencias. A Rede Natura 2000 estableceuse de forma sixilosa por parte da Xunta desde finais dos anos 1990, sen participación social. Ante a falla de espazos naturais protexidos previos, constitúe a principal estrutura de protección da natureza de Galicia a día de hoxe, manifestamente insuficiente.



Fonte: https://medioambiente.xunta.gal/c/document_library/get_file?folderId=157817&name=DLFE-15102.pdf (acceso o 19/8/2024).

1. Nos anos 1990, a prevalencia dun enfoque tecnocrático-científico centrado en aspectos ecolóxicos por riba de cuestións socioeconómicas, caracterizado pola asunción de que os problemas complexos só poden ser abordados a través de procedementos científicos e técnicos.
2. Nos anos 2000, unha perspectiva participativa que procura implicar as comunidades afectadas mediante procedementos participativos e deliberativos.
3. Nos anos 2010, o xurdimento dunha visión do desenvolvemento sustentábel (véxase o punto 2.2.4) particularmente centrada nunha lectura económica que inclúe os conceptos de servizos ecosistémicos e focalízase na aplicación de conceptos cuantitativos e procedementos tales como a análise custo-beneficio ou a avaliación en termos de valores de mercado.

Dito isto, cómpre salientar que a Rede Natura 2000 foi criticada por estar desenvolvida de arriba para abaixo (*top-down*) e non, como sería desexábel, de abaixo para arriba (*bottom-up*). De acordo cunha revisión da bibliografía dispoñíbel ao respecto, esta crítica pode detallarse do seguinte xeito:

- Unha distribución asimétrica de poder, caracterizada por unha sobrepresenza e hiperactividade das administracións públicas (governos) e unha falla de participación real por parte da sociedade civil (Blicharska et al., 2016).
- Unha falla de incentivos á participación local (Dimitrakopoulos et al., 2010; Crofts, 2014; Blicharska et al., 2016). Cando esta acontece, ten natureza selectiva e é desenvolvida só nas etapas iniciais da implantación da Rede Natura 2000, coa presenza tan só daqueles actores predefinidos polos governos (Bouwma et al., 2008; Bouwma, Apeldoorn e Kamphorst, 2010; Blicharska et al., 2016).
- O proceso de designación dunha área como Rede Natura 2000 comporta case sempre unha oposición da comunidade local afectada, á cal moi raramente se lle dá a oportunidade de expresar a súa opinión (Rosa e Silva, 2005; Grodzinska-Jurczak e Cent, 2011; Sarvašová, Šálka e Dobšinská, 2013; Winkel et al., 2015). Asímesa que a poboación resistirase en xeral á protección por defecto (Hiedanpää, 2002) porque as autoridades non cren que a xente entenda as limitacións que estas impoñen no uso da natureza cando implantan a Rede Natura 2000 (Garde, 2005).
- A selección de lugares para a súa inclusión na Rede Natura 2000 limitábase en aparencia a criterios científicos relativos a hábitats e especies (Turnhout et al., 2015), sen a implicación das comunidades locais (Cent, Mertens e Niedziałkowski, 2013; Ferranti et al., 2014). A isto hai que engadir que estes supostos criterios científicos e técnicos presentan unha preferencia ideolóxica por determinados hábitats e especies, por exemplo aquelas comunidades vexetais que teñen carácter maduro, desbotando as seriais que están, tamén, incluídas nas directivas aplicábeis (Paül, 2017).
- A toma de decisións lévase a cabo sobre todo a nivel estado-nacional, para responder de forma directa ás demandas vencelladas ao cumprimento das directivas comunitarias aplicábeis, e implántase nas escalas rexional e local, sen diálogo entre estes tres chanzos (Lindstad et al., 2015).
- Detéctase unha preferencia pola imposición de políticas regulamentistas unilaterais, sen canles conciliatorias para a xestión dos espazos incluídos na Rede Natura 2000, as cales se poderían facultar a través do diálogo e da negociación (Pinton et al., 2006; Marquette, 2007; Bouwma, Apeldoorn e Kamphorst, 2010; Apostolopoulou, Drakou e Pediaditi, 2012).

De acordo con Liefferink, Wiering e Uitenboogaart (2011), a implantación da Rede Natura 2000 puidera ser *bottom-up* se se basease nunha toma de decisións a varias escalas que tivese en conta os actores locais (Liefferink e Jordan, 2004; Niedziałkowski et al., 2016). Rauschmayer, Hove e Koetz (2009) argumentan que esta vía *bottom-up* só está pódose na práctica recentemente, desde finais da década de 2000, de forma tentativa.

2.2.3. O *aménagement du territoire* aplicado ás montañas de Francia

Tal e como xa avanzamos máis arriba, a montaña francesa constitúe un dos escenarios por antonomasia do despregue do *aménagement du territoire* (Merlin, 2002; Lacour e Delamarre, 2003). De acordo con Merlin (2002), pódese facer unha xenealoxía en base a tres grandes fases, aínda que Debarbieux (2004: 402) fale de dúas xeracións, porque non considera a primeira de Merlin (2002).

A primeira de Merlin (2002) é moi proturística, en especial en relación co turismo de esquí. Aínda que se ofrecerá maior detalle desta fase no subpunto 2.2.3.1, cómpre dicir que se vehicula en boa medida a través do chamado *Plan Neige*, vixente nos anos 1960 e 1970. Procúrase basicamente o «*tout tourisme*» ao que se refire Merlin (2002: 257) mediante grandes investimentos que reciben o apoio financeiro do Estado. Cómpre destacar que existían estacións de esquí previas, algunhas das cales son desenvolvementos que entrarían dentro do punto 2.2.1, isto é, mediante autorización estatal xa desde o século XIX ao *laissez-faire* empresarial nas áreas de montaña. Tamén en relación co «*tout tourisme*» do *Plan Neige*, pódese salientar que participa da tendencia á promoción do turismo nas concepcións administrativas e nas políticas públicas implantadas en áreas de montaña, o que resulta coherente coa seguinte frase lapidaria: «Tourism is regarded by many governments and communities in mountain areas around the world as vital for economic development and survival» (Price e Kohler, 2013: 342).

Nos anos 1970 rexístrase unha nova pulsión ordenadora, dominada pola coñecida como *Directive Montagne* de 1977, aínda que hai disposicións anteriores que a preludian (Merlin, 2002: 263). Dunha banda, continúaase coa promoción de medidas especiais de apoio nunha lóxica de reequilibrio territorial do conxunto de Francia: estas destinábanse sobre todo ao turismo e foron criticadas por induciren á urbanización masiva seguindo intereses esóxenos (Merlin, 2002; Sacareau, 2003; Bordessoule, 2019). Un dispositivo destes anos son os *commissaires de massif*, coordinadores das actuacións nas principais zonas montañosas —*massif*— mediante unha ordenación indicativa —*schémas de massif*— (Merlin, 2002; Lacour e Delamarre, 2003). Da outra, sobre todo desde finais dos anos 1970, a dirección política que comezou a espallarse foi a protección da montaña en chave natural e ambiental, xa imbuída polo contexto relatado no punto 2.2.2 nesa década. Deste xeito, se Merlin (2002: 257, 263) falaba para a xeración anterior de «*tout tourisme*», agora os termos son «*tout protection*». Unha valoración acaída desta verdadeira primeira xeración de políticas de montaña *aménagistes* en Francia é a seguinte:

La directive « Montagne » fut appréciée par les milieux écologistes, mais beaucoup moins par les habitants et les élus de la montagne. Ceux-ci y virent une entrave à leurs possibilités développement économique, en particulier touristique [...], au nom de l'intérêt national [...]. [C]ette politique apparut également parachutée de Paris par la DATAR et ne recontra jamais de véritable adhésion des élus de la montagne et encore moins de la population. (Merlin, 2002: 264-265).

De acordo con Debarbieux (2004: 402), a segunda xeración de *aménagement* da montaña consiste en «global policies underlining the social, territorial and environmental singularity of mountain regions». No punto 2.2.4 analizámola con maior detalle, mais agora cómpre subliñar

que en Francia esta xeira se concretou na chamada *Loi Montagne* de 1985, que crea os *comités de massif*, de forma que se procura garantir a participación local na ordenación das áreas de montaña (Pujadas e Font, 1998; Merlin, 2002). Os plans que se aproban no seu seo seguen a clásica contractualización francesa (*contrats de massif*), corresponsabilizándose da súa implantación as distintas administracións. As políticas de desenvolvemento destes territorios van alén do sectorial (agricultura, turismo, etc.) a través dun enfoque integral que presenta repercusións no planeamento urbanístico, ao mesmo tempo que pretende asegurar a preservación do medio. Novamente, Merlin (2002: 270) válenos para a súa valoración:

La loi « Montagne » a été appliquée *a minima* en ce qui concerne son volet protection-aménagement. Le bilan est moins décevant en ce qui concerne le volet économique. [...] Par ailleurs, la décentralisation entraînée par les nouvelles procédures a fait perdre toute vision d'ensemble de l'évolution du développement [á escala das montañas]. (Merlin, 2002: 270, 273).

Deste xeito, este *aménagement* das montañas francesas pasa a convivir coas, cando non ser substituído polas, novas abordaxes administrativas e políticas que se instauran nelas. Dunha banda, a axenda ambiental concretada nos espazos naturais protexidos, a través dos cales se operativizan as disposicións proteccionistas (*vid. supra* punto 2.2.2). Da outra, a progresiva europeización das políticas territoriais —por exemplo, mediante o desenvolvemento rural propiciado por LEADER ou das axudas ao establecemento de labregos mozos nas zonas definidas como de agricultura de montaña— implica que se canalicen por esa vía as novas formas de actuar na montaña (*vid. infra* punto 2.2.4).

2.2.3.1. As xeracións das estacións de esquí nos Alpes franceses e as tipoloxías propostas para a casuística española

Merlin (2002: 255-274) dedica unha parte importante do seu capítulo de ordenación da montaña no seu coñecido manual de ordenación territorial *à la française* ás estacións de esquí mediante o uso do modelo xeracional do que falaremos deseguido. Á súa vez, na súa obra dedicada ao turismo en Francia, e ao seu *aménagement*, o capítulo dedicado monograficamente á montaña de novo baséase en gran medida no modelo xeracional de estacións de esquí (Merlin, 2006: 106-128). Isto demostra até que punto este modelo teórico forma parte da visión académica, e político-institucional, sobre a ordenación das áreas de montaña.

Xa hai moitas décadas que se afirmou que «Il n'y a pas de station de sports d'hiver qui soit l'archétype de toutes les autres, il n'y a que des situations très personnalisées» (Préau, 1969: 139). No entanto, precisamente o propio Préau (1969) xa crea a súa clasificación de estacións de esquí en base a distintas etapas que se suceden temporalmente. Toda tipoloxía sempre resultará inaxeitada (López Palomeque, 1996), mais permite modelizar unha casuística. Deseguido, exporemos o modelo tipolóxico máis consolidado das catro xeracións das estacións de esquí, citado, por exemplo, *a posteriori*, por Lozato-Giotart (1990), Merlin (2006), Woessner (2010) ou Bouron e Georges (2019), entre outras referencias chave en cadansúas materias en Francia, respectivamente Xeografía do turismo, Ordenación do turismo, Ordenación do territorio e Xeografía rural. Bouron e Georges (2019) represéntanas graficamente nunha imaxe que recollemos na figura 10. Segundo Delorme (2014), a súa autoría orixinal corresponde a Knafou (1978). No entanto, cómpre advertir que non consta na obra orixinal a cuarta xeración por cronoloxía, dado que é posterior a ela.


1. A primeira xeración iníciase en Chamonix, recoñecida como a estación precursora, e desenvólvese desde finais do século XIX, cando o turismo de neve aínda era unha actividade marxinal (Préau, 1969; Knafou, 1978; Bouron e Georges, 2019). A creación destas estacións adoita xurdir en

núcleos preexistentes a baixa altitude (por debaixo dos 1.000 m) que xa contaban con algún tipo de turismo, en xeral centros termais estivais que evolucionaran alén das actividades primarias (Lozato-Giotart, 1990; Merlin, 2002, 2006). De acordo con Knafou (1978) e Delorme (2014), a configuración urbanística desta xeración é heteroxénea, destacando a introdución do *chalet* de montaña como un tipo arquitectónico distintivo.

2. A segunda xeración, que tivo lugar entre 1930 e 1975, desenvólvese grazas ao medre do turismo deportivo relacionado co esquí, o que resultou na masificación da montaña (Knafou, 1978; Lozato-Giotart, 1990). Nesta etapa, prodúcese a urbanización *ex nihilo* do lugar óptimo de nivisidade, situado a partir dos 1.500 m de altitude e afastado dos asentamentos de poboación orixinais. Segundo López Palomeque (1996), este proceso foi levado a cabo por distintos promotores, sendo común en Francia a participación de sociedades mixtas público-privadas a nivel local e rexional. Merlin (2002, 2006) destaca a dedicación exclusiva destas estacións ao esquí, mentres que Delorme (2014) sinala un modelo urbanístico descontextualizado para esta xeración.
3. A terceira xeración refírese ás estacións coñecidas como *stations intégrées* que se desenvolveron a partir dos anos 1960, en inicio ao abeiro do *Plan Neige* mencionado máis arriba. Estas estacións carecen de relación co territorio circundante e o seu alto grao de urbanización é planificado por un único promotor empresarial que as sitúa en grandes espazos innivados a altitudes de 1.500-2.000 m para arriba, con pistas de esquí orientadas ao norte e construcións cara ao sur. Son consideradas fordistas no sentido que procuran maximizar o número de esquiadores, practicando unha urbanización total destinada a comercializar e rendibilizar o esquí a tempo completo (Lozato-Giotart, 1990). Respecto da integración coa paisaxe, tanto Woessner (2010) como Delorme (2014) matizan que os modelos urbanísticos implantados, malia o seu carácter masivo, procuraron dalgún xeito unha certa vinculación con ela.
4. A cuarta xeración, que tivo lugar entre 1970 e 1990, xorde coa finalidade de mellorar a relación entre o turismo e a montaña (López Palomeque, 1996; Woessner, 2010; Delorme, 2014). Este período caracterízase pola procura dun desenvolvemento de urbanizacións máis respectuosas co medio e coa cultura locais (Vlès, 2012). Maniféstase nun certo retorno aos núcleos-estación, como na primeira xeración, establecendo acordos coas administracións locais e amosando un compromiso aparente de respectar a arquitectura tradicional e fomentar o emprego local (Delorme, 2014). En termos de tamaño, trátase de estacións modestas localizadas en altitudes medias (ao redor dos 1.500 m). Amais, procuran proporcionar actividades complementarias ao esquí, de xeito que debeñen estacións polivalentes que perseguen un funcionamento ao longo do ano, alén da tempada invernal (Lozato-Giotart, 1990; Woessner, 2010).

López Palomeque (1996) achega unha translación do modelo francés ao Pireneo catalán, clasificando a maior parte das estacións de esquí na segunda xeración, algunhas na terceira e non rexistra ningunha na cuarta; no entanto, este autor xa salienta a dificultade do exercicio de aplicación do modelo fóra de Francia. Pola súa banda, Gómez Martín (2008) considera que Baqueira (nome comercial de Vauquèira en occitano aranés) é de terceira xeración e Lasanta, Arnáez e Pascual (2014) comparan Valdezcaray con Chamonix, na primeira xeración.

Figura 10. O modelo das catro xeracións de estacións de esquí.



Fontes: Bouron e Georges (2019: 276).

Deste xeito, a bibliografía española na materia teimou en desenvolver os seus propios modelos de estacións de esquí, propondo novas tipoloxías. Gómez Martín, Armesto e Cors (2016) propoñen diferenciar as do Pireneo catalán en función do tamaño. Así, Font, Sánchez Aguilera e Coma (2018) catalogan as dúas de Teruel como pequenas. Pola súa banda, Font (2023) achegou recentemente unha nova tipoloxía en base a tres xeracións *ad hoc* de España:

1. As primeiras son previas aos anos 1960 e relaciónanse sobre todo coa demanda de Barcelona no Pireneo, incluíndo varias estacións de esquí accesíbeis en ferrocarril e/ou cremalleira, e en menor medida inclúe algunhas do Sistema Central inducidas por Madrid e as pioneiras de Aragón.
2. A segunda xeración desenvólvese nos anos 1960-1970 e consiste na explosión de estacións pola maior parte das montañas españolas, polo xeral en cotas baixas (ao redor dos 1.500 m), polo que algunhas, co paso dos anos e ante a diminución da innivación, xa pecharon.
3. A terceira xeración é a máis recente e sitúase a cotas moito máis altas, por riba dos 2.000 m, para, na latitude na que se atopa España, salvar a falla de innovación e mesmo o cambio climático. Salienta Sierra Nevada, que se sitúa por riba dos 3.000 m.

2.2.4. Últimos desenvolvementos: das zonas de agricultura da montaña ao paradigma da sustentabilidade

Alén das dúas grandes concepcións administrativas e políticas públicas aplicadas nas áreas de montaña que foron revisadas nos puntos 2.2.2 e 2.2.3, existen outras vías con certo rendemento detectadas e avaliadas pola bibliografía especializada na materia. Unha primeira provén do século XIX e é de carácter sectorial agrario. Segundo Sacareau (2003: 212), implantouna por vez primeira Suíza a finais do oitocentos, como mecanismo para o sostemento dos labregos de montaña, seguida de Austria a inicios do século XX; Italia e Francia tamén o fixeron avanzada a centuria, este último país nos anos 1970 no marco da *Directive Montagne*, mais logo seguíronlle Polonia ou Croacia, nas máis das ocasións con dilatados debates sobre a súa delimitación territorial (Debarbieux, 2004; Villeneuve et al., 2004; Bordessoule, 2019). Deste

xeito, novamente, demóstrase que a construción sociopolítica da montaña resulta chave para entender como se concibe.

España incorpórase a este tipo de ordenación coa súa lei privativa na materia de 1982 (Cortes Generales, 1982). Esta establecía zonas de agricultura de montaña (ZAM), coa finalidade de facultar axudas específicas para os agricultores dos territorios delimitados como tales (Majoral, 1997; Pujadas e Font, 1998; Collantes, 2004). As ZAM tiñan que destinarse, tamén, a manter núcleos de poboación reitores dentro do sistema urbano nas áreas de montaña, conservar o medio físico e, en xeral, promover o seu desenvolvemento económico e social (Majoral, 1997). No entanto, as avaliacións da súa aplicación poñen o fincapé en que a entrada de España nas daquela Comunidades Europeas «desvió el centro de atención hacia los instrumentos de ayuda a las zonas de agricultura desfavorecida que ya existían en aquel momento en la CEE» (Pujadas e Font, 1998: 275). Isto é: a aplicación foi converxendo cos instrumentos xa existentes nas Comunidades Europeas sobre agricultura de montaña e desvirtuou todo o que a lei de 1982 tiña alén da estrita materia sectorial agraria. En efecto, desde 1975, as institucións comunitarias xa promulgaran unha directiva para o mantemento da agricultura da montaña e o establecemento prioritario nela dos labregos mozos (Council of the European Communities, 1975), política que, a través da Política Agraria Común, se foi mantendo até finais da década de 1990 con modificacións sucesivas (Majoral, 1997; Pujadas e Font, 1998).

En segundo termo, Pujadas e Font (1998: 265-283) poñen o fincapé na súa revisión do que eles categorizan como un tipo específico de ordenación de territorios especialmente vulnerábeis, relativo ás áreas de montaña, nos seguintes procedementos político-administrativos: «[d]iversos países europeos [que] han desarrollado desde hace bastante tiempo medidas de ordenación territorial dedicadas específicamente a áreas de montaña» (Pujadas e Font, 1998: 271). Neste punto, fan referencia aos mecanismos franceses de *contrats de massif* implantados na chamada «segunda xeración» analizados máis arriba (*vid. supra* punto 2.2.3). Porén, o fundamental aquí é subliñar que non actúan en solitario, senón que outros moitos países xa traballaran nesta mesma dirección antes. É o caso das *comunità montana* establecidas en Italia desde os anos 1950 ou das *régions de montagne* de Suíza desde os anos 1970. Nesta xeira a planificación territorial transversal —ambiental, social, económica, etc.— para as rexións de montaña vai asociada ao establecemento de entidades de participación das autoridades locais afectadas (Pujadas e Font, 1998: 271-273).

No caso español, só Cataluña levou a cabo unha política homologábel nesta dirección, coa súa lei propia de alta montaña (Generalitat de Catalunya, 1983), simbolicamente unha das primeiras aprobadas polo restaurado autogoberno catalán a inicios dos anos 1980. No fundamental, esta lexislación prevé unha estrutura de ordenación en base a comarcas e zonas de montaña (Pujadas e Font, 1998; Majoral, 1997, 2002; Paül et al., 2007; figura 11). Desde daquela, e de forma permanente, está sometida a debate público. De feito, a superposición de políticas europeas de distinto tipo (desenvolvemento rural, etc.) supéraa amplamente, mais non se acaba de substituír por unha nova, talvez pola potencia do seu simbolismo. Así, a proposta de nova lei presentada en 2022, non aprobada, prevía, entre outras cuestións, o seguinte (Generalitat de Catalunya, 2022):


- Cambiar a forma de abordar as políticas de montaña, en boa medida porque as previsións iniciais —déficits de infraestruturas, falla de equipamentos, etc.— xa foron atendidas, implantáronse espazos naturais protexidos con funcións de desenvolvemento rural (parques naturais) e apareceron novos enfoques considerados máis acaídos para o momento actual, en particular o desenvolvemento sustentábel.

- Para evitar a dispersión de instrumentos —nomeadamente dada a duplicidade cos grupos LEADER existentes—, eliminar os plans e programas de montaña. Isto sería substituído por un enfoque estratéxico transversal a nivel de goberno (un xenérico *plan de actuacións estratéxicas*).
- Modificar a xeografía da figura 11, eliminando as diversas zonas de montaña e quitando a comarca da Garrotxa da listaxe de comarcas de montaña.

Estas modificacións propostas dan conta de como se está a deseñar a política de montaña na década de 2020, aínda que neste caso esa nova lexislación non fose aprobada como tal no parlamento catalán.

Figura 11. Os territorios da planificación da montaña catalá.

A Generalitat de Catalunya (1983) contemplaba a implantación de plans comarcais de montaña nas chamadas comarcas de montaña con cadanseus consellos comarcais, antes mesmo que se restaurase a división comarcal de Cataluña en 1987. Tamén estipulaba a elaboración de programas zonais nas zonas de montaña que se delimitasen naqueles territorios que tivesen condicións análogas de montaña sen estaren situados no Pireneo catalán. Até finais do século XX mantívose esta política sen grandes variacións (Pujadas e Font, 1998; Majoral, 2002; Paül et al., 2007), mais nas tres primeiras décadas do século XXI está a dar sinais evidentes de esgotamento polas razóns indicadas en Generalitat de Catalunya (2022). Alén disto, no ano 2002 creouse un Institut per al Desenvolupament i la Promoció de l'Alt Pirineu i Aran (Generalitat de Catalunya, 2003), que cobre seis das dez comarcas de montaña de 1983 e que tamén pode ser lido en parte como unha mostra de esgotamento e superación do modelo de 1983.



Fonte: Paül et al. (2007: 1103).

No contexto da Unión Europea, a evolución da Política Agraria Común no paradigma do desenvolvemento rural implicou a progresiva conformación de perímetros supramunicipais que se destinan á recepción e xestión de fondos a través de documentos estratéxicos (Majoral, 1997; Pujadas e Font, 1998; Lacour e Delamarre, 2003; Villeneuve et al., 2004; Paül, 2013). Así, as políticas de desenvolvemento rural da Unión Europea están a afectar de forma notábel as áreas

de montaña (Collantes, 2004; Delgado Viñas e Plaza, 2012), aínda que sexa «en filigrane», en acertada expresión de Debarbieux e Rudaz (2010: 285), pois, en xeral, non se dirixen deliberadamente a elas. Os perímetros LEADER (xestionados por grupos de acción local/GAL, chamados en España polo xeral grupos de desenvolvemento rural/GDR) constitúen o paradigma neste senso, cun ostensíbel nesgo para o turismo (Collantes, 2004; Delgado Viñas e Plaza, 2012; Paül, 2013; Paül, Lazovski e Lois González, 2016). Isto resulta altamente coherente coa constatación de Price e Kohler (2013: 342) xa mencionada de que os gobernos confían por norma no turismo cando se trata de abordar as montañas.

Tampouco se pode perder de vista que numerosas zonas de montaña coinciden con fronteiras internas da Unión Europea, polo que pasaron a formar parte de perímetros territoriais afectados por INTERREG ou iniciativas análogas de cooperación territorial transfronteiriza. Deste xeito, ábrese outra vía posíbel de europeización/internacionalización das montañas no contexto europeo (Debarbieux e Rudaz, 2010; Debarbieux, Price e Balsiger, 2015; del Biaggio, 2015; Chillas, 2020). Na figura 12 represéntanse tres que se solapan parcialmente. Resulta interesante na investigación referente a estes territorios de montaña formulados en cooperación transfronteiriza a conclusión de del Biaggio (2015) acerca da participación dos concellos nestas estruturas panalpinas:

[Cómpre] to unpack the notion of a regional identity (“Alpine” here) and to highlight its ambiguities; [...] the Alpine identity is taken on in a strategic fashion—even by those who do not necessarily “buy into” the Alpine ideal, but believe that it makes strategic sense, for one reason or another, to be part of a trans-national network working at an Alpine scale. [...] This article demonstrates that identities are a matter of choice and that a municipality’s geographical position does not pre-determine a particular political or social identity. (del Biaggio, 2015: 53).

Isto sitúanos novamente na idoneidade do construtivismo social, ao respecto do cal iniciabamos este marco teórico (*vid. supra* apartado 2.1) para entender de que xeito se conforman, operativizan, desenvolven ou mesmo rexeitan as abordaxes administrativas e políticas que afectan as montañas.

Finalmente, non se pode perder de vista, como de feito xa foi aparecendo nas páxinas anteriores, que desde os anos 1980, mais sobre todo desde a década de 1990, foise asentando un novo paradigma que acadou moito rendemento na concepción, planificación e xestión das áreas de montaña: a sustentabilidade (Marchant, 2010; Price e Kohler, 2013; Zanolin e Paül, 2022). Deste xeito, Villeneuve et al. (2004) consideran que a sustentabilidade tingue todas as modalidades de abordaxe político-institucional das montañas que se revisaron até aquí, ao longo do apartado 2.2. Téndese a soster, dalgún xeito, que o desenvolvemento sustentábel actúa de forma holística, integral ou transversal, porque pretende abordar ao mesmo tempo a promoción do desenvolvemento económico, a equidade social e a protección da natureza. No entanto, nesta vontade totalizadora atopamos unha das fontes habituais de críticas, pois o pretendido equilibrio entre as dimensións ambiental, económica e social dista de ser doado, cando non controvertido e mesmo é considerado un oxímoro (Sacareau, 2003; Büscher e Fletcher, 2020; Hoefle, 2020; Zanolin e Paül, 2022).

De acordo coas lóxicas que sustentan os espazos naturais protexidos de Depraz (2008) mencionadas no punto 2.2.2, o paradigma da sustentabilidade vehicúlase mediante o conservacionismo ou as éticas ecocéntricas. Non é estraño, de feito, que as Reservas da Biosfera, un dispositivo nacido ao abeiro do ambientalismo da década de 1970, transicionasen *a posteriori*, na década de 1990, cara á lóxica da sustentabilidade; na actualidade, de feito, tenden a ser presentadas como a quintaesencia do desenvolvemento sustentábel, mutación

constante que tampouco lles aforra críticas (Paül, Vila Lage e Trillo, 2022). A profusión de Reservas da Biosfera nas áreas de montaña resulta tamén patente.

Na figura 13 ensaiamos unha contraposición de dúas propostas de modelos de desenvolvemento sustentábel da montaña de autores de referencia na materia: Marchant (2010) e Price e Kohler (2013). Ambos os dous empregan unha tipoloxía de aspectos chave (respectivamente, «*key elements*» e «*key issues*») que ofrecen co propósito de determinaren que cuestións hai que tratar cando se aborda a planificación, ordenación e/ou xestión da montaña baixo a óptica da sustentabilidade. O que resulta revelador, e que demostra até que punto esta abordaxe é heteroxénea, cando non contraditoria en si mesma, é que practicamente non hai ningún aspecto coincidente entre ambos os dous, malia en teoría procuraren o mesmo prisma e só estaren publicados con tres anos de diferenza.


Figura 12. As tres grandes estruturas panalpinas instituídas para a cooperación territorial transfronteiriza.

Existen tres grandes estruturas panalpinas instituídas para a cooperación territorial transfronteiriza. Os seus límites ultrapasan notabelmente os dos Alpes estritos, tal e como o mapa amosa, o que indica que máis territorios alén que non son «obxectivamente alpinos» (sic) queren participar dos Alpes. De acordo con Chillas (2020), a máis antiga é a Convención Alpina, un tratado internacional asinado en 1991, auspiciada pola Comisión Europea mais coa participación de países externos a ela (Liechtenstein, Mónaco e Suíza). Asemade, desde inicios dos anos 2000 funciona un programa INTERREG específico para os Alpes (o chamado Espazo Alpino). E, en terceiro lugar, en 2016 foi aprobada a Estratexia da Unión Europea para a Macrorrexión Alpina, unha das poucas estratexias macrorrexionais do continente establecidas como tales pola Comisión Europea.



Fonte: Chillas (2020: 464).

Figura 13. Dous modelos de aspectos chave do desenvolvemento sustentábel da montaña.



Fontes: Marchant (2010) e Price e Kohler (2013).

3. CONSIDERACIONES METODOLÓGICAS

3.1. PROCEDEMENTO METODOLÓGICO XERAL

Paül, Trillo e Haslam McKenzie (2019) sosteñen que situarse nas coordenadas do construtivismo social, tal e como aquí fixemos co subapartado 2.1, implica decantarse cara a unhas determinadas opcións metodolóxicas que poñen a énfase nas percepcións dos actores territoriais. Ruiz Olabuénaga (1999: 31) apunta na mesma dirección para o conxunto das Ciencias Sociais. En efecto, os métodos cualitativos son a vía que posibilita:

1. Entrar dentro del proceso de construcción social, reconstruyendo los conceptos y acciones de la situación estudiada, para
2. Describir y comprender los medios detallados a través de los cuales los sujetos se embarcan en acciones significativas y crean un mundo propio suyo y de los demás.
3. Conocer cómo se crea la estructura básica de la experiencia, su significado, su mantenimiento y participación a través del lenguaje y de otras construcciones simbólicas.
4. Recurriendo por ello a descripciones en profundidad, reduciendo el análisis a ámbitos limitados de experiencia, a través de la inmersión en los contextos en los que ocurre. (Ruiz Olabuénaga, 1999: 31).

Segundo insiste Ruiz Olabuénaga (1999), a vía cualitativa implica necesariamente encadrarse na indución. En Xeografía, cando menos desde Harvey (1969), existe unha tendencia a opor o indutivo *versus* o dedutivo de forma taxativa, de xeito que resulta obrigado posicionarse, neste caso na liña indutiva. No entanto, cómpre recoñecer que, *stricto sensu*, o sustento dunha tese de doutoramento coma esta nun marco teórico e na elaboración dunhas hipóteses ten moito de dedutivo. Unha resposta posíbel á contradición evidente é que tanto o marco teórico como as hipóteses son requirimentos da propia Universidade de Santiago de Compostela (2020, 2024), tal e como quedou manifesto no subapartado 1.4. Outra, menos pragmática, é que o propio Ruiz Olabuénaga cita Cook e Reichardt (s. d., *apud* Ruiz Olabuénaga, 1999: 27-28), os cales, nunhas palabras moi inspiradoras referidas á contraposición entre técnicas cuantitativas e cualitativas de investigación, indican que o antagonismo metodolóxico «puede muy bien estar llevando por mal camino [...]. [C]onstituye un error de perspectiva paradigmática que promueve esta incompatibilidad».

De acordo con Morange e Schmoll (2016: 34), as aproximacións cualitativas non son novidasas en Xeografía e, en todo caso, cada vez se difunden máis. Esta expansión vai acompañada dunha renovada esixencia pola rigorosidade, de xeito que cómpre facer as consideracións metodolóxicas oportunas para o seu emprego, como faremos no sucesivo. Winchester e Rofe (2016) sosteñen unha idea semellante ao amosaren de que xeito a Xeografía foi transitando por momentos máis cualitativos, fronte a outros nos que o cuantitativo tomou o protagonismo.

Winchester e Rofe (2016) realizan unha gradación entre distintos métodos cualitativos específicos en Xeografía, que van do máis achegado aos métodos cuantitativos até os máis afastados; neste último extremo atópase a autobiografía. Tal e como se verá deseguido, esta investigación privilexia sobre todo as entrevistas de carácter semiestructurado, situadas a medio camiño da gradación indicada, e das cales se derivan os resultados dos tres artigos que

conforman esta tese de doutoramento. No entanto, activamos polo menos outros dous procedementos metodolóxicos para a obtención de datos dos que tamén se dará breve conta neste apartado metodolóxico, en concreto, no punto 3.3.

3.2. AS ENTREVISTAS SEMIESTRUTURADAS

3.2.1. Introducción

De acordo con Taylor e Bogdan (1986: 101), as entrevistas pódense definir do seguinte xeito: «Encuentros cara a cara entre el investigador y los informantes, encuentros estos dirigidos hacia la comprensión de las perspectivas que tienen los informantes respecto de sus vidas, experiencias o situaciones, tal como las expresan con sus propias palabras». Pola súa banda, Valentine (2005: 111) apunta as seguintes pertinentes características para este método de investigación:

Unlike a questionnaire, the aim of an interview is *not* to be representative (a common but mistaken criticism of this technique) but to understand how individual people experience and make sense of their own lives. The emphasis is on considering the meanings people attribute to their lives and the processes which operate in particular social contexts. (Valentine, 2005: 111; cursivas orixinais).

Aínda que Ruiz Olabuénaga (1999) non admita unha posibilidade intermedia entre entrevistas estruturadas e non estruturadas, Jennings (2005), Valentine (2005) ou Dunn (2010) estipulan con claridade que as entrevistas semiestruturadas se sitúan entre ambas as dúas. Das entrevistas estruturadas, as semiestruturadas toman a necesidade de tratar todos os aspectos que se se xulguen relevantes. Das non estruturadas, a posibilidade de modificar as cuestións a tratar ou de modificar a súa orde en función do desenvolvemento da conversación.

Neste punto, cómpre subliñar a dificultade que comporta realizar entrevistas nas que poden cambiar significativamente a orde dos elementos e as preguntas realizadas, mais nas que non se pode esquecer ningún tema dos estipulados de antemán. En efecto, Jennings (2005: 105) explica convenientemente que «interviews are more than conversations, they are conversations with a purpose». A aparencia é de diálogo, mais en verdade trátase da aplicación dunha técnica de investigación cualitativa depurada.

3.2.2. A guía da entrevista

As entrevistas semiestruturadas baséanse nunha guía de entrevista madurada que se debe elaborar e empregar ao longo do proceso investigador. Existen abondosas referencias sobre como desenvolver guías deste tipo, chamadas en inglés *interview schedule* (ou *guide*) e, en francés, *grille* ou *guide d'entretien* (Valentine, 2005; Dunn, 2010; Morange e Schmoll, 2016). As indicacións destes e doutros autores tales como Ruiz Olabuénaga (1999) fóronnos de enorme utilidade na elaboración da guía de entrevista aquí activada; por exemplo, en relación cos aspectos introdutorios a ter en conta nela, tales como unha breve presentación do investigador e do propósito da entrevista e, sobre todo, a garantía do carácter anónimo das entrevistas por razóns de ética académica. En relación con pedir permiso para gravar neste momento inicial da entrevista, cómpre dicir que nalgúns casos non nos concederon esa autorización e, polo tanto, tivemos que tomar notas o máis sistemáticas posíbeis; nestes últimos casos, *a posteriori* o seu tratamento (*vid. infra* punto 3.2.4) resultou arduo.

O esquema concreto da guía da entrevista adoptámolo en función dos traballos previos do director da tese, nomeadamente os desenvolvidos no Gerês/Xurés e nas Montañas de Trevinca —os primeiros reflectidos en traballos tales como Trillo e Paül (2016, 2017) e Paül e Trillo

(2019); os segundos, en Paül, Trillo e Haslam McKenzie (2019) e Paül e Trillo (2022)—. Segundo el mesmo explica, o esquema aprendeuno no seu contacto coa Xeografía social francesa aplicada ao turismo en espazos rurais a través dun proxecto de investigación no que participou nos anos 2012-2015 liderado desde a Université de Toulouse II – Le Mirail (actualmente Toulouse – Jean Jaurès). En todo caso, o foco nesoutras montañas era en gran medida a cuestión transfronteiriza, mais re traballouse o esquema para achegalo aos propósitos da presente investigación. Reproducimos a guía de entrevista completa na táboa 2, aínda que as grandes temáticas (primeira columna da táboa) se poden listar deseguido:

- a persoa entrevistada e o seu rol en tanto que actor;
- a súa percepción e visión do territorio, a partir de como define a súa relación persoal con el;
- a súa opinión sobre o papel das administracións públicas no pasado, o presente e o futuro;
- a súa avaliación sobre o impacto das políticas públicas despregadas no territorio;
- a súa valoración acerca do rol desenvolvido polos actores locais, de forma que se poida captar a gobernanza que opera no territorio;
- a identificación que fai de persoas, institucións, organizacións e similares que traballan no territorio, para detectar os actores presentes e as redes que operan no territorio;
- a detección de proxectos ou iniciativas innovadoras desenvolvidas no territorio; e
- a súa visión específica sobre o turismo.

Estes temas, explicitados de forma semellante a esta listaxe nos tres artigos, aparecen en función do acto conversacional, mais Dunn (2010: 108) recomenda unha estrutura denominada «piramidal» ou «de funil». Deste xeito, as preguntas máis abstractas e xerais deben tenderse a situar ao final e cómpre comezar por asuntos doados, por exemplo, relativos ao entrevistado persoalmente ou ao seu rol na organización na que traballa ou á que pertence.

Seguindo o consello fundamental de Valentine (2005: 121), as preguntas non se introducen como tales porque poden resultar agresivas e introduciren un nesgo, senón mediante temáticas que poden ser incentivadas a través da fórmula «Fálame de...»: «Try not to phrase questions which impose an answer [...] on your interviewee. ‘Tell me about...’ is an effective way of encouraging interviewees to talk about an issue in their own words». Pola propia natureza da técnica de investigación, reformúlase se resulta preciso. Neste sentido, temos listas unha serie de retomas se as entradas principais que mobilizamos non funcionan (táboa 2); estas retomas si que constitúen preguntas propiamente ditas. No ART2 tivemos que introducir certo grao de detalle na explicación das preguntas realizadas no seu apartado metodolóxico, a petición das avaliacións anónimas. En todo caso, tentouse empregar sempre unha linguaxe cotiá, adaptando a conversación ao perfil do entrevistado e, polo tanto, aclarando o que queríamos dicir se resultaba preciso.

Por outra banda, a guía da entrevista faise tendo en conta a técnica dos «*mots interdits*», que se incluíron na primeira páxina da guía da entrevista para telos moi presentes, e non verbalizalos, durante toda a entrevista. Consiste no seguinte:

Dans certaines grilles, on évitera d’aborder trop directement le sujet et *notamment d’utiliser certains mots* avant la fin de l’entretien. [...] [D]ans l’esprit de l’approche inductive, on attendra de voir si la question [investigada] émerge spontanément ou pas au lieu de l’imposer à l’équêté. (Morange e Schmolli, 2010: 96; cursivas engadidas).

Esta cita, amais, apunta algo esencial: ten sentido, se se procuran esas palabras, categorías ou aspectos, verbalízalos ao final da entrevista cando non emerxeron ao longo da entrevista. En efecto, só se «forzan» nos últimos minutos da entrevista se non funcionaron de forma espontánea antes.

Táboa 2. Guía da entrevista.

Grandes categorías temáticas subxacentes	Frase de articulación («Fálame de...»)	Preguntas directas alternativas
1. O actor	Fálame de ti... • Traxectoria profesional • Traballo actual Fálame da túa identidade... Fálame de cal consideras que é «a túa zona»...	Como te chamas? Onde traballaches? Onde traballas? Onde naciches? Onde vives? De onde te sentes? Se eu che digo, de onde es, cal considerarías que é ese «onde»?
2. Percepción do territorio e detección de se se considera montañoso ou non, e que é o que iso implica (que valor se lle dá ás montañas)	Coas túas propias palabras, fálame da zona da que estamos a falar... O nome que lle pos... Acábasme de falar (ou non) de montaña/terras altas, fálame algo máis delas: explicámas coas túas propias palabras... Agora cóntame que relación ti tes con esa zona... As montañas estas ás que tes estás a referir chegan até... Cóntame cal cres que é a montaña máis alta da zona... Fálame dos valores principais que hai na zona e de que tipo son... Descríbeme como era a zona da que me falaches e/ou estas montañas hai 40 anos e como son agora... O futuro para a zona e/ou as montañas é...	Que topónimo/nome de lugar utilizas para esta zona? Con que nome coñeces este territorio? A zona da que me falas, ten montañas? Consideras que teñen importancia/relevancia? Que acción realizaches nesa zona? Que límites lle porías a esas montañas? Por que a partir dese límite hai algo diferente? Que montaña é a máis alta do territorio? Podes describir os valores que hai na zona? Cal é a túa opinión sobre eles? Que cambios aconteceron nos últimos 40 anos? Ao longo da túa vida que cambios e/ou permanencias detectas? Como ves o futuro desta zona e destas montañas?
3. Ámbito institucional. Papel das administracións públicas: pasado, presente e futuro	Fálame sobre cousas que destacarías que as Administracións fixeron na zona dende os anos 1980... Dende o teu punto de vista, fálame sobre o futuro para este territorio e o papel das administracións públicas... Se eu che digo que administracións inciden na zona... • Goberno de España (Garda Civil, SEPRONA, etc.) • Xunta de Galicia (diferentes consellerías) • Deputación de Ourense • Concello (dependendo do concello) Valora esta listaxe considerando quen fai máis e por que... Talvez haxa algunha outra administración que me estea a deixar mencionar... Fálame de se a zona da que estamos a falar está ben xestionada... Fálame de se a zona que estamos a falar está protexida... e dos efectos desa protección na xente, ti incluído...	Que cousas positivas e negativas fixeron as administracións públicas no territorio desde os anos 1980? Cal é a túa valoración en relación con iso? Que cres que deberían facer as administracións públicas por esta zona de cara ao futuro? Lístaas de máis a menos [as administracións públicas], quen cres que ten máis capacidade de influencia? Quen menos? Por que? Que accións detectas? Que valoración che merecen? Que dispositivos de protección detectas? Cres que están a funcionar ben? Consideras que teñen efectos/limitacións/incentivos...?
4. Papel dos actores locais. Participación e gobernanza	Fálame sobre as relación sociais na zona...	Que tipo de relacións sociais existen entre a poboación do territorio?

3. CONSIDERACIÓN METODOLÓXICAS

Grandes categorías temáticas subxacentes	Frase de articulación («Fálame de...»)	Preguntas directas alternativas
	<p>Sobre o que comentaches anteriormente en relación coas administracións públicas, na túa opinión, cal cres que foi/é o papel dos veciños, da poboación, etc., nas decisións que tomaron ou toman esas administracións...</p> <p>Fálame de se hai alguén que teña un papel relevante na zona...</p> <p>Cóntame que me podes dicir sobre a túa participación en iniciativas ou actividades neste territorio...</p> <p>Valora a túa participación e a implicación da xente no desenvolvemento do territorio nos últimos 40 anos...</p> <p>Fálame dos Grupos de Acción Local...</p>	<p>Participou/participa a poboación do territorio nas decisións tomadas polas administracións públicas? Cres que a xente ten voz no que deciden as administracións públicas?</p> <p>Detectas algún líder?</p> <p>Cal é/foi a túa participación en iniciativas ou actividades no territorio?</p> <p>Cal é a túa opinión sobre os Grupos de Acción Local/Desenvolvemento Rural da zona?</p> <p>Quen controla os Grupos de Acción Local/Desenvolvemento Rural?</p> <p>Que opinión tes dos Grupos de Acción Local/Desenvolvemento Rural e a súa forma de funcionar?</p>
5. Proxectos ou iniciativas desenvolvidos no territorio	<p>Fálame dalgún proxecto ou iniciativa innovadora desenvolvida na zona durante os últimos 40 anos, que consideres salientábel/que consideres que tivo moita relevancia/potencia/transcendencia...</p> <p>Fálame agora de proxectos ou iniciativas que desde o teu punto de vista serían interesantes para desenvolver no futuro...</p> <p>Fálame de que xeito desenvolverías eses proxectos e a quen pedirías axuda, se fose necesaria...</p>	<p>Que proxectos ou iniciativas che parecen interesantes dos que foron desenvolvidos na zona nos últimos 40 anos?</p> <p>Continúan eses proxectos funcionando na actualidade?</p> <p>Consideras que os proxectos desenvolvidos implicaron a poboación?</p> <p>Que tipo de proxectos innovadores consideras serían interesantes para este territorio?</p> <p>Como valoras a información, a facilidade e o acceso aos fondos económicos (axudas, etc.) para desenvolver proxectos?</p> <p>Cal é a túa opinión sobre os procedementos de concesión de axudas? Consideras que sen este tipo de axudas ou financiamento sería diferente o territorio?</p> <p>Como formularías o futuro en relación coa concesión de axudas socioeconómicas para esta zona?</p>
6. O turismo	<p>Fálame das actividades que se realizan na zona de montaña...</p> <p>Fálame da compatibilidade desas actividades coa conservación da natureza...</p> <p>Descríbeme o turismo na zona...</p> <p>[Se non saú xa] Xa que mencionaches a estación de montaña de Manzaneda, fálame un pouco máis sobre ela...</p> <p>[Se saú xa] Coñeces ben a estación de esquí de Manzaneda, fálame dela...</p> <p>En particular, téntame explicar a súa evolución ao longo do tempo, nas túas palabras e en relación a todo o que ti lembrás...</p> <p>Coméntame quen cres que decide sobre a estación...</p> <p>Fálame do seu futuro...</p>	<p>Que actividades económicas se realizan nesa montaña?</p> <p>Consideras que estas actividades económicas son compatíbeis? Agreden? Por que?</p> <p>Cales son as actividades turísticas que se atopan no territorio?</p> <p>Cal é a túa opinión sobre a estación de esquí? Como consideras a súa xestión? Que opinión/valoración tes da estación de inverno?</p> <p>Cando naceu e por que?</p> <p>Que poderías dicir sobre a evolución da estación?</p> <p>Como ves o futuro da estación?</p> <p>Quen a lidera?</p>

Elaboración propia.

3.2.3. As persoas entrevistadas

Tal e como ficou claramente verbalizado na cita de Valentine (2005: 111) coa que abrimos estas consideracións acerca das entrevistas semiestruturadas (*vid. supra* punto 3.2.1), o obxectivo da investigación non consiste en procurar a representatividade. En coherencia con esta idea xeral, Ruiz Olabuénaga (1999: 63) sostén que «[l]a tarea de seleccionar muestras representativas [...] ocup[a] un segundo lugar en la metodología cualitativa», de xeito que resulta un «trabajo de menor importancia en la mayoría de las ocasiones». En efecto, procúrase «to select an illustrative sample» en base a unha «theoretically motivated decision» (Valentine, 2005: 112). Isto é o que Ruiz Olabuénaga (1999: 64) denomina «muestreo intencional opinático», que se basea nun criterio estratéxico persoal en relación cos obxectivos formulados para a investigación. Noutras palabras, tentamos chegar ás seguintes persoas:

[L]os que por su conocimiento de la situación o del problema a investigar se le antojan ser los más idóneos y representativos de la población a estudiar, o entran en contacto con el investigador a través de sujetos entrevistados previamente (muestreo bola de nieve). (Ruiz Olabuénaga, 1999: 64).

A procura de informantes interrompeuse ao chegar ao chamado «límite de saturación teórica» («*theoretical saturation threshold*»). De acordo con Jennings (2005: 111), refírese ao momento no que o investigador percibe que os materiais son suficientes porque se chegou á redundancia e, polo tanto, non emerxen novas evidencias, categorías ou resultados nas entrevistas.

Realizamos as entrevistas entre outubro de 2018 e decembro de 2021. Finalmente, abranguéronse 30 persoas. Cómpre facer dúas precisións a esta cifra. A primeira é que a intención consistiu en recoller na medida do posíbel os grandes grupos de actores estabelecidos por Subra (2016), tal e como se explica no apartado metodolóxico do ART3 de forma detallada:


- colectivos con personalidade xurídica (administracións públicas);
- colectivos sen personalidade xurídica organizados en grupos (máis ou menos) informais (plataformas, asociacións ecoloxistas, clubs de montaña, etc.); e
- actores individuais.

A segunda consideración ao respecto das entrevistas é que o ART1 non contén esa cifra, senón que dá conta da metade. Isto débese a que, tal e como se explicou no apartado introdutorio, este ART1 desenvolveuse nunha fase inicial da elaboración da tese de doutoramento, antes da chegada da pandemia, cando se estaban aínda a realizar as entrevistas e non se finalizara a recollida de testemuños. Como o foco era Manzaneda, tentamos recoller os informantes que nos semellaban máis significativos para a estación de esquí nos primeiros anos do proceso, aínda que, como xa se dixo máis arriba, a guía de entrevista aplicouse a todas as entrevistas. Sexa como for, acabouse publicando case nas mesmas datas que o ART2.

En relación co perfil específico das 30 persoas entrevistadas, na figura 14 realizamos unha aproximación que desagrega os actores individuais de Subra (2016) en seis subcategorías, mentres que amosa as primeiras dúas categorías agregadas. Na última subcategoría (profesionais illados), tal e como explicamos en ART3, agrupamos catro profesionais illados (pertencentes aos ámbitos do xornalismo, a fotografía, a medicina rural e a Igrexa), mais non dicimos quen é quen. Toda categorización neste sentido resulta difícil porque un mesmo perfil individual pode responder a varias das (sub)categorías; aquí caracterizáronse segundo o papel máis representativo que xogan no territorio de estudo. Esta división en (sub)categorías aparece, con variantes, nos apartados metodolóxicos dos tres artigos. En todo caso, pretendemos manter en todo momento o carácter anónimo dos entrevistados, malia que nas tres avaliacións foi

requirida a correspondencia precisa entre os códigos dos entrevistados, dunha banda, e o seu perfil, da outra, co máximo detalle. Consideramos que se trata dunha cuestión problemática que tentamos equilibrar na medida do posíbel. Custa moito facerlle entender aos avaliadores que demasiado detalle sobre quen entrevistamos pode comprometerlos, nomeadamente no caso do ART1 dada a situación problemática da estación invernal de Manzaneda.

Figura 14. Distribución dos perfís dos entrevistados.



Elaboración propia.

Dous dos artigos (ART1 e ART2) optan por unha codificación dos entrevistados mediante números precedidos polo E. En cambio, ART3 emprega nomes ficticios en galego, o que semella máis coherente coas técnicas cualitativas. En todo caso, entre ART1 e ART2 reenumeramos os códigos co gallo de restar trazabilidade cruzada, de xeito que, por exemplo, o E1 dun e do outro non coinciden. Custodiamos unha táboa de correspondencias entre os tres artigos, que non podemos facer pública para protexer a identidade das persoas coas que traballamos no proceso investigador. Neste mesmo sentido, en todos os casos, eliminamos o marcador de xénero mediante un masculino xenérico. Así, para ART3, os nomes inventados son todos masculinos. En relación coa utilización de citas literais dos entrevistados, cómpre explicitar o seguinte:

1. ART1 emprega para as citas literais do apartado de resultados do artigo 13 dos 15 informantes que traballamos naquela altura. Só non están reflectidos nel E13 e E12 (denominacións dese artigo).
2. ART2 é o traballo no que mobilizamos un menor número de informantes para as citas literais do apartado de resultados: sete. Isto débese a que o artigo tiña que ter unha extensión moi limitada para cumprir coas normas da revista.
3. En ART3 empregamos 16 informantes para as citas do apartado de resultados. No entanto, tiñamos creado nomes ficticios para os 30, que finalmente non foron precisas na súa totalidade.

Porén, isto non implica que as respectivas análises practicadas non tivesen en conta a totalidade das entrevistas desenvolvidas, tal e como se explicará deseguido. Así pois, estas cifras só están a evidenciar que a selección de citas literais resultou limitada en todas as publicacións.


3.2.4. O tratamento da información obtida

As entrevistas foron transcritas. Para os artigos, as respostas seleccionadas foron traducidas do galego ao español (ART1 e ART3) e ao inglés (ART1 e ART2). A tradución ao inglés do ART1 fíxoo a propia revista, mentres que a de ART2 foi dunha tradutora de confianza.

A análise dos testemuños desenvolveuse a través das técnicas de codificación aberta e de clusterización semiótica de acordo con Crang (2005) e Cope (2010). Os códigos son unha interpretación abstracta das cuestións chave expostas polos participantes. A organización dos datos emprega tanto códigos *emic* ou *in vivo* (tomados directamente das palabras dos informantes) como *etic* (derivados da análise de contido latente desde a perspectiva externa do investigador). Esta operación permite a análise, redución e abstracción dos datos recompilados (Crang, 2005; Cope, 2010; Dunn, 2010). Malia que se estimou esta posibilidade, finalmente durante o proceso de análise non se empregou ningún programa específico de CAQDAS (*Computer-Aided Qualitative Data Analysis Software*).

A progresiva xeración de códigos máis reflexivos a medida que avanza o traballo permitiu construír unha clusterización semiótica (Crang, 2005). Os resultados desta clusterización exprésanse graficamente na figura 15.

Figura 15. Os clústeres de códigos.



Elaboración propia.

Obtivéronse 116 códigos, que se agruparon en oito clústeres *etic*. Os diferentes apartados de resultados de cada investigación estruturáronse seguindo esa organización, do seguinte xeito:

1. ART1 céntrase na estación de esquí de Manzaneda, de forma que se empregan sobre todo tres dos clústeres: orixes, xestión e futuro. Os tres apartados de resultados do ART1 trasladan case de forma directa esta estrutura tripartita. Neste caso é no único no que as avaliacións nos pediron o mapa de códigos, que aparece en catro niveis na figura 6 do ART1.
2. ART2 céntrase nos espazos naturais protexidos existentes na zona de estudo, de forma que se empregan sobre todo dous dos clústeres relativos aos perímetros de protección (visións locais e papel da poboación neles). Os dous subapartados do apartado de resultados do ART2 correspóndense con este esquema dual. Neste caso, hai un exercicio de síntese notábel dunha trintena de códigos que se reflicte na táboa 1 do ART2.
3. ART3 posúe, como xa se dixo, un carácter máis abrangente. Aínda que se privilexian tres clústeres —os tres restantes non citados até o de agora—, neste caso máis ca nos dous anteriores son empregados materiais extraídos dos oito. Así, os tres subapartados dentro de resultados do ART3 recollen códigos a varios niveis, tanto *etic* como *emic*, de toda a investigación. De feito, mesmo se repite algunha cita illada do ART1 e do ART2. Este artigo é o que mobiliza máis códigos dos tres, o 60% do total.

3.3. OUTRAS TÉCNICAS DE INVESTIGACIÓN

3.3.1. Traballo de campo e observación

De acordo con Valentine (2005: 118), as entrevistas deben ter lugar «on their own ‘territory’» porque deste este procedemento «facilitate a more relaxed conversation. It also offers you the possibility to learn more about the person from seeing them in their own environment». Deste xeito, tentamos sempre que foi posíbel realizar traballo de campo coas propias entrevistas. Isto foi útil para captar información dos entrevistados en si, mais tamén para coñecer mellor o territorio de estudo.

No entanto, o traballo de campo na zona é un procedemento investigador que levamos practicando de forma non deliberada desde hai décadas, e de xeito máis consciente desde que estamos a elaborar a tese de doutoramento, tal e como explicamos no inicio da introdución (*vid. supra* subapartado 1.1). Compartimos, neste punto, a necesidade de practicar o traballo de campo en Xeografía como método primario de xeración de coñecemento, segundo expresaron autores tales como De Koninck (2001) e Delgado Bujalance e Ojeda (2007).

No que fai á observación como método de investigación, Cook (2005) e Morange e Schmoll (2016) realizan unhas consideracións particularizadas ao respecto. Sen unhas convencións tan ríxidas como as que se estipulan neses traballos, participamos da indicación básica de Ruiz Olabuénaga (1999) en relación coa observación: permite realizar unha inspección sistemática do que acontece nunha situación social dada. Asistir a actos de grupos, entidades, asociacións, etc. na zona ten sentido «por el interés teórico, por la capacidad de suministrar información, por la facilidad inicial de acceso, o por simple designación (como cuando alguien recibe un encargo expreso de investigación)» (Ruiz Olabuénaga, 1999: 157). Asemade, sobre todo se logo se van desenvolver entrevistas, permite entender como operan os actores sociais do territorio:

Si un observador actual visita una fábrica, un sindicato, un movimiento social, se aceptará de él cierta falta de conocimiento especializado, cierto distanciamiento de los grupos, pero no la ingenuidad hipócrita del que no capta la trascendencia, los intereses en juego y las tácticas de lucha de los grupos en conflicto. (Ruiz Olabuénaga, 1999: 140).

3.3.2. Análise de textos e datos estatísticos

Na investigación practicada mobilizáronse varias fontes secundarias. A elaboración dos artigos esixía o estudo de determinados documentos para situarse na temática: relativas á estación de esquí no ART1, sobre os espazos naturais protexidos no ART2 e de carácter territorial xeral para os tres, mais sobre todo no ART3. Neste último caso, os documentos non eran só textuais —como a maioría dos considerados nos ART1 e ART2—, senón que eran de carácter estatístico. En termos xerais, hai que ter en conta que a análise destes materiais resulta secundaria nesta tese de doutoramento: axudan a situarse mais non son o foco. Na medida do posíbel, tívose en conta Roche (2010) no traballo nos arquivos accedidos.

O principal arquivo consultado foi o da Deputación de Ourense, no que se traballou sobre todo en 2018 e 2019. Inicialmente a procura foi xenérica, sobre documentos relativos á zona de estudo: actas de plenos municipais, documentos administrativos, correspondencia oficial, expedientes, etc. Todos eles permiten reconstruír as dinámicas que dunha forma directa ou indirecta se produciron na provincia. A través da revisión destes documentos, comprendeese mellor o papel que desempeñou a Deputación na xestión dos recursos locais e na promoción de infraestruturas e servizos. Tamén posibilita comprender as relacións entre a Deputación e outros organismos de goberno, o que permite analizar a interacción entre as esferas de poder locais e nacionais. A medida que avanzou a investigación, resultou máis evidente que se debía cingir o foco ás temáticas específicas estudadas e á cronoloxía considerada. En particular, o arquivo resultou esencial para o ART1. No entanto, o uso da información obtida acabou sendo limitada neste ART1 e nos outros dous. Dalgún xeito, nesta tese actívase bastante máis esta información na parte común, nomeadamente no subapartado 1.2.

Tamén se accedeu aos arquivos da Xunta de Galicia, en particular da consellería competente en medio ambiente —nas denominacións sucesivas que esta foi tendo ao longo do período que durou a elaboración desta tese de doutoramento—. Neles consultáronse algúns dos documentos esenciais activados no ART2 e, sobre todo, no ART3, en relación cos espazos naturais protexidos e a súa xestión. Neste punto, cómpre indicar que resulta contrario ao Convenio de Aarhus de 1998, ratificado por España en 2005, non facer dispoñíbel ao público de oficio toda a información ambiental coa que conta a administración e, así, neste sentido ter que invocar interese xustificando o propósito da investigación, solicitar o acceso mediante instancia administrativa, deducir en que lugar concreto se atopa, etc. Novamente, estes documentos están reflectidos nos dous artigos indicados de forma moi limitada.

Finalmente, para o ART3 a serie estatística relativa á evolución da poboación e do poboamento elaborouse en parte a través do acceso ao faiado (sala de investigadores) da Biblioteca da Facultade de Xeografía e Historia. Nel custódiense nomenclátors antigos que resultaron moi útiles para poder cartografar e analizar a dinámica demográfica, tomando sempre o dato da poboación de feito. O apartado 3 do ART3 reflicte o traballo neste senso.

Tamén cómpre mencionar as hemerotecas dixitais de *La Región* e de *La Voz de Galicia*, así como Internet, consultados de forma asidua. En todo caso, salienta a importancia de arquivar a fonte coa trazabilidade e a data de consulta, porque desaparecen con certa facilidade. De feito, o ART1 en fase de borrador en avaliacións sucesivas no *Journal of Alpine Research/Revue de géographie alpine* (vid. *supra* subapartado 1.1) contiña un gráfico de evolución do número de esquiadores por anos en Manzaneda baseado nestas fontes, mais foi obxecto de debate nas avaliacións e acabou desbotando por irrelevante para a investigación. Un caso particular son as estatísticas do Instituto Nacional de Estadística ou do Instituto Galego de Estatística empregadas para o ART3, que, desde finais dos anos 1990, xeran regularmente, ano a ano, o nomenclátor por asentamentos e os datos de poboación vinculada por concellos. Estas series son accesíbeis e teñen carácter permanente.

4. RESULTADOS

4.1. ART1

4.1.1. Referencia completa

Rodríguez-Rodríguez, M., & Paül, V. (2023). Manzaneda en el modelo generacional de estaciones alpinas francesas: una interpretación de la única estación de esquí de Galicia (España). *Urbano*, 26(48), 84–95. <https://doi.org/10.22320/07183607.2023.26.48.07>

4.1.2. Contribución do autor

A totalidade do artigo foi redactada en primeira versión polo estudante de doutoramento. O director revisou en profundidade ese texto. Na medida en que o artigo pasou por varias fases de avaliación en dúas revistas (*vid. supra* subapartado 1.1), o texto transformouse enormemente en relación co primeiro borrador enviado. Estas modificación foron realizadas por parte de ambos os dous autores mediante versións sucesivas. Finalmente, o subapartado relativo ás estacións de esquí en España (os últimos catro parágrafos do apartado II do ART1) e mais a discusión (apartado VI do ART1) xorden da man do director, aínda que, a todos os efectos, ambos os dous autores considéranse corresponsábeis da globalidade do texto final. No artigo consta de forma explícita o programa de doutoramento (pp. 84 e 95) e que a publicación forma parte da tese (p. 95).

4.1.3. Reproducción do artigo

Recibido: 16-06-2023
Aceptado: 08-11-2023

84

MANZANEDA EN EL MODELO GENERACIONAL DE ESTACIONES ALPINAS FRANCESAS:
UNA INTERPRETACIÓN DE LA ÚNICA ESTACIÓN DE ESQUÍ DE GALICIA (ESPAÑA)
MANUEL RODRÍGUEZ-RODRÍGUEZ, VALERÍA PAÚL
REVISTA URBANO Nº 48 / NOVIEMBRE 2023 - MAYO 2024
PÁG. 84 - 95
ISSN 0717-3997 / 0718-3607

MANZANEDA EN EL MODELO GENERACIONAL DE ESTACIONES ALPINAS FRANCESAS:¹

UNA INTERPRETACIÓN DE LA ÚNICA ESTACIÓN DE ESQUÍ DE GALICIA (ESPAÑA)

MANZANEDA IN THE GENERATIONAL MODEL OF FRENCH ALPINE RESORTS: AN
INTERPRETATION OF THE ONLY SKI RESORT IN GALICIA (SPAIN)

MANUEL RODRÍGUEZ-RODRÍGUEZ 2
VALERÍA PAÚL 3

- 1 Este trabajo forma parte de la tesis doctoral del programa de Doutoramento en Historia, Xeografía e Arte de la Universidade de Santiago de Compostela
- 2 Magister en Dirección y planificación del turismo de interior y de salud Magister en Espacios naturales protegidos. Estudiante de doctorado, Programa de Doutoramento en Historia, Xeografía e Arte Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela, España.
<https://orcid.org/0009-0004-7614-3910>
manuel.rodriguez2@rai.usc.es
- 3 Doctor en Planificación territorial y desarrollo regional
Profesor titular, Departamento de Geografía
Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela, España.
<https://orcid.org/0000-0003-3007-1523>
v.paul.carril@usc.gal

<https://doi.org/10.22320/07183607.2023.26.48.07>



El turismo se ha implantado en la montaña de múltiples formas y las estaciones de esquí son una de ellas. La mayoría de los trabajos realizados sobre el turismo de nieve en Europa se ha dedicado a los Alpes, donde se ha desarrollado académicamente un modelo alpino francés de generaciones de estaciones de esquí que utiliza el desarrollo urbanístico diferencial de cada generación como marcador. Se ha tomado dicho modelo como marco para este estudio con el objetivo de posicionar en el mismo a Manzaneda, única estación invernal de Galicia (España), la que, con más de 50 años de historia, parece tener un desarrollo turístico controvertido, problemático y ambiguo. Asimismo, el presente artículo analiza la gestión, los efectos del cambio climático y las visiones de futuro del complejo invernal por parte de sus principales actores y la población local de su entorno.

Palabras clave: turismo, montaña, urbanismo, nieve, esquí.

Mountain-based tourism has been established in multiple ways, and a ski resort is just one of them. Most European snow tourism research has focused on the Alps, where a French Alpine model of generations of ski resorts, which uses the differential urban development of each generation as a marker, has been developed academically. This model has been used as a framework for this study with the goal of positioning Manzaneda within it. However, Manzaneda is the only winter resort in Galicia (Spain), and with more than 50 years of history, it seems to have had a controversial, problematic, and ambiguous development. This article also looks into the management, the effects of climate change, and the future visions of the winter resort by its main actors and local population.

Keywords: tourism, mountains, urban planning, snow, ski.

I. INTRODUCCIÓN

Las estaciones de esquí constituyen una modalidad característica del desarrollo turístico de las regiones de montaña. Se caracterizan por realizar intervenciones urbanísticas significativas que alteran tanto el paisaje como la estructura socioeconómica del área donde se establecen. Gran parte de los estudios realizados sobre las mismas en Europa se ha centrado en Alpes, una región que ha albergado diversos tipos de estaciones de esquí a lo largo del tiempo. A partir de esta línea de investigación, se ha consolidado académicamente desde la década de 1970 un modelo alpino francés de generaciones sucesivas, el cual, a pesar de haber sido objeto de debates y críticas, ha disfrutado de amplia aceptación. ⁴

Inspirados por el trabajo de López Palomeque (1996) al aplicar dicho modelo al Pirineo catalán, hemos adoptado el modelo generacional de estaciones alpinas francesas como base teórica y conceptual para nuestra investigación. De este modo, podemos analizar las características y las implicaciones ambientales, territoriales y socioeconómicas de una estación específica a partir de la evolución general del turismo de esquí.

La estación estudiada corresponde a Manzaneda, la única de Galicia, ubicada en la sierra de Queixa, la más occidental de España y, junto con la de la Serra da Estrela en Portugal, de toda Europa. Esta área de montaña constituye un caso excepcional en una región extensa que abarca Galicia y el Norte de Portugal, con más de 6 millones de habitantes y casi el 10% de la superficie de toda la Península Ibérica. Manzaneda, con más de 50 años de historia, emerge como un lugar relevante para ser estudiado, debido a su evolución aparentemente problemática y ambigua, que ha sido objeto de constantes controversias mediáticas por sus problemas recurrentes. En definitiva, el presente artículo pretende ante todo interpretar el caso de estudio a la luz del modelo mencionado de generaciones sucesivas de estaciones alpinas en Francia. Se pretende, en fin, aportar una lectura de la estación de esquí de Manzaneda en el contexto de la investigación internacional en esta materia.

II. MARCO TEÓRICO

El modelo generacional de estaciones alpinas francesas

Los Alpes franceses se destacan como el principal foco de investigación en el ámbito de las estaciones de esquí, como evidencian estudios de Merlin (2002, 2006), Woessner (2010) y Bouron y Georges (2019). Estas montañas constituyen un

escenario preferente para analizar las interacciones que se producen entre las estaciones de esquí y su territorio circundante, así como su evolución en el tiempo (George-Marcelpoil y Boudières, 2006; George-Marcelpoil *et al.*, 2010). El desarrollo de estas estaciones generalmente sigue una planificación que se ajusta a los cánones vigentes en el momento de su creación o reforma (Fablet, 2013), aunque "no hay estación de esquí que sea el arquetipo de las demás, sino solo situaciones altamente personalizadas"⁵ de acuerdo con lo señalado por Préau (1968, p. 139). Por lo tanto, se sostiene que cada estación presenta características propias (Dansero y Puttilli, 2012), lo que dificulta tanto su agrupación analítica como cualquier forma de tipificación propuesta, ya que siempre resultarán inadecuadas (López Palomeque, 1996).

En la misma línea, se han explorado diversas tipologías a lo largo de los años. Préau (1968), por ejemplo, propuso una clasificación basada en diferentes etapas que se suceden temporalmente. Una lógica similar se evidencia en las propuestas de Lozato-Giotart (1990), Merlin (2002, 2006), Batzing (2007) o Delorme (2014), entre otros. Estos estudios, en conjunto, han contribuido en la configuración del conocido modelo generacional de estaciones de esquí de los Alpes franceses, cuyo enfoque posibilita la síntesis en esta materia, así como la posibilidad de realizar comparaciones entre casos individuales.

A continuación, se exponen las cuatro generaciones del modelo, inicialmente establecidas por Knafou (1978), según lo expuesto por Delorme (2014). Sin embargo, cabe destacar que la cuarta generación no consta en esa obra seminal debido a restricciones cronológicas, pues resulta posterior a la misma.

La primera generación se inicia con Chamonix, reconocida como la estación precursora, y se desarrolla desde finales del siglo XIX, cuando el turismo de nieve aún era una actividad marginal (Préau, 1968; Knafou, 1978; Bouron y Georges, 2019). La creación de estas estaciones suele surgir en poblaciones preexistentes a baja altitud (no superando los 1.000 m) que ya contaban con algún tipo de turismo, en general centros termales estivales que habían evolucionado más allá de las actividades agropastoriles y forestales (Lozato-Giotart, 1990; Merlin 2002, 2006). De acuerdo con Knafou (1978) y Delorme (2014), la configuración urbanística de esta generación es heterogénea, destacando la introducción del *chalet* de montaña como un tipo arquitectónico distintivo.

La segunda generación, que tuvo lugar entre 1930 y 1975, se desarrolló gracias al auge del turismo deportivo relacionado con el esquí, lo que resultó en la masificación de la montaña (Knafou, 1978; Lozato-Giotart, 1990). En esta etapa, se produjo la urbanización *ex nihilo* del lugar óptimo de nivinidad, situado a partir de los 1.500 m de altitud y alejado de los asentamientos tradicionales. Según

⁴ Recientemente, se ha utilizado en un informado balance de la investigación sobre territorios rurales franceses a cargo de Bouron y Georges (2019, pp. 275-277).

⁵ Traducción del autor

López Palomeque (1996), este proceso fue llevado a cabo por diferentes promotores, siendo común en Francia la participación de sociedades mixtas público-privadas a nivel local y regional. Merlin (2002, 2006) destaca la dedicación exclusiva de estas estaciones al esquí, mientras que Delorme (2014) señala un modelo urbanístico descontextualizado para esta generación.

La tercera generación se refiere a las estaciones conocidas como "estaciones integradas" (*stations intégrées*), que se desarrollaron a partir de la década de 1960 como resultado de los "*Plans Neige*". Estos planes se configuran como un paradigma de planificación y gestión de la montaña en Francia, en el contexto de una forma particular de entender la ordenación territorial *à la française* (Knafou, 1978; López Palomeque, 1996; Merlin, 2002, 2006; Woessner, 2010). Estas estaciones carecen de relación con el territorio circundante y su alto grado de urbanización es planificado por un único promotor empresarial que las sitúa en grandes espacios bastante innivados a altitudes de 1.500-2.000 m, con pistas orientadas al norte y construcciones en planicies al sur. Además, son descritas como "fábricas fordistas de esquí", ya que buscan maximizar el número de esquiadores y practican una urbanización total, siendo altamente especializadas con objetivos estrictamente económicos para rentabilizar y comercializar el esquí a tiempo completo (Lozato-Giotart, 1990). Respecto de la integración con el paisaje, tanto Woessner (2010) como Delorme (2014) matizan que los modelos urbanísticos implantados, a pesar de su carácter masivo, buscaron de igual manera algún grado de vinculación.

La cuarta generación, que tuvo lugar entre 1970 y 1990, emerge con la finalidad de mejorar la relación entre el turismo y la montaña (López Palomeque, 1996; Woessner, 2010; George-Marcelpoil y François, 2012; Delorme, 2014). Este periodo se caracteriza por desarrollar urbanizaciones más respetuosas con el medio ambiente y la cultura local (Vlès, 2012; Delorme, 2014), presentando un modelo que se percibe como un híbrido entre la primera y la tercera generación (Fernández-Trapa *et al.*, 1987). La cuarta generación se manifiesta en un cierto retorno a los pueblos-estación, estableciendo acuerdos con las administraciones locales y mostrando un compromiso aparente de respetar la arquitectura tradicional y fomentar el empleo local (Delorme, 2014). En términos de tamaño, estas estaciones son de proporciones modestas y se ubican en altitudes medias (en torno a 1.500 m). Además, buscan proporcionar actividades complementarias al esquí, convirtiéndose en estaciones polivalentes, según Lozato-Giotart (1990), que persiguen activamente un funcionamiento a lo largo del año, más allá de la temporada invernal (Woessner, 2010).

Los estudios tipológicos sobre estaciones de esquí en España

En la actualidad, en España se registran cerca de 30 estaciones de esquí alpino. En cambio, en Francia, según cifras proporcionadas por Woessner (2010, p. 48), existen más de

350. Esta gran diferencia podría explicar por qué hay pocos estudios tipológicos sobre las mismas en España. Entre los trabajos existentes, se destaca, en primer lugar, el de López Palomeque (1996), cuyo análisis clasifica la mayoría de las estaciones del Pirineo catalán en la segunda generación del modelo generacional alpino francés, algunas en la tercera y no registra ninguna en la cuarta. Por otra parte, Gómez Martín (2008) considera la emblemática Baqueira (nombre comercial de Vaqueira en occitano, situada en el Pirineo catalán) como de tercera generación y Lasanta *et al.* (2014) no dudan en comparar Valdezcaray (La Rioja) con Chamonix, situándola en el modelo de primera generación.

Otra propuesta destacada es la de Gómez Martín *et al.* (2016), quienes proponen una segunda tipología para las estaciones localizadas en el Pirineo catalán en cuanto a la distinción entre estaciones muy grandes, medianas o pequeñas. En este sentido, Font *et al.* (2018) catalogan las estaciones de Gúdar-Valdelinares y Javalambre (Teruel) como pequeñas.

Font (2023), por su parte, ha aportado recientemente una tercera tipología al establecer tres generaciones de estaciones de esquí en España. Las primeras datan previas a los años 1960 y se relacionan sobre todo con la demanda de Barcelona (en el Pirineo catalán, incluyendo varias accesibles por ferrocarril y/o cremallera) y, en menor medida, con la madrileña en el Sistema Central, más algunas otras pioneras en el Pirineo aragonés. Luego, se propone una segunda generación desarrollada en los años 1960-1970, la cual consistió en una explosión de estaciones en casi todas las cordilleras, por lo general en cotas bajas (alrededor de los 1.500 m), por lo que algunas, con el paso de los años y ante la disminución de la innivación, han cerrado. Por último, la tercera generación, que es la más reciente, se sitúa en cotas mucho más altas (por encima de los 2.000 e incluso de los 3.000 m en Sierra Nevada).

Font *et al.* (2018) y Font (2023) resaltan que, independientemente de sus impactos territoriales, las considerables inversiones realizadas en las estaciones españolas han generado controversias, ya que se evidencian numerosos casos de aportación generosa de capital público, cuyo argumento es buscar el desarrollo de áreas de montaña percibidas como "en crisis", sobre todo en las últimas décadas. Se registra, de este modo, una suerte de "obsesión" por la implantación residencial asociada a las estaciones, la cual se vincula con el modelo español de desarrollo económico fundamentado en el mercado inmobiliario.

III. ÁREA DE ESTUDIO

La estación de esquí de Manzaneda se encuentra en la parte oriental de la provincia de Ourense, en Galicia, España, y está situada entre los municipios de Manzaneda y Pobra de Trives,



Figura 1. Localización de la estación de Manzaneda, en la Sierra de Queixa (Ourense). Fuente: Elaboración de los autores.




Figura 2. Plano de la estación con pistas, accesos e instalaciones. Fuente: Elaboración de los autores a partir de PNOA 2020 © Instituto Geográfico Nacional.

Figura 3 y Figura 4. Arriba zona superior del complejo; abajo zona de pistas, remontes y telesillas. Fuente: Fotos de archivo de los autores (10/12/2012 y 16/04/2012, respectivamente)



Figura 5. Urbanización en la zona baja de la estación. Fuente: Fotos de archivo de los autores (31/10/2020).

siendo los núcleos cabecera de ambos los principales puntos de acceso. Este complejo invernal se extiende por las laderas norte y este de la cumbre más elevada de la sierra de Queixa, conocida tradicionalmente como Cabeza Grande y en la actualidad denominada Cabeza de Manzaneda, con una altitud que alcanza los 1.782 m (Figura 1).

La estación de Manzaneda es de tamaño pequeño y se ubica a baja-media altitud (17,55 km repartidos entre los 1.500 m y 1.760 m; Figura 2). Está equipada con dos telesillas y cuatro telesquies, lo que permite movilizar 7.600 personas cada hora (Figura 3). Para la temporada 2022-2023 contó con un total de 24 pistas (1 verde, 13 azules, 9 rojas y 1 negra). También existe una pista de fondo de 1 km y un área de *snowpark*. Las pistas se situaron en la parte norte de la sierra (Figura 4) y las urbanizaciones (Figura 5) se orientaron al sur en la planicie intermedia, con dos zonas claramente diferenciadas en las que se concentran los diferentes servicios turísticos. La zona más urbanizada consiste en un núcleo de acogida, alojamiento y servicios en zonas soleadas, a pie de pistas. El número de camas actuales es de 377 (apartamentos y albergues propiedad de MEISA) y de 450 en su área de influencia (principalmente alojamientos de turismo rural).

No existe una serie oficial estadística para la estación de esquí. Sin embargo, el análisis de documentación realizado ha permitido obtener dos inferencias significativas sobre los datos dispersos que fueron recopilados para las décadas de 2000 y 2010. En primer lugar, las temporadas muestran una variabilidad significativa que depende de las condiciones de innivación diferencial de cada año, con registros declarados que oscilan de los 200.000 visitantes en algunas temporadas, y otras que no alcanzan los 100.000. El inicio

de algunas temporadas se registra en noviembre, mientras que otras lo hacen en febrero y el cierre suele situarse en abril, aunque no es infrecuente que se termine en marzo. En cualquier caso, estas no son continuas, sino más bien intermitentes. En segundo lugar, para ambas décadas se observa una tendencia general a la disminución en el número de visitantes, aunque se debe tener en consideración la variabilidad año tras año.

IV. METODOLOGÍA

La presente investigación adopta un enfoque consolidado en las Ciencias Sociales en las últimas décadas que busca entender los significados que las personas atribuyen a determinados contextos sociales, procesos o lugares (Jennings, 2005; Valentine, 2005). Este enfoque se fundamenta principalmente en el análisis de los testimonios proporcionados por diversos actores locales, constituyendo la piedra angular de los resultados obtenidos. El objetivo principal consiste en explorar sus experiencias y percepciones subjetivas en relación con la estación de esquí de Manzaneda y, de este modo, evaluar cómo las características de esta estación pueden alinearse con alguna de las cuatro generaciones comprendidas en el modelo generacional alpino francés. Los métodos movilizados incluyen entrevistas en profundidad y observación participante. Asimismo, se incorporan fuentes de carácter secundario para contextualizar la información, especialmente en la sección dedicada al área de estudio.

En cuanto a las fuentes primarias, se ha empleado una combinación de observación participante, conforme a lo

propuesto por Taylor y Bogdan (1984), llevada a cabo en distintas visitas de campo, junto con entrevistas semiestructuradas en profundidad. Estas entrevistas, basadas en una técnica que fomenta un diálogo abierto entre el entrevistado y el investigador, cubren de manera sistemática los aspectos objeto de estudio (Jennings, 2005). Se llevaron a cabo un total de 15 entrevistas entre octubre de 2018 y marzo de 2019, con una duración aproximada de una hora cada una. No se persiguió obtener una muestra representativa, ni desde una perspectiva estadística ni en términos de representación territorial, sino más bien reflejar a distintos actores que poseen un conocimiento significativo sobre el área de estudio o mantienen una conexión relevante con la misma (Valentine, 2005).

Para el desarrollo de las entrevistas se ha elaborado un guion con el objetivo de obtener:

- la descripción de la persona entrevistada;
- su percepción del territorio;
- su opinión sobre el papel de las administraciones públicas en el pasado, el presente y el futuro;
- su valoración acerca del rol desarrollado por los actores locales, de forma que se pueda captar la gobernanza que opera en el territorio;
- la detección de proyectos o iniciativas innovadoras desarrolladas en el territorio; y
- su visión sobre el turismo y, especialmente, el papel ejercido por la estación de montaña de Manzaneda.

Todas las personas entrevistadas están arraigadas localmente y/o tienen un rol relevante en la historia de la estación. Más concretamente, responden a los siguientes perfiles:

- empresarios del sector turístico (E7 y E11);
- funcionarios públicos con incidencia en el territorio (E3 y E9);
- gestores de la estación de montaña (E4 y E15);
- investigadores expertos en la zona (E2 y E14);
- miembros de grupos ecologistas y de la sociedad civil organizada (E6, E12 y E13);
- montañeros miembros del Club Alpino Manzaneda (actualmente, Club Alpino Ourensán) (E1, E8 y E10); y
- representantes políticos de la zona (E5).

Algunos de los actores entrevistados podrían estar presentes en varios de los perfiles establecidos, pero se han caracterizado según el papel más representativo que juegan en el territorio de estudio. Hay que destacar que estas entrevistas se han realizado en el marco del desarrollo de una tesis doctoral sobre las sierras de Queixa y San Mamede, en la que se ha superado la treintena en total. No obstante, aquí solo se han movilizado aquellas personas que han hecho mención espontáneamente a la estación.

Para que los propios entrevistados aportasen referencias sobre posibles futuras personas a entrevistar, se ha utilizado la técnica de "bola de nieve" (Valentine, 2005). Para garantizar el anonimato,

Paül, V. (2011). O Invernadeiro: de monte de pinos de repoblación forestal a parque natural. En F. Molinero, J. F. Ojeda, y J. Tort (Eds.), *Los paisajes agrarios de España* (pp. 457–470). Ministerio de Medio Ambiente y Medio Rural y Marino.

Paül, V. (2017). A protección das paisaxes naturais galegas. En C. García García y M. del M. García Miraz (Eds.), *Paisaxe e patrimonio. Un percorrido polo territorio a través do Arquivo de Galicia* (pp. 107–145). Xunta de Galicia.

Pazo Labrador, A. J., y Moragón, M. P. (2018). El despoblamiento en Galicia: la visualización de la “catástrofe.” *Revista de estudios sobre despoblación y desarrollo rural*, 24, 123–154. <https://doi.org/10.4422/ager.2018.02>

Price, M. F., y Kohler, T. (2013). Sustainable Mountain Development. En M. F. Price, A. C. Byers, D. A. Friend, T. Kohler, y L. W. Price (Eds.), *Mountain Geography* (pp. 333–365). University of California Press.

Pujadas, R., y Font, J. (1998). *Ordenación y planificación territorial*. Síntesis.

Reza, X. B. (2008). *O Macizo Central Ourenán*. Caixa de Aforros de Galicia.

Rodríguez-Rodríguez, M., y Paül, V. (2023). Manzaneda en el modelo generacional de estaciones alpinas francesas: una interpretación de la única estación de esquí de Galicia (España). *Urbano*, 26(48), 84–95. <https://doi.org/10.22320/07183607.2023.26.48.07>

Ruiz Olabuénaga, J. I. (1999). *Metodología de la investigación cualitativa* (2ª ed.). Universidad de Deusto.

Sacareau, I. (2003). *La montagne. Une approche géographique*. Belin.

Saco, A. (2010). Desarrollo y despoblación en Galicia: escenarios y desarrollos de futuro. *Ager. Revista de estudios sobre despoblación y desarrollo rural*, 9, 11–30.

Sayfor [Servicios Ambientales y Forestales Consultores]. (2009). *PDS del Macizo Central*. [Documento inédito].

Subra, P. (2016). *Géopolitique locale. Territoires, acteurs, conflits*. Armand Colin.

Torres, M. P. de, Lois González, R. C., y Pérez Alberti, A. (1993). *A montaña galega: o home e o medio*. Universidade de Santiago de Compostela.

Valentine, G. (2005). Tell Me About...: Using Interviews as a Research Methodology. En R. Flowerdew y D. Martin (Eds.), *Methods in Human Geography* (pp. 110–127). Pearson.

Villeneuve, A., Hofer, T., McGuire, D., Sato, M., y Mekouar, A. (2004). National Policies and Institutions for Sustainable Mountain Development. En M. F. Price, L. Jansky, y A. A. Iatsenia (Eds.), *Key Issues for Mountain Areas* (pp. 181–199). United Nations University Press.

5. DISCUSIÓN XERAL

5.1. ENFOQUES INSTITUCIONAIS

O desenvolvemento territorial das Serras de Queixa, San Mamede e Montes do Invernadeiro foi dirixido por intervencións públicas enfocadas principalmente á creación de infraestruturas destinadas a aspectos económicos. Estas intervencións inclúen proxectos como centrais hidroeléctricas e unha estación de esquí (ART1), cuxo propósito era modernizar a economía local, substituíndo ou complementando as actividades agrogandeiras tradicionais co turismo. Estas políticas enmárcanse nos primeiros enfoques institucionais con efectos no territorio, tal e como sinalan Pujadas e Font (1998), Hildenbrand (1996) ou Pérez Andrés (1998).

Entre 1975 e 2015, as Serras de Queixa, San Mamede e Montes do Invernadeiro presentan un desenvolvemento territorial caracterizado por unha clara estratexia orientada á explotación de recursos naturais —como os hidroeléctricos e forestais—, cun enfoque que deu prioridade a intereses externos en detrimento das necesidades locais. Este modelo perpetuou a dependencia económica da rexión, marxinando as comunidades locais e fomentando fenómenos como o despoboamento rural e as tensións coas comunidades de montaña. As infraestruturas construídas neste período, lonxe de mellorar o benestar local, acentuaron a desigualdade e a marxinación. Todo isto confirma as consideracións de Majoral (1990), Debarbieux e Rudaz (2010), Price e Kohler (2013) e Bordessoule (2019) para moitas outras áreas de montaña occidentais.

A xestión do territorio montañoso das Serras de Queixa, San Mamede e Montes do Invernadeiro estivo marcada por unha centralización das decisións e a exclusión das comunidades locais nos procesos de planificación. A Administración priorizou a maximización dos beneficios derivados dos recursos naturais, como ilustra a xestión da estación de esquí por parte de MEISA (ART1), desprazando os actores locais e restrinxindo a súa capacidade de decisión. Isto xerou desconfianza cara ás políticas públicas e evidencia a necesidade de adoptar enfoques máis inclusivos que promovan o desenvolvemento económico en harmonía coa participación activa das comunidades. En efecto, o futuro desenvolvemento do territorio estudado require de modelos que integren a sustentabilidade, a protección ambiental e o benestar da poboación local, alén dos estritos termos económicos, tal e como suxiren Majoral (1997), Sacreau (2003), Collantes (2004), Villeneuve et al. (2004) ou Bordessoule (2019), entre outros. Neste senso, resulta fundamental fomentar actividades como o ecoturismo, a agricultura sustentábel e o uso de enerxías renovábeis. Para iso, é indispensable unha planificación territorial que promova a sustentabilidade, a autonomía local e a xustiza social, baseada nunha gobernanza descentralizada e unha normativa específica para as zonas de montaña. Estas medidas deberían superar as limitacións impostas pola Política Agraria Común, respondendo mellor ás necesidades das áreas rurais.

A protección das montañas das Serras de Queixa, San Mamede e Montes do Invernadeiro, iniciada nos anos 1990, baseouse na creación do Parque Natural do Invernadeiro e a inclusión da maior parte da área na Rede Natura 2000 (ART2). A diferenza doutros territorios europeos, esta protección non ten raíces medievais nin vínculos sagrados, como sinalan Eagles, McCool e Haynes (2003). No entanto, a súa orixe responde a decisións político-administrativas recentes, unha dinámica similar á observada en espazos próximos como Gerês/Xurés, segundo Paül (2017) ou Paül e Trillo (2019). Estas iniciativas reflicten unha construción sociopolítica, tal e

como argumentan Debarbieux (2004), Depraz (2008), Bordessoule (2019) e Zanolin e Paül (2022). Ademais, estes enfoques institucionais carecen das connotacións románticas ou nacionalistas que Gómez Mendoza (1998) e Depraz (2008) asocian a boa parte dos primeiros espazos protexidos.

En comparación con outros espazos protexidos europeos e españois, o proceso de conservación nas Serras de Queixa, San Mamede e Montes do Invernadeiro é tardío. Mentres que nos séculos XVIII e XIX xurdiron figuras como os parques nacionais, nestas montañas a protección chegou co auxe do ecoloxismo e o paradigma ambiental das décadas de 1960 e 1970, o que confirma a relevancia deste enfoque institucional segundo xa considerado por Ojeda (1999, 2006), Paül (2017) ou Büscher e Fletcher (2020). Este proceso reflicte un cambio de paradigma desde a protección estrita cara á conservación que incorpora actividades humanas, aliñándose coas ideas de Depraz (2008) e Zanolin e Paül (2022). Desde a décadas de 1980, a sustentabilidade inspirou un enfoque institucional que procura equilibrar a economía e o medio ambiente, aínda que os desafíos prácticos, especialmente no turismo, revelan unha insuficiente consideración da fragilidade ecosistémica e das necesidades locais.

A protección nas Serras de Queixa, San Mamede e Montes do Invernadeiro centrouse en fomentar o turismo de forma máis ou menos deliberada (ART3), o que resulta coherente con Merlin (2002) e Depraz (2008). Porén, este enfoque institucional xerou tensións debido á implementación dun modelo «de arriba abaixo» (*top-down*) que exclúe as comunidades locais, creando un sentimento de exclusión (Troitiño, 1995; Paül, 2017; Cidrás e Paül, 2022). En efecto, as restricións impostas ás prácticas tradicionais e as limitacións no acceso a oportunidades económicas profundaron a desconexión entre os obxectivos proteccionistas, dunha banda, e as realidades socioeconómicas locais, da outra. Isto subliña a necesidade de políticas máis participativas e inclusivas, en liña con Depraz (2008), Marchant (2010) e Price e Kohler (2013). Porén, tal e como destacan Büscher e Fletcher (2020), esta transformación aínda non se materializou. Ademais, a exclusión das comunidades na xestión destes espazos debilitou a súa lexitimidade democrática, dificultando a súa implementación efectiva (Nogué, Bretcha e Puigbert, 2010). A pesar do recoñecemento local da importancia da protección ambiental, non existe un apoio social activo para estas iniciativas, como reflicte a escasa presión para a implantación da Rede Natura 2000, en contraste marcado con outros países europeos (Cent, Mertens e Niedziałkowski, 2013).

A ordenación e xestión territoriais do Serras de Queixa, San Mamede e Montes do Invernadeiro require un enfoque integral que aborde a fragmentación entre políticas ambientais, turísticas e agrícolas, así como a limitada participación local na toma de decisións. Esta falla de coordinación reduciu a efectividade dos espazos protexidos e a súa capacidade para contribuír ao desenvolvemento territorial sustentábel (Villeneuve et al., 2004; Marchant, 2010; Price e Kohler, 2013). Ademais, os plans de desenvolvemento rural non acadaron en verdade as zonas máis afectadas polo despoboamento nin o atallaron (Paül, 2013; Paül, Lazovski e Lois González, 2016), o que reforza a urxencia de adoptar un enfoque holístico que combine obxectivos ambientais e socioeconómicos, promovendo unha maior coordinación entre administracións e comunidades locais.

5.2. POLÍTICAS PÚBLICAS

Desde os anos 1980, as políticas públicas nas Serras de Queixa, San Mamede e Montes do Invernadeiro, en teoría orientadas a combater o despoboamento, non acadaron os resultados agardados. O despoboamento na zona presenta dinámicas graves, tanto cuantitativas como cualitativas (ART3), o que coincide cos diagnósticos doutros territorios montañosos occidentais (Sacareau, 2003; Delgado Viñas e Plaza, 2012; Price e Kohler, 2013). Esta realidade tamén

resulta coherente con estudos específicos de Galicia (De Torres, Lois González e Pérez Alberti, 1993; Saco, 2010). A pesar da existencia teórica dunha ampla plétora de políticas públicas dispoñíbeis a nivel internacional (Pujadas e Font, 1998; Merlin, 2002; Villeneuve et al., 2004), estas non se implementaron de forma efectiva na zona.

Neste contexto, as políticas turísticas son as máis desenvolvidas (ART1; ART3), seguindo unha tendencia xeneralizada noutras montañas occidentais, onde o turismo foi prioritario (Merlin, 2002; Collantes, 2004). Iniciativas como CEOTMA (1981) e Sayfor (2009), malia baseáranse no turismo, arelaban crear unha política territorial pública máis holística e integral, mais non foron aprobados. A estación de esquí de Manzaneda exemplifica esta falla de planificación (ART1), xa que o seu desenvolvemento entra en contradición directa con políticas ambientais e urbanísticas establecida en documentos tales como CEOTMA (1981), non aprobado como tal, e COTOP (1991), vixente. Pola súa banda, os GAL/GDR non acadaron unha implementación efectiva, focalizándose máis en áreas como a Ribeira Sacra (ART3), o que resulta coherente coas consideracións ao seu respecto de autores tales como Paül (2013), Paül, Lazovski e Lois González (2016) ou Otero Varela e Paül (2018). Segundo Debarbieux e Rudaz (2010), estes mecanismos poden omitir o carácter montañoso das áreas que abranguen.

En canto á protección ambiental, observáronse políticas públicas contraditorias, entre a falta de intervención e a excesiva protección (ART2). Por exemplo, a proposta de Sayfor (2009) para declarar todo o macizo como parque natural estaba apoiada en documentos previos como CEOTMA (1979, 1981), mais non se materializou. Isto foi así, talvez, porque podería afectar os intereses de desenvolvemento creados, entre eles os turísticos, tal e como alertan Price e Kohler (2013) e Büscher e Fletcher (2020). A ampliación do Parque Natural do Invernadeiro, que procuraba incluír máis territorio das Serras de Queixa e San Mamede, foi rexeitada politicamente debido ás resistencias das comunidades locais e os sectores económicos, que temían as restricións sobre as actividades agroforestais e gandeiras, tal e como, a nivel galego, explicaron Paül (2017) ou Cidrás e Paül (2021). A posibilidade deste parque natural extenso está presente na bibliografía específica sobre a zona (Paül, 2009, 2011).

As políticas agrícolas e gandeiras nas Serras de Queixa, San Mamede e Montes do Invernadeiro tamén son cruciais, mais existe unha fenda entre as posibilidades de ordenación do territorio e as percepcións da poboación local (ART3). Aínda que se propuxeron estratexias para o desenvolvemento de actividades primarias en zonas de montaña (Majoral, 1997; Pujadas e Font, 1998; Sacareau, 2003), non se implementou unha política pública nesta dirección na zona de estudo.

Pola súa banda, documentos como Sayfor (2009) propuñan un modelo de desenvolvemento sustentábel integral ben enraizado nas políticas públicas propugnadas por Villeneuve et al. (2004), Marchant (2010) ou Price e Kohler (2013), mais estas iniciativas non se materializaron. Segundo autores como Depraz (2008) e Subra (2016), é fundamental que calquera estratexia de desenvolvemento territorial integre a participación activa da poboación local no seu deseño e execución, cousa que no territorio non sucedeu (ART3).

En relación coas políticas públicas centradas no turismo, nas Serras de Queixa, San Mamede e Montes do Invernadeiro seguiu un modelo limitado e esóxeno, coa estación de esquí de Manzaneda como única intervención destacábel (ART1). A pesar de replicar modelos doutras zonas, como os Alpes ou os Pireneos, a súa falla de planificación detallada, as condicións xeográficas e climáticas desfavorábeis, así como os atrasos na infraestrutura, impediron a súa consolidación como un destino turístico integral. Ademais, a dependencia exclusiva da neve e o cambio climático afectaron a súa sustentabilidade, o que subliña a necesidade de reformular o modelo cara a unha oferta máis diversificada e sustentábel (Knafou, 1978; Lozato-Giotart, 1990; Bouron e Georges, 2019; Font, 2023).

O turismo na rexión comezou nos anos 1970 coa primeira estación de esquí de Galicia, mais chegou cun atraso significativo respecto aos Pireneos e os Alpes (Knafou, 1978; Lozato-Giotart, 1990; Bouron e Georges, 2019; Font, 2023). A creación da estación foi impulsada inicialmente polo Club Alpino Manzaneda, mais axiña se priorizaron intereses externos e públicos, o que deu paso a un modelo de xestión centralizado sen participación local, similar a outros casos de estacións de esquí (López Palomeque, 1996).

En termos de desenvolvemento, Manzaneda encaixa entre a segunda e terceira xeración do modelo de estacións de esquí, segundo o modelo xeracional de Knafou (1978). Aínda que inicialmente se planificou con características da segunda xeración, o seu desenvolvemento nunca se completou, de xeito que se acabou limitando a un destino familiar no canto dun complexo diversificado. A falta de sustentabilidade e diversificación propias da cuarta xeración, discutida por autores como François e George-Marcelpoil (2012), aínda está ausente, o que reflicte as aspiracións falidas do esquí en España (Font, Sánchez Aguilera e Coma, 2018; Font, 2023).

En todo caso, a análise de Manzaneda revela as limitacións de aplicar modelos ríxidos de planificación como os xeracionais, que non responden aos cambios rápidos do sector turístico nin ao impacto do cambio climático (Bordessoule, 2018). A pesar dos intentos de diversificación, o enfoque centrado no esquí alpino e a introdución de canóns de neve artificial reforzan a dependencia do modelo sen acadar unha identidade distintiva nin a sustentabilidade desexada (Font, Sánchez Aguilera e Coma, 2018).

En relación coas políticas públicas ambientais, desde a década de 1970, Europa experimentou un notábel avance que culminou coa creación da Rede Natura 2000 nos anos 1990, un logro destacado na conservación de espazos naturais protexidos (Paül, 2017; Olcina e Blázquez, 2019). En Galicia, a Rede Natura 2000 consolidouse como a principal estrutura de protección, especialmente en áreas montañosas como as Serras de Queixa, San Mamede e Montes do Invernadeiro. Esta rede en teoría integra as actividades humanas de forma máis sustentábel e oríentase cara ao desenvolvemento territorial máis que a unha simple conservación (Ferranti et al., 2014), mais o estudo da zona desmente esta premisa (ART2). De feito, a Rede Natura 2000 xa foi amplamente criticada polo seu enfoque «de arriba abaixo» (*top-down*), que centraliza a toma de decisións e limita a participación local (Dimitrakopoulos et al., 2010; Crofts, 2014; Blicharska et al., 2016). Esta investigación confirma estas críticas.

As comunidades locais adóitanse opor ás designacións de áreas protexidas, xa que raramente teñen oportunidade de expresar as súas preocupacións debido á falta de información (Rosa e Silva, 2005; Grodzinska-Jurczak e Cent, 2011), o que se confirma nas Serras de Queixa, San Mamede e Montes do Invernadeiro (ART2). A selección destes espazos baséase en criterios científicos, sen considerar adecuadamente as necesidades locais (Turnhout et al., 2015), o que resulta nunha xestión centralizada e unha falla de interacción entre as escalas rexionais e locais (Pinton, 2006; Lindstad et al., 2015).

De feito, na investigación realizada, os modelos proteccionistas impostos non se adaptaron ás realidades locais e xeraron desconexión e resistencia, reducindo o compromiso local e afectando a efectividade da protección (ART2). O turismo nestes espazos protexidos, aínda que potencialmente beneficioso, non se adoita xestionar de maneira sustentábel, o que leva á sobreexplotación de recursos naturais (Sarvašová, Šálka e Dobšínská, 2013). Sublíñase, así, a necesidade dun ecoturismo responsábel que respecte os límites ambientais e beneficie as comunidades locais.

Para un desenvolvemento sustentábel, as políticas públicas deben fortalecer o que demandan os actores territoriais, isto é, o sector primario e un turismo redimensionado (ART1 e ART3). Estas alternativas apuntan cara a unha política pública participativa que permita ás comunidades

locais implicarse activamente nas decisións de conservación, xerando beneficios directos e sostibles (Lindstad et al., 2015). As investigacións apuntan a que un enfoque *bottom-up*, cunha maior implicación dos actores locais, sería máis efectivo có actual modelo (Blicharska et al., 2016). Aínda que desde finais da década de 2000 se realizaron algúns avances cara a este modelo, aínda é preciso mellorar a integración das comunidades locais e a cohesión entre as políticas nacionais, rexionais e locais (Rauschmayer, Hove e Koetz, 2009). Asemade, a gobernanza participativa é chave para unha conservación exitosa, xa que equilibraría os intereses científicos, gobernamentais e locais, de xeito que se daría mellorado a aceptación das políticas e contribuiríase a unha xestión máis adaptada ao contexto local (Lieverink, Wiering e Uitenboogaart, 2011). Os actores locais consideran que a protección segue sendo débil (ART2 e ART3), seguramente a causa da falla de participación e a insuficiente información proporcionada (Paül, 2017).

5.3. PERCEPCIÓNS COMUNITARIAS

Este traballo céntrase na análise dos testemuños dos axentes locais, alén das variábeis estatísticas ou a revisión de documentos oficiais. Tivéronse en conta tanto a existencia de instrumentos de planificación como a súa percepción a nivel local. O eixo central foi explorar as percepcións dos actores territoriais nas Serras de Queixa, San Mamede e Montes do Invernadeiro, unha zona montañosa que se percibe como desatendida nas últimas décadas (ART1, ART2 e ART3), a pesar dos esforzos por implementar diversas políticas públicas. A continuación, preséntanse as principais percepcións comunitarias, que constitúen a base do imaxinario dominante sobre este territorio.

Unha das percepcións predominantes é o despoboamento, considerado como un problema grave polos actores (ART3), algo que se confirma con datos cuantitativos e con outros estudos en territorios montañosos de Galicia (De Torres, Lois González e Pérez Alberti, 1993; Saco, 2010; Paül e Trillo, 2019, 2022). Os actores locais coinciden en que as políticas territoriais non foron efectivas (ART3), a pesar dos esforzos realizados desde os anos 1980 baseados en enfoques teóricos internacionais (Pujadas e Font, 1998; Merlin, 2002; Debarbieux, 2004; Villeneuve et al., 2004). A poboación, en xeral, descoñece as políticas territoriais, e moitas veces omite a súa existencia nos seus discursos, sinalando a súa inoperancia. Isto confirma o que Subra (2016) observa sobre o cuestionamento do paradigma dominante de ordenación e xestión territoriais, destacando a omisión de plans e iniciativas por parte dos actores nas entrevistas, a pesar de que os coñezan.

En relación co turismo, os actores perciben que é o principal enfoque das intervencións territoriais, xa sexa directamente ou a través dos GAL/GDR, o que coincide co observado noutras zonas montañosas (Merlin, 2002; Collantes, 2004; Delgado Viñas e Plaza, 2012; Price e Kohler, 2013; Bordessoule, 2019). A estación de esquí de Manzaneda é un exemplo claro desta orientación turística e, de feito, é a intervención máis comentada polos actores (ART1 e ART3). Percíbese esta como un fracaso operativo, en gran parte debido á xestión distante das administracións, especialmente a Xunta de Galicia. A falla de planificación evidénciase en que a estación é mencionada só por CEOTMA (1981), sen que exista unha planificación coherente e continua (ART1). A xestión do complexo invernal foi amplamente criticada, sobre todo polo mal uso dos recursos públicos ao longo dos máis de corenta anos de existencia. Porén, existe controversia sobre o futuro da estación, con visións divididas entre continuar co modelo actual ou apostar pola diversificación e unha maior conexión territorial.


En canto ás políticas ambientais, a percepción é ambigua (ART2). Algúns actores consideran que a protección é insuficiente, de xeito que sinalan que as Serras de Queixa, San Mamede e Montes do Invernadeiro sofren dun *laissez-faire* similar ao de políticas de montaña máis

antigas, onde as empresas privadas operaban sen restricións, en nome do desenvolvemento (Debarbieux e Rudaz, 2010; Price e Kohler, 2013; Bordessoule, 2019). Outros actores, en cambio, cren que a protección é excesiva, de xeito que salientan os efectos dunha sorte de ultraprotección baseada nos paradigma inventado en Yosemite/Yellowstone (Debarbieux, 2004, 2019; Depraz, 2008; Paül, 2017; Büscher e Fletcher, 2020), e mesmo algúns mencionan a creación de refuxiados de conservación no sentido dado por Dowie (2011) na zona de estudo. As percepcións comunitarias sobre a protección da natureza céntranse na fragilidade da protección existente, coa maioría da poboación descoñecendo a protección real que se aplica á zona (ART2). Aínda que se recoñece a importancia de protexer os valores naturais, a poboación amosa escepticismo e desmotivación cara á pertenza a un espazo natural protexido.

En todo caso, estas percepcións afástanse notabelmente do paradigma naturalista que considera as serras estudadas como a quintaesencia da natureza, nomeadamente os Montes do Invernadeiro (Paül, 2011; Rodríguez Guitián, Amigo e Pulgar, 2020). Existen abondosos testemuñas desta percepción científico-académica recollidos no subapartado 1.2 mais a figura 16 exprésao graficamente.

Figura 16. O debuxo resultante da misión excursionista ao Invernadeiro de 1927.

Segundo explica Paül (2011), en 1927 realizouse unha misión excursionista de recoñecemento de varios lugares da montaña oriental galega (Montes do Invernadeiro e Os Ancares), que se fixo eco do mito dos bosques dos Montes do Invernadeiro. Desenvolvida no seo do núcleo naturalista do Seminario de Estudos Galegos, participou do debate ao redor da idade, porte, superficie e relevancia dos bosques do Invernadeiro en Galicia. Trátase dunha mostra evidente da percepción da paisaxe natural como salvaxe, prístina e intocada (Paül, 2017), nunha das escasas mostras a este respecto existentes nun país, Galicia, cuxa construción paisaxística pasa por outros argumentos de acordo con Paül (2019b) e Paül e Trillo (2022), que, en todo caso, omiten significativamente as áreas de montaña.



Fonte: Rodríguez Bouzo (1929: 727, apud Paül, 2011: 466).

Outra percepción comunitaria salientábel é a nostalxia por un pasado gandeiro asumido como de grande importancia, o que comporta un desacordo coas políticas actuais, as cales, tal e como xa se dixo, se entende que esquecen o sector primario. Os actores non ven as políticas que poderían desenvolverse neste sentido (Majoral, 1997; Pujadas e Font, 1998; Villeneuve et al., 2004).

A crítica á actuación dos GDR/GAL no territorio é outra percepción comunitaria constante. Os actores entrevistados consideran que as intervencións destes grupos focalízanse fóra das Serras de Queixa, San Mamede e Montes do Invernadeiro, de xeito que favorecen outros recursos turísticos (ART3). Isto contradí a súa, en teoría, relevante capacidade de intervención en zonas montañosas (Majoral, 1997; Pujadas e Font, 1998; Lacour e Delamarre, 2003; Collantes, 2004; Delgado Viñas e Plaza, 2012; Otero Varela e Paül, 2018).

6. CONCLUSIÓNS XERAIS

6.1. RETOMA DOS OBXECTIVOS E DAS HIPÓTESES

Tal e como xa se expuxo no subapartado 1.3, a presente investigación tivo como obxectivo xeral analizar a percepción da comunidade local acerca da ordenación, planificación e desenvolvemento territoriais aplicados nas Serras de Queixa, San Mamede e Montes do Invernadeiro desde a década de 1970 até o momento actual. O estudo encadrouse no marco teórico-metodolóxico do construtivismo social, que asume as montañas non só como elementos físico-materiais externos ás persoas, senón tamén como construcións sociais, políticas e culturais. Pensamos que este enfoque permitiu abordar a percepción local estudada desde unha perspectiva coherente e acaída para satisfacer o obxectivo fixado. Amais, para acadar o obxectivo xeral marcado, establecéronse tres obxectivos específicos, cuxa consecución concreta se revisa deseguido:

1. En relación coa análise dos enfoques institucionais deseñados para a acción no territorio de estudo, inferimos que o enfoque predominante foi de carácter esóxeno e centralizado, isto é, perseguiuse a explotación de recursos naturais territoriais desde fóra, coa complicidade, o impulso, o apoio, etc. das administración superiores, nomeadamente da Xunta de Galicia no período estudado. Foi o caso das hidroeléctricas e, de forma central nesta tese de doutoramento, do turismo, en concreto, da estación de esquí de montaña de Manzaneda. Isto imposibilitou o desenvolvemento endógeno e espontáneo das comunidades locais, nos termos establecidos por Paül (2013). Así pois, predominan os enfoques «de arriba abaixo» (*top-down*), que exclúen as comunidades locais na toma de decisións, o que xera desconfianza cara ás políticas públicas.
2. Malia as diversas iniciativas de desenvolvemento territorial máis ou menos holísticas detectadas desde os anos 1980, tales como CEOTMA (1981) ou Sayfor (2009) —véxase, a tal efecto, sobre todo o ART3—, as políticas públicas implantadas son amplamente valoradas como infrutuosas en todos os planos considerados. De feito, ambos os dous documentos (CEOTMA, 1981; Sayfor, 2009) expresan ben de que xeito se xeraron textos cun amplo abano de políticas públicas asociadas que logo non foron implantadas. Destaca notabelmente a política turística, nas máis das ocasións non verbalizada como tal, que se entende na zona como un fracaso, malia a teima das administracións por investir nela, tal e como demostra o caso da estación de esquí de Manzaneda (ART1). Amais, as políticas públicas relativas á protección do medio natural foron calculadamente ambiguas, en boa medida inconfesas e mesmo contraditorias (ART2). En todo caso, estas políticas públicas non foron participadas, o que limita xa de entrada a súa efectividade.
3. Sobre a percepción específica que os habitantes locais teñen acerca das políticas públicas implantadas, en termos xerais os testemuños traballados consideran que houbo unha ausencia delas. Alén deste primeiro plano de lectura, subliñan que estas non tiveron un impacto real. Así, o turismo vese como unha dirección fracasada e as políticas proteccionistas da natureza como unha imposición sen compensacións asociadas. Asemade,

observamos desconfianza en relación cos GDR/GAL despregados —en teoría, o vehículo privilexiado da implantación das políticas europeas—, que se perciben como inanes, inadecuados e desconectados do territorio. Detectamos moito escepticismo en relación coa capacidade real de incidir no territorio por parte das administracións actuantes. Deste xeito, a conclusión xeral neste punto é que se percibe unha desconexión absoluta entre a dimensión política pública, dunha banda, e as necesidades e vontades locais, da outra.

En correspondencia con estes obxectivos e coa xustificación inicial desenvolvida no apartado 1, a presente tese de doutoramento fundamentouse no establecemento de tres hipóteses chave. Retómanse a continuación:

1. Efectivamente, rexistramos varios enfoques institucionais sobre desenvolvemento territorial para a zona que, academicamente, fixemos corresponder con modelos identificados a nivel mundial. É o caso da estación de Manzaneda en relación cos modelos evolutivos das estacións de esquí dos Alpes franceses. No entanto, tal e como subliñamos no apartado de discusión, son moitos —se cadra, os máis— os enfoques internacionais aplicábeis que poderían estar e que non se detectaron *in situ*.
2. Demostramos que a translación dos enfoques devanditos en termos de políticas públicas efectivos resultou moi deficiente de acordo coas percepcións traballadas. Neste punto, consideramos que a xestión de espazos naturais protexidos (nomeadamente da Rede Natura 2000) non resultou en desenvolvemento territorial efectivo.
3. En efecto, valoramos a percepción comunitaria sobre o territorio de estudo como moi negativa. No entanto, cómpre indicar que, no seo deste pesimismo xeneralizado, detectamos dimensións propositivas alén da percepción preponderante, por exemplo, en termos de reconverter a estación de esquí (ART1), reconfigurar os perímetros protexidos (ART2) e tender cara a outro modelo territorial baseado no sector agrogandeiro e forestal (ART3). Este achado matiza notabelmente esta terceira hipótese.

6.2. LIMITACIÓNS DO ESTUDO

O desenvolvemento desta tese de doutoramento desde outubro de 2017 fixo patentes varias limitacións. Non está no noso ánimo estendernos innecesariamente na súa enumeración, mais coidamos que a súa explicitación no presente subapartado resulta honesta e forma parte intrínseca do proceso de aprendizaxe.

En primeiro lugar, iniciar o proceso investigador na análise específica da estación de esquí de Manzaneda, o que conduciu ao ART1, foi, visto con perspectiva, unha limitación relevante. En aparencia tratábase dun traballo abordábel, mesmo motivador como base para avanzar cara a análises máis abranguentes. No entanto, o proceso para publicar o artigo asociado resultou ser moito máis arduo do esperado, o que lastrou indefectibelmente o desenvolvemento da tese de doutoramento. Malia que a revista escollida (*Journal of Alpine Research/Revue de géographie alpine*) semellaba a máis idónea para recibir un estudo sobre unha estación de esquí, a insistencia nas roldas sucesivas de avaliación acerca da eliminación do marco teórico e, en xeral, sobre partir dun esquema dedutivo, fíxonos pór en dúbida a investigación toda. De feito, tivemos que decantar o traballo cara ao foco urbanístico para podelo considerar avaliábel na revista *Urbano*, o que seguramente tamén limitou a potencia dos argumentos iniciais, que se tiveron que reconverter e mesmo podar.

En segundo lugar, o desenvolvemento práctico da tese de doutoramento en base a tres artigos implicou ter que deixar de lado temas de gran relevancia, como o papel dos fondos europeos LEADER na (falla de) transformación dos territorios de montaña a través dos organismos GAL/GDR. Aínda que o seu rol foi considerado nos artigos, nomeadamente no ART3, unha análise máis específica e profunda a tal efecto resultaría moi axeitada. Era unha previsión inicial e non foi posíbel.


En terceiro lugar, esta tese de doutoramento apostou por unha metodoloxía cualitativa. Consideramos unha limitación non desenvolver análises económicas e cuantitativas, que, sen dúbida, constituirían un contrapunto á investigación realizada. Malia que a preferencia polo cualitativo se debe ao marco teórico-metodolóxico de partida (*vid. supra* subapartado 2.1), a triangulación co cuantitativo podería resultar moi proveitosa. E, de feito, sería máis coherente coa traxectoria académica do doutorando (*vid. supra* subapartado 1.1).

En cuarto lugar, a decisión de cinguir o estudo ao período 1975-2015 comportou outra limitación, pois hai contidos e datos de máximo interese anteriores e posteriores, tal e como se pode ver nas datas das citas dos tres artigos, nomeadamente do ART3, e nesta propia tese no subapartado 1.2. En particular, o período seleccionado resultou insuficiente para profundar nas dinámicas demográficas e económicas a medio prazo. Amais, os tres artigos recollen acontecementos posteriores a 2015.

En quinto lugar, e aínda que poida semellar un lugar común, a pandemia da COVID-19 implicou unha limitación importante, tal e como xa se indicou no subapartado 1.1. En particular, interrompeu as entrevistas e dificultou o acceso a arquivos e documentos, retrasando moitos traballos até ben entrado 2022. Estas dificultades agraváronse coas complicacións derivadas dunha tese por artigos, onde a interacción coas revistas científicas viuse lastrada.

Figura 17. Dous momentos nos que se debuxou o parque natural para a área de estudo.

Separadas por máis de tres décadas, as dúas propostas de novos parques naturais de finais dos anos 1970 e de inicios da década de 2000 debuxaban un parque natural que abranguía toda a área de estudo. Tanto nun caso como noutro cadansúas propostas ían acompañadas da declaración doutros parques en Galicia. No segundo caso, non trasladado, que saibamos, a un plan de ordenación como tal, o futuro parque natural debería incluír o xa existente dos Montes do Invernadeiro.



Fontes: CEOTMA (1979: s. n.) e *El Correo Gallego* (8/3/2007).

A sexta e última limitación ten que ver cun obxectivo non formalizado como tal mais incluído como pregunta na introdución: por que a creación dun parque natural para a zona de estudo resultou imposible, malia ser unha proposta que se puxo encima da mesa en máis dunha ocasión (figura 17)? Lamentablemente, non demos respondido esta cuestión de forma directa.

6.3. PERSPECTIVAS DE FUTURO

Unha primeira perspectiva de investigación futura que consideramos acaída se deriva precisamente da última das limitacións. En efecto, sería pertinente formular o estudo específico das causas da non cristalización do parque natural, malia as propostas detectadas ao longo do tempo (figura 17).

Outra dirección moi pertinente no sucesivo ten que ver coa comparación con outras investigacións desenvolvidas en paralelo con métodos moi semellantes acerca de realidades territoriais dentro e fóra de Galicia. É o caso, tal e como se citaba no subapartado 1.1, de achegas tales como Agrelo e Paül (2018), Cidrás e Paül (2022) ou Vila Lage (2024). Neste mesmo sentido, está a piques de finalizar a tese de doutoramento de L. M. Agrelo, centrada en dous parques naturais galegos comprometidos ou desexados, mais non implementados: Monte Pindo e Trevinca. Nesta tese de doutoramento, nomeadamente no ART3, hai moitos materiais complementarios, polo que cumpriría poñelas en común.

Outra dirección na que consideramos acaído remar é a construción dunha obra divulgativa sobre a zona de estudo. Tal e como explicamos no apartado 1.2, existe unha evidente escaseza de achegas de conxunto sobre o territorio abordado nesta tese de doutoramento. Agás Reza (2008), non hai ningún ensaio interpretativo que o trate de forma conxunta e holística. Así, resulta preciso un texto actual, con copioso material gráfico e cartográfico, que o poña de novo no mapa para o gran público, incluíndo rutas e puntos de observación, entre outros aspectos. Hai que recuperar a Xeografía de autores como Otero Pedrayo (1965, 1978), que era moi sensíbel á identidade do territorio.

Finalmente, a perspectiva de futuro principal é a aplicación dos contidos aquí xerados en termos propositivos, isto é, de deseño de novas políticas territoriais. Na Xeografía rural, as análises predominantes, en especial mediante técnicas cuantitativas, resultan por norma pesimistas (Bessière, 2012). En España, desde a invención da noción de «España baleira» por del Molino (2016) e a súa extraordinaria difusión, participase de cheo desta tendencia negativa. Cómpre contribuír a superar este ambiente derrotista. A presente tese de doutoramento achega toda unha alternativa optimista desde a base que pasa por reposicionar o sector primario —para facelo protagonista da economía da zona—, redeseñar o turismo existente —empezando pola estación de esquí de Manzaneda—, diversificándoo, e cambiar o modelo de espazos naturais protexidos —pasando de perímetros pechados en si mesmos, ás costas da súa contorna, co Parque Natural do Invernadeiro como símbolo máximo deste modelo (Paül, 2009, 2011), a ámbitos xestionados na lóxica da conservación e do desenvolvemento sustentábel—.

Desde un punto de vista teórico, o subapartado 2.2 desta tese de doutoramento ofrece moitas pistas neste sentido. Porén, o máis relevante nestas páxinas é que as propias persoas do territorio apuntan moitas destas fórmulas alternativas ante a actual situación. A zona non pode ser máis concibida como unha mera ZEC dunha Rede Natura 2000 implantada ás súas costas, por unha particular alianza tecida entre os centros de decisión en Bruxelas, Madrid e Santiago de Compostela. Tampouco as montañas analizadas deben seguir a ser consideradas unha especie de decorado invernal de uso intensivo e concentrado cinguido a cando neva —co cambio climático, dito sexa de paso, neva menos—, polo que se impón deseñar un turismo sustentábel que supere a dependencia absoluta da neve.

Resulta esencial, en fin, que a análise dos actores aos que demos voz nos tres artigos fundamente outra forma, máis endóxena e autocentrada, de desenvolvemento territorial das Serras de Queixa, San Mamede e Montes do Invernadeiro, de xeito que se dea superado a súa actual alienación. O recoñecemento explícito do seu carácter de montaña, con todo o que iso implica aos efectos de enfoques institucionais e políticas públicas, é a chave fundamental pola que se opta desde as percepcións comunitarias aquí estudadas. En todo caso, estipúlase a necesidade dun proxecto que artelle a montaña e, en gran medida, supere a súa actual desarticulación e dispersión, non só administrativa, senón dos organismos de desenvolvemento rural existentes tales como os derivados da xestión dos fondos LEADER. Neste punto, resultan pertinentes as palabras de del Biaggio (2015: 53) citadas no punto 2.2.4, que reproducimos deseguido traducidas ao galego pola súa relevancia nas conclusións desta tese de doutoramento, adaptándoas á nosa realidade de estudo:

A identidade [da montaña das Serras de Queixa, San Mamede e Montes do Invernadeiro] é tomada [...] por aqueles que [...] cren que ten sentido estratéxico, por unha razón ou por outra, formar parte dunha rede [supramunicipal/supracomarcal] [...] operando á escala [do macizo de montaña]. [...] [A]s identidades son unha cuestión de escolla e a posición xeográfica dun concello dado non predetermina a súa identidade política ou social. (del Biaggio, 2015: 53; tradución propia).

Rematamos coa cuestión irresoluta indicada máis arriba. Se volvese estar por riba da mesa a ampliación do actual Parque Natural do Invernadeiro para abranguer o conxunto das Serras de Queixa e San Mamede, como estivo cando menos en dúas ocasións entre 1975 e 2015, cumpriría implantalo cun enfoque inclusivo, participativo e conciliador, que conceda á comunidade local o temón do seu destino. Para que teña sentido, a protección da natureza debe ser combinada, en positivo, coa procura do benestar social e da sustentabilidade económica local. As persoas da montaña estiveron esquecidas, tanto no ámbito institucional como no académico, malia seren as que constrúen de forma cotiá o territorio, tal e como esta tese de doutoramento tentou modestamente subliñar. Chegou o momento de volverlles dar a capacidade de decidiren sobre a súa contorna.

6BIS. OVERALL CONCLUSIONS

6.1BIS. GETTING BACK TO THE OBJECTIVES AND HYPOTHESES

As stated in subsection 1.3, the overall objective of this research was to analyse the local community's perception of the spatial planning, management and development applied in the Queixa, San Mamede and Montes do Invernadeiro mountain ranges from the 1970s to the present day. The study was framed within the theoretical-methodological framework of social constructivism, which assumes mountains not only as physical-material elements external to people, but also as social, political and cultural constructions. We believe that this approach allowed us to approach the local perception studied from a consistent and appropriate perspective in order to meet the set objective. In addition, in order to achieve the overall objective set, three specific objectives were established, the specific achievement of which is reviewed below:

1. In relation to the analysis of the institutional approaches designed for action in the area under study, we infer that the predominant approach was of an exogenous and centralised nature, that is, the exploitation of territorial natural resources was pursued from outside, with the complicity, impulse, support, etc. of the higher governments, specifically the Galician Government in the period under study. This was the case of hydroelectric power stations and, centrally in this doctoral thesis, tourism, specifically the Manzaneda mountain ski resort. This made endogenous and spontaneous development of local communities, in the terms established by Paül (2013), impossible. Thus, top-down approaches predominate, excluding local communities in decision-making, which generates mistrust towards public policies.
2. Despite the various more or less holistic spatial development initiatives detected since the 1980s, such as CEOTMA (1981) or Sayfor (2009) — see in particular ART3 — the public policies implemented are widely considered to have been unsuccessful at all levels. In fact, both documents (CEOTMA, 1981; Sayfor, 2009) express well how plans that were generated with a wide range of associated public policies at the end have not been implemented. The tourism policy stands out, in most cases not verbalised as such, which is understood in the area as a failure, despite the administrations' desire to invest in it, as shown in the case of the Manzaneda ski resort (ART1). Moreover, public policies relating to the protection of the natural environment were calculatedly ambiguous, largely unspoken and even contradictory (ART2). In any case, these public policies were not participatory, which limits their effectiveness from the outset.
3. Regarding the specific perception that local inhabitants have of the public policies implemented, in general terms, the testimonies studied consider that there was an absence of such policies. Beyond this first reading, they highlight that these policies have not had a real impact. Thus, tourism is seen as a failed direction and nature protectionist policies as an imposition without associated compensations. Likewise, we observed mistrust in relation to the Rural Development Groups/Local Action Groups (RDGs/LAGs) deployed — in theory, the privileged vehicle for the

implementation of European policies — which are perceived as inane, inadequate and disconnected from the region. We detected a great deal of scepticism regarding the actual capacity of the administrations involved to have an impact on the region. Thus, the overall conclusion on this point is that there is an absolute disconnection between the public policy dimension, on the one hand, and local needs and willingness on the other.

In accordance with these objectives and with the initial justification developed in section 1, the present doctoral thesis is based on the establishment of three key hypotheses. These are as follows:

1. We have indeed recorded several institutional approaches to spatial development for the area which, academically, we have correlated with models identified at the global level. This is the case of the Manzaneda resort in relation to the evolutionary models of ski resorts in the French Alps. However, as we highlighted in the discussion section, there are many — perhaps even more — international approaches that could be applicable and that were not detected in situ.
2. We have shown that the transfer of the approaches mentioned in terms of effective public policies was very deficient according to the studied perceptions. On this point, we consider that the management of protected natural areas (namely the Natura 2000 Network) did not result in effective spatial development.
3. Indeed, we assessed the community's perception of the studied area as very negative. However, it should be pointed out that, within this generalised pessimism, we detected some proactive dimensions beyond the prevailing perception, for example, in terms of reconverting the ski resort (ART1), reshaping the protected areas (ART2) and moving towards another spatial model based on the agricultural, livestock and forestry industries (ART3). This finding significantly nuances this third hypothesis.

6.2BIS. LIMITATIONS OF THE STUDY

The development of this doctoral thesis since October 2017 made several limitations apparent. It is not in our intention to unnecessarily enumerate them extensively, but we try to keep their explanation in this subsection honest and intrinsic to the learning process.

Firstly, starting the research process in the specific analysis of the Manzaneda ski resort, which led to ART1, was, seen in hindsight, a relevant limitation. Apparently, it was an approachable piece of work, even motivating as a basis for moving on to more comprehensive analyses. However, the process of publishing the associated article proved to be much more arduous than expected, which inevitably hindered the development of the doctoral thesis. Although the journal chosen (*Journal of Alpine Research/Revue de géographie alpine*) seemed to be the most suitable to receive a study on a ski resort, the insistence in the successive rounds of evaluation on the elimination of the theoretical framework and, in general, on starting from a deductive framework, led us to question the entire research. In fact, we had to shift the work towards the urban planning focus in order to be able to consider the draft eligible for evaluation in the journal *Urbano*, which probably also limited the power of the initial ideas, which had to be reconverted and even trimmed.

Secondly, the practical development of the doctoral thesis on the basis of three articles meant having to leave aside issues of great relevance, such as the role of the European LEADER funds in the (lack of) transformation of mountain areas through the LAG/RDG bodies. Although their

